

O aloxamento turístico en Galicia



Turismo de Galicia

Área de Estudos e Investigación

Santiago de Compostela, maio de 2018

Índice

Índice de gráficas e táboas.....	3
<u>1. <i>Introdución</i>.....</u>	<u>6</u>
<u>2. <i>Os aloxamentos turísticos en Galicia: presentación de resultados</i></u>	<u>7</u>
2.1. Análise por Xeodestinos.....	13
2.1.1. Albergues turísticos nos xeodestinos.....	26
2.1.2. Apartamentos turísticos nos xeodestinos.....	30
2.1.3. Campamentos turísticos nos xeodestinos	33
2.1.4. Hoteis nos xeodestinos	36
2.1.5. Pensións nos xeodestinos.....	41
2.1.6. Turismo rural nos xeodestinos.....	44
2.1.7. VUT nos xeodestinos.....	48
2.1.8. Vivendas turísticas nos xeodestinos	52
2.2. Análise por Concellos.....	56
2.3. Factores estratéxicos referentes para o aloxamento turístico en Galicia: grao de urbanización, litoral/interior e Camiño de Santiago	71
2.3.1. Incidencia do grao de urbanidade no aloxamento turístico en Galicia.....	76
2.3.2. Localización en costa ou interior e capacidade da oferta	82
2.3.3. Camiño(s) de Santiago.....	87
<u>3. <i>A xeito de resumo: principais resultados</i>.....</u>	<u>94</u>
3.1. A regulación das VUT. Impacto na oferta de aloxamento turístico en Galicia.....	98
<u>4. <i>Metodoloxía</i>.....</u>	<u>101</u>
<u>5. <i>Referencias bibliográficas e web:</i></u>	<u>103</u>
<u>6. <i>Anexo I</i>.....</u>	<u>105</u>

Índice de gráficas e táboas

TÁBOA 1. OFERTA DE ALOXAMENTO TURÍSTICO EN GALICIA	7
ILUSTRACIÓN 1. CONCENTRACIÓN DOS ALOXAMENTOS TURÍSTICOS EN GALICIA.....	7
ILUSTRACIÓN 2. DISTRIBUCIÓN DOS ALOXAMENTOS TURÍSTICOS EN GALICIA	8
TÁBOA 2. ESTABLECEMENTOS, PRAZAS E MEDIA DE PRAZAS POR ESTABLECEMENTO.....	10
ILUSTRACIÓN 3. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS SEGUNDO TIPOLOXÍA	10
ILUSTRACIÓN 4. DISTRIBUCIÓN DOS ALOXAMENTOS SEGUNDO TIPOLOXÍA	10
ILUSTRACIÓN 5. PRAZAS E ESTABLECEMENTOS SEGUNDO KM ² E POBOACIÓN RESIDENTE.....	12
TÁBOA 3. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS SEGUNDO XEODESTINO	14
ILUSTRACIÓN 6. CONCENTRACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS SEGUNDO XEODESTINO	14
ILUSTRACIÓN 7. CONCENTRACIÓN DAS PRAZAS EN A CORUÑA E AS MARIÑAS, FERROLTERRA, COSTA DA MORTE E TERRAS DE SANTIAGO.....	15
ILUSTRACIÓN 8. CONCENTRACIÓN DAS PRAZAS NA MARIÑA LUCENSE, ANCARES-COUREL E LUGO E TERRA CHÁ	16
ILUSTRACIÓN 9. CONCENTRACIÓN DAS PRAZAS EN RÍA DE MUROS E NOIA, RÍA DE AROUSA E SALNÉS, DEZA-TABEIRÓS, RÍA E TERRAS DE PONTEVEDRA E VIGO E BAIXO MIÑO.....	17
ILUSTRACIÓN 10. CONCENTRACIÓN DAS PRAZAS EN O RIBEIRO, RIBEIRA SACRA, TERRAS DE OURENSE E ALLARIZ, MANZANEDA-TREVINCA, CELANOVA-LIMIA E VERÍN-VIANA.....	17
ILUSTRACIÓN 11. PRAZAS POR ESTABLECEMENTO SEGUNDO XEODESTINO.....	18
ILUSTRACIÓN 12. DISTRIBUCIÓN DE ALOXAMENTOS SEGUNDO XEODESTINO	19
TÁBOA 4. PRAZAS POR XEODESTINO SEGUNDO A TIPOLOXÍA DE ESTABLECEMENTO TURÍSTICO	20
ILUSTRACIÓN 13. RESUMO DE DATOS RELATIVOS A RESIDENTES E SUPERFICIE EN RÍA DE AROUSA E SALNÉS	22
ILUSTRACIÓN 14. PRAZAS POR CADA 100 HABITANTES SEGUNDO XEODESTINO E TIPOLOXÍA	24
ILUSTRACIÓN 15. PRAZAS POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO.....	25
ILUSTRACIÓN 16. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DOS ALBERGUES SEGUNDO XEODESTINO E ESPECIALIDADE.....	26
TÁBOA 5. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS EN ALBERGUES SEGUNDO XEODESTINO.....	27
ILUSTRACIÓN 17. PRAZAS EN ALBERGUES POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO.....	28
ILUSTRACIÓN 18. PRAZAS EN ALBERGUES POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO	29
ILUSTRACIÓN 19. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DOS APARTAMENTOS SEGUNDO XEODESTINO E CATEGORÍA	30
TÁBOA 6. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS EN APARTAMENTOS TURÍSTICOS SEGUNDO XEODESTINO	31
ILUSTRACIÓN 20. PRAZAS EN APARTAMENTOS TURÍSTICOS POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO.....	31
ILUSTRACIÓN 21. PRAZAS EN APARTAMENTOS POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO	32
ILUSTRACIÓN 22. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DOS CAMPAMENTOS SEGUNDO XEODESTINO E CATEGORÍA	33
ILUSTRACIÓN 23. PRAZAS EN CAMPAMENTOS TURÍSTICOS POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO	35
ILUSTRACIÓN 24. PRAZAS EN CAMPAMENTOS TURÍSTICOS POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO	36
ILUSTRACIÓN 25. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DOS HOTEIS SEGUNDO XEODESTINO E CATEGORÍA	37
ILUSTRACIÓN 26. HOTEIS NOS XEODESTINOS QUE ABRANGUEN AS 7 CIDADES E A SÚA CONTORNA PRÓXIMA	38
TÁBOA 8. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS HOTELEIRAS SEGUNDO XEODESTINO.....	39
ILUSTRACIÓN 27. PRAZAS EN HOTEIS POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO	40
ILUSTRACIÓN 28. PRAZAS EN HOTEIS POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO	40
29. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DAS PENSIÓNS SEGUNDO XEODESTINO E CATEGORÍA.....	42

TÁBOA 9. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS EN PENSIÓNS SEGUNDO XEODESTINO	42
ILUSTRACIÓN 30. PRAZAS EN PENSIÓNS POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO	43
ILUSTRACIÓN 31. PRAZAS EN PENSIÓNS POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO.....	44
ILUSTRACIÓN 32. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL SEGUNDO XEODESTINO E CATEGORÍA	45
TÁBOA 10. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS EN ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL SEGUNDO XEODESTINO.....	46
ILUSTRACIÓN 33. PRAZAS EN ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO.....	46
ILUSTRACIÓN 34. PRAZAS EN ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO	47
ILUSTRACIÓN 35. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DAS VUT SEGUNDO XEODESTINO	48
TÁBOA 11. ESTABLECEMENTOS E PRAZAS EN VUT SEGUNDO XEODESTINO	49
ILUSTRACIÓN 36. PRAZAS EN VUT POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO	50
ILUSTRACIÓN 37. PRAZAS EN VUT POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO.....	51
ILUSTRACIÓN 38. DISTRIBUCIÓN E CONCENTRACIÓN DAS VIVENDAS TURÍSTICAS SEGUNDO XEODESTINO E CATEGORÍA...	52
TÁBOA 12. PRAZAS EN VIVENDAS TURÍSTICAS POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO	53
ILUSTRACIÓN 39. PRAZAS EN VIVENDAS TURÍSTICAS POR CADA 100 RESIDENTES SEGUNDO XEODESTINO	54
ILUSTRACIÓN 40. PRAZAS EN VIVENDAS TURÍSTICAS POR KM ² SEGUNDO XEODESTINO	55
TÁBOA 13. PRAZAS E ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS SEGUNDO CONCELLO	57
ILUSTRACIÓN 41. CONCENTRACIÓN DE PRAZAS SEGUNDO CONCELLOS	58
ILUSTRACIÓN 42. LOCALIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS NOS MUNICIPIOS CON MAIOR OFERTA DE PRAZAS.....	59
ILUSTRACIÓN 43. AGRUPACIÓN DE CONCELLOS SEGUNDO NÚMERO DE PRAZAS.....	60
TÁBOA 14. CONCELLOS SEGUNDO PRAZAS E XEODESTINO	61
TÁBOA 15. CONCELLOS CON MAIOR OFERTA DE PRAZAS SEGUNDO TIPOLOXÍA DE ESTABLECEMENTO TURÍSTICO.....	62
ILUSTRACIÓN 44. PRAZAS POR CADA 100 HABITANTES SEGUNDO CONCELLOS	63
TÁBOA 16. CONCELLOS CON MAIOR OFERTA DE PRAZAS SEGUNDO TIPOLOXÍA DE ESTABLECEMENTO TURÍSTICO POR CADA 100 PERSOAS RESIDENTES	64
ILUSTRACIÓN 45. PRAZAS POR KM ² SEGUNDO CONCELLO.....	66
TÁBOA 17. CONCELLOS CON MAIOR OFERTA DE PRAZAS SEGUNDO TIPOLOXÍA POR KM ²	66
TÁBOA 18. COMPARATIVA DA OFERTA (PRAZAS) POR TIPOLOXÍAS DESAGREGADAS NOS CONCELLOS MÁIS TURÍSTICOS.....	67
TÁBOA 19. COMPARATIVA DA OFERTA POR TIPOLOXÍAS DESAGREGADAS NOS CONCELLOS MÁIS TURÍSTICOS	68
ILUSTRACIÓN 46. CONCENTRACIÓN DA OFERTA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.....	69
ILUSTRACIÓN 47. DISTRIBUCIÓN DOS ESTABLECEMENTOS SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN MUNICIPAL, A DEMARCACIÓN COSTEIRA OU DE INTERIOR E O PASO DALGUNHA SENDA DO CAMIÑO	72
TÁBOA 20. PRAZAS E ESTABLECEMENTOS SEGUNDO GU	76
TÁBOA 21. PRAZAS OFERTADAS SEGUNDO TIPOLOXÍAS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO EN CADA GU.....	78
ILUSTRACIÓN 48. RELACIÓN ENTRE TIPOLOXÍAS DE ESTABLECEMENTO E GU.....	79
TÁBOA 22. PRAZAS OFERTADAS SEGUNDO GU EN CADA TIPOLOXÍA DE ALOXAMENTO TURÍSTICO	79
ILUSTRACIÓN 49. RELACIÓN ENTRE GU E TIPOLOXÍAS DE ESTABLECEMENTO.....	80
TÁBOA 23. NIVEL DE ESPECIALIZACIÓN SEGUNDO TIPOLOXÍA E GU	81
ILUSTRACIÓN 50. PRAZAS POR CADA 100 RESIDENTES E POR KM ² SEGUNDO SUBGRAO DE URBANIDADE.....	81
ILUSTRACIÓN 51. CONCENTRACIÓN E LOCALIZACIÓN DO ALOXAMENTO TURÍSTICO EN LITORAL E INTERIOR.....	82

ILUSTRACIÓN 52. ACUMULACIÓN DA CAPACIDADE DE ALOXAMENTO TURÍSTICO EN ZONAS COSTEIRAS	82
TÁBOA 24. OFERTA DE ALOXAMENTO SEGUNDO LOCALIZACIÓN DENTRO E FÓRA DOS LIMIARES DO POL	83
TÁBOA 25. CONCELLOS CON MAIOR OFERTA SEGUNDO A LOCALIZACIÓN EN COSTA OU INTERIOR	83
TÁBOA 26. PRAZAS EN COSTA (POL) OU INTERIOR SEGUNDO TIPOLOXÍA.....	85
ILUSTRACIÓN 53. ALOXAMENTO SEGUNDO TIPOLOXÍAS CONCENTRADAS NO POL	85
ILUSTRACIÓN 54. PRAZAS POR CADA 100 RESIDENTES E POR KM ² EN CONCELLOS LITORAIS OU DE INTERIOR.....	86
ILUSTRACIÓN 55. MARXES DOS CAMIÑOS QUE DELIMITAN OS ESTABLECEMENTOS ASOCIADOS A CADA SENDA	87
ILUSTRACIÓN 56. PERCORRIDO DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO E CONCENTRACIÓN DAS PRAZAS	88
TÁBOA 27. OFERTA DE ALOXAMENTO TURÍSTICO NUN RADIO DE 2 KM DOS CAMIÑOS	89
TÁBOA 28. OFERTA DE ALOXAMENTO TURÍSTICO EN CADA CAMIÑO SEGUNDO DIVERSOS PARÁMETROS	90
ILUSTRACIÓN 57. LOCALIZACIÓN DE ALBERGUES NAS SENDAS DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.....	91
ILUSTRACIÓN 58. DIFERENTES MEDIDAS DA CONCENTRACIÓN DE PRAZAS EN CADA CAMIÑO.....	93
ILUSTRACIÓN 59. EVOLUCIÓN DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS EN VUT (DATOS ABSOLUTOS).....	98
ILUSTRACIÓN 60. EVOLUCIÓN DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS EN VUT (CIFRAS ABSOLUTAS).....	99
ILUSTRACIÓN 61. INCIDENCIA DAS VUT NA OFERTA DE ALOXAMENTO EN GALICIA	99

1. Introdución

Estamos nun momento no que Galicia afianza o seu atractivo turístico. O panorama futuro, coa ollada xa posta no vindeiro ano Xacobeo 2021, amosa indicios de manter esta tendencia crecente, mesmo cun aumento da intensidade no curto e medio prazo.

Sendo o turismo unha actividade cun peso importante no conxunto da economía, a análise que se presenta aporta información útil para contribuír ao benestar da cidadanía, permitindo reducir os impactos negativos (anticipando masificacións, detectando carencias, etc.) e potenciar aqueles outros que supoñan unha mellora das condicións de vida das persoas (oportunidades laborais, posta en valor dos recursos patrimoniais locais, etc.).

O presente informe ten como obxectivo estudar a oferta de aloxamento turístico actual na Comunidade, analizando o número, distribución e capacidade dos establecementos.

A fonte de información de referencia é o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (en adiante REAT) a data de 15 de maio de 2018, sometido a procesos de depuración de erros e imputacións que se explican no epígrafe [Metodoloxía](#).

A información presentada baséase na análise do aloxamento turístico legalmente rexistrado en Galicia, partindo de consideracións xerais sobre o conxunto da oferta para aproximarse a continuación á súa distribución territorial, considerando diversos niveis de agrupación. Complementariamente, analizaranse todas as tipoloxías atendendo ás súas categorías, especialidades ou modalidades, incluíndo análises relativas á poboación e á superficie do territorio segundo a área de referencia, atendendo tamén a incidencia de factores estratéxicos cunha repercusión clave para o turismo en Galicia, co fin de aportar unha fotografía actualizada do conxunto da oferta dispoñible en Galicia.

O informe comeza cunha síntese preliminar de presentación dos principais resultados, con mención especial para as vivendas de uso turístico (en adiante VUT) pola novidade e o impacto que imprimen no panorama turístico en Galicia.

2. Os aloxamentos turísticos en Galicia: presentación de resultados

A panorámica global dos aloxamentos turísticos regulados en Galicia a 15 de maio de 2018 indica a existencia de máis de 167.000 prazas repartidas nunha cantidade superior aos 9.200 establecementos.


Estas cifras amosan en si mesmas o atractivo turístico da Comunidade, que se ten incrementado de xeito sensible no último ano coa posta en funcionamento das VUT, especialmente no aumento de establecementos (máis de 5.500 novos no último ano, alcanzando o 60,8% do total), cunha repercusión inferior no número de prazas, dada a media comparativamente reducida de prazas por establecemento (5,4), pero igualmente moi significativa (superior ás 30.000 novas prazas, o 18,1% das turísticas na Comunidade). Nese senso, para a elaboración do informe inclúense as altas de VUT no REAT dende o mes de xuño do 2017 -relativa ás producidas no mes de maio anterior- ata o 15 de maio de 2018, de xeito que dispoñemos de datos nun período de 12 meses e medio para a análise desta nova tipoloxía.

Táboa 1. Oferta de aloxamento turístico en Galicia

	Poboación (IGE, 1-1-17)	Superficie (Km ²)	Establecementos	Prazas	Prazas cada 100 residentes	Prazas por km ²
Galicia	2.708.339	29.574,4	9.205	167.806	6,2	5,7


A efectos de visualización global da oferta, representamos nun mapa de calor a localización e acumulación de prazas, debendo saber que a intensidade da cor vén determinada polo punto máximo de concentración (na zona da Ría de Arousa e Salnés) que, sendo moi elevado, dilúe o peso relativo doutras zonas (que captaremos ao longo do informe con ilustracións parciais), pero aporta unha representación fidedigna de onde existe un maior potencial e/ou impacto turístico e as zonas nas que este sector ten un peso máis reducido:

Ilustración 1. Concentración dos aloxamentos turísticos en Galicia



Malia unha concentración irregular no territorio fortemente nesgada cara o litoral (tanto en número de prazas como de establecementos), a distribución do aloxamento amosa a existencia dunha importante oferta ao longo de toda a Comunidade. Con carácter estrutural e paralelo ás dinámicas de concentración da poboación no contexto de proximidade das máis grandes cidades galegas, sobresaí o percorrido da autopista AP-9, que une as cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo. O seguinte mapa de puntos, onde cada un indica a presenza dun establecemento de aloxamento turístico e o tamaño do círculo está proporcionado con respecto ás prazas dispoñibles, evidencia esta situación:

Ilustración 2. Distribución dos aloxamentos turísticos en Galicia



Con todo, a concentración na AP-9 débese en boa medida aos pesos na oferta de aloxamento de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, de xeito que non pode sombrear a importancia doutras áreas territoriais, entre as que destaca con claridade o litoral Atlántico (especialmente concentrada no xeodestino Rías Baixas), sen obviar a importancia do percorrido do Camiño Francés, así como os litorais da Mariña Lucense e da Costa da Morte.

En termos absolutos e segundo a tipoloxía de aloxamento, as prazas distribúense como se indica na táboa que continúa, sabendo que:


- a) A meirande oferta de prazas en Galicia corresponde aos hoteis (55.444), seguidos de campamentos turísticos (32.196), VUT (30.365) e pensións (21.377).
- b) Atendendo ao número de establecementos, as VUT ocupan a primeira posición pese á súa recente aparición (5.596), seguidas de pensións (1.184) e hoteis (890).
- c) A relación de prazas por establecemento sitúa en primeiro termo aos campamentos turísticos (282,4) e, xa a unha distancia sensible, os hoteis (62,3) e albergues (35,2).

Táboa 2. Establecementos, prazas e media de prazas por establecemento

	Establecementos	Establ. (%)	Prazas	Prazas (%)	Prazas por establecemento
Hoteis	890	9,7%	55.444	33,0%	62,3
Campamentos turísticos	114	1,2%	32.196	19,2%	282,4
VUT	5.596	60,8%	30.365	18,1%	5,5
Pensións	1.184	12,9%	21.377	12,7%	18,1
Albergues turísticos	367	4,0%	12.905	7,7%	35,2
Turismo rural	576	6,3%	7.123	4,2%	12,4
Apartamentos turísticos	241	2,6%	6.700	4,0%	27,8
Vivendas turísticas	237	2,6%	1.696	1,0%	7,2
Galicia	9.205	100%	167.806	100%	18,2

O estudo das tipoloxías resulta útil para definir o grao de especialización e acadará meirande valor a medida que vaíamos desagregando o conxunto de datos para Galicia en unidades territoriais inferiores. A seguinte gráfica ilustra o potencial de aloxamento das diversas tipoloxías de establecemento turístico:


Ilustración 3. Establecementos e prazas segundo tipoloxía



No conxunto de Galicia, os hoteis representan 1 de cada 3 prazas, os campamentos turísticos supoñen case 1 de cada 5 e as VUT practicamente acadan a mesma proporción. No polo oposto, as prazas en vivendas turísticas apenas superan o 1% das prazas e apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural non chegan ao 5% en cada caso.

En termos descritivos, representamos nos seguintes mapas as tipoloxías de aloxamento distribuídas segundo a localización dos establecementos que, como veremos, acadan maior identificación co territorio a medida que descendemos a xeodestinos e concellos:

Ilustración 4. Distribución dos aloxamentos segundo tipoloxía




A análise da distribución dos aloxamentos clasificados por tipoloxías permite detectar as diferentes especializacións turísticas: observamos o vencello claro de albergues e máis difuso das pensións coas sendas do Camiño, especialmente co Francés; comprobamos a ligazón co litoral de campamentos, apartamentos e VUT; a dispersión do turismo rural polo conxunto da Comunidade; a concentración dos hoteis nas áreas urbanas; ou a baixa representatividade das vivendas turísticas, con maior presenza na marxe atlántica.

Malia unha distribución irregular, considerando o conxunto de Galicia existen como promedio 5,7 prazas por km² e 6,2 por cada 100 habitantes. Estes parámetros amosan unha gran variabilidade cando descendemos do nivel autonómico a xeodestinos e municipios, onde as

características sociodemográficas e a extensión do contexto territorial de referencia condicionan a oferta, como veremos nos seguintes apartados:

Ilustración 5. Prazas e establecementos segundo km² e poboación residente



Entre os establecementos que teñen rexistrados peches estacionais, a oferta distribúese en estreita relación coa tempada estival, sendo datas de referencia os últimos días do mes de maio e, en menor medida, os de xuño para a alta do aloxamento, mentres que o fin de setembro é a data alternativa máis habitual para solicitar a baixa cando esta non se produce ao remate do ano.

A oferta característica do turismo rural (con 80% de establecementos de alta do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) e as VUT (co 74% e un meirande grao de especialización estival) son as máis heteroxéneas en canto á dispoñibilidade de aloxamento ao longo do ano; en todo caso, a fortaleza a nivel de atracción turística da tempada estival ou da semana santa representa un factor común na apertura dos establecementos. No senso oposto e segundo se indica no REAT, atopamos que o resto de establecementos manteñen a oferta de prazas ao longo do ano en máis dun 90%, co máximo nas pensións e hoteis (en ámbolos casos supera o 98%). En todo caso, é este un dato que cremos debe ir afinando a súa concreción no REAT pola tendencia a sinalar unha dispoñibilidade permanente, sabendo que existen tipoloxías como os campamentos que habitualmente están pechados unha parte importante do ano.

Malia que existen diversas posibilidades de desagregación territorial segundo unidades administrativas (comarcal, provincial, etc.) trataremos en detalle a correspondente a xeodestinos e concellos, engadindo outros niveis con vencello nas características do territorio e que poderán chegar novas dimensións de análise, isto é, o grao de urbanidade, un contexto interior ou litoral, e o tránsito dalgunha senda do Camiño de Santiago. Descendo de contextos con maior amplitude territorial aos de menor extensión, o estudo presente céntrase naqueles ítems con base no territorio que amosan meirande significatividade a nivel turístico. A continuación, comezaremos co estudo segundo xeodestinos, distribución territorial de referencia para a análise en clave turística.

2.1. Análise por Xeodestinos

Un nivel de desagregación territorial intermedio entre os datos para o conxunto de Galicia e concellos, orientado en base a criterios de carácter turístico, atende á análise da oferta segundo o



xeodestino no que se localiza (<http://www.turismo.gal/que-visitar/xeodestinos>). Esta clasificación, cun interese meirande ao doutras posibles (como a provincial ou a comarcal) ao efecto desta publicación, aconsella observar a relación de establecementos e prazas en base aos 18 subxeodestinos, derivados dos 14 xeodestinos: Rías Altas (Ferrolterra e A Coruña e As Mariñas), Costa da Morte, Terras de Santiago, Mariña Lucense, Lugo e A Terra Chá, Ancares-Courel, Ribeira Sacra, O Ribeiro, Terras de Ourense-Allariz, Celanova-Limia, Manzaneda-Trevinca, Rías Baixas (Ría de Muros e Noia, Ría de Arousa e Salnés, Ría e Terras de Pontevedra e Ría de Vigo

e Baixo Miño) e Deza-Tabeirós. Referirémonos aos 18 subxeodestinos no sucesivo como xeodestinos.

Os xeodestinos delimitan áreas territoriais cunha identidade turística diferenciada e, máis aló da maior ou menor homoxeneidade e singularidade das agrupacións de concellos, son útiles para coñecer e ordenar os fluxos turísticos, así como para determinar a existencia de distintos niveis de especialización no conxunto do territorio galego.

Os principais datos de establecementos segundo xeodestino destaca Ría de Arousa e Salnés, onde se localizan 1 de cada 4 establecementos de aloxamento turístico en Galicia (o 25,9%) e similar proporción de prazas (24,2%). Xa a unha distancia sensible, Terras de Santiago dispón dunha oferta variada en tipoloxías e relativamente concentrada na cidade de Santiago de Compostela, cun aporte importante dos concellos polos que transita o Camiño Francés. Tamén destacan no número de establecementos aqueles xeodestinos litorais nos que priman as VUT, como a Costa da Morte e a Mariña Lucense (que en consecuencia, dispoñen dos ratios inferiores de prazas por establecemento). En número de prazas, ademais de Ría de Arousa e Salnés e Terras de Santiago, sobresaen algúns xeodestinos cun maior peso de poboación e contorna urbana, especialmente Ría de Vigo e Baixo Miño e, a certa distancia aínda que por riba do resto de xeodestinos, A Coruña e As Mariñas.

A análise relativa das prazas, tanto respecto á media galega, como comparando as prazas por aloxamento e por cada 100 habitantes en cada xeodestino amosa resultados que axudan a perfilar o potencial turístico de cada un e a detectar tanto o impacto do turismo sobre a poboación local residente. Os xeodestinos que conteñen algunha das 7 grandes cidades dispoñen de índices de prazas por cada 100 habitantes entre os máis baixos, derivado das dinámicas de concentración da poboación. Nesta medición destaca á inversa Ría de Arousa e Salnés (21,2), Ancares-Courel (16), e Mariña Lucense (14). Especialmente cando non están nas áreas máis poboadas, unha oferta


relativamente ampla pondera este índice, como se observa en Ancares–Courel pola existencia de albergues, turismo de montaña e unha baixa poboación censada. No senso contrario, Ría de Arousa e Salnés e Mariña Lucense combinan unha poboación relativamente baixa, que se acentúa máis no segundo xeodestino que no primeiro, cunha importante traxectoria turística e alta capacidade de atracción, especialmente en tempada estival. Por último, con respecto ao territorio que abrangue o xeodestino, cando é reducido nunha área xa turística, o dato elévase de xeito importante, como acontece en Ría de Arousa e Salnés con 64 prazas por km².

Táboa 3. Establecementos e prazas segundo xeodestino

Xeodestino	Establ.	Establ.	Prazas	Prazas	Prazas	Prazas cada	Prazas
		(%)		(%)	por establ.	100 habitantes	por km ²
Ría de Arousa	2.381	25,9	40.577	24,2	17,0	21,2	64,0
Ría de Vigo e Baixo Miño	767	8,3	20.777	12,4	27,1	3,9	12,9
Terras de Santiago	1.025	11,1	20.441	12,2	19,9	7,6	6,7
A Coruña e As Mariñas	515	5,6	13.815	8,2	26,8	3,2	14,7
Costa da Morte	958	10,4	11.304	6,7	11,8	9,9	6,6
Ría e Terras de Pontevedra	879	9,5	11.216	6,7	12,8	4,9	10,6
Mariña Lucense	783	8,5	9.980	5,9	12,7	14,0	7,2
Lugo e a Terra Chá	342	3,7	8.758	5,2	25,6	4,6	2,1
Ferrolterra	365	4,0	7.094	4,2	19,4	3,7	4,5
Ribeira Sacra	218	2,4	4.278	2,5	19,6	7,2	1,7
Ría de Muros e Noia	221	2,4	4.019	2,4	18,2	9,5	10,1
Terras de Ourense e Allariz	142	1,5	3.403	2,0	24,0	2,2	4,3
Ancares - Courel	175	1,9	3.134	1,9	17,9	16,0	1,4
Deza - Tabeirós	125	1,4	2.109	1,3	16,9	3,3	1,4
O Ribeiro	103	1,1	2.024	1,2	19,7	4,4	2,0
Celanova - Limia	82	0,9	1.904	1,1	23,2	4,5	1,1
Manzaneda - Trevinca	69	0,7	1.768	1,1	25,6	6,0	1,3
Verín - Viana	55	0,6	1.204	0,7	21,9	3,8	0,7
Media/total Galicia	9.205	100,0	167.806	100	18,2	6,2	5,7

A representación do mapa de calor, diferenciando segundo xeodestinos e ponderando a intensidade da oferta en función das prazas dispoñibles, quedaría representada no mapa do seguinte xeito:

Ilustración 6. Concentración dos establecementos turísticos segundo xeodestino



Resalta unha acumulación importante en Ría de Arousa e Salnés, Terras de Santiago, Ría de Vigo e Baixo Miño e A Coruña e As Mariñas (entre os catro superan o 57% das prazas na Comunidade).

Amosamos a continuación unha desagregación do mapa, aplicando escalas de calor relativas ao establecemento con máis prazas, que determina a máxima concentración en cada un deles, de xeito que non son directamente comparables entre si en termos de densidade. As imaxes están agrupadas xeograficamente para facilitar a súa visualización.

Ilustración 7. Concentración das prazas en A Coruña e As Mariñas, Ferrolterra, Costa da Morte e Terras de Santiago




Ilustración 8. Concentración das prazas na Mariña Lucense, Ancares-Courel e Lugo e Terra Chá




Ilustración 9. Concentración das prazas en Ría de Muros e Noia, Ría de Arousa e Salnés, Deza-Tabeirós, Ría e Terras de Pontevedra e Vigo e Baixo Miño





Ilustración 10. Concentración das prazas en O Ribeiro, Ribeira Sacra, Terras de Ourense e Allariz, Manzaneda-Trevinca, Celanova-Limia e Verín-Viana



Analizando con maior detalle a densidade de aloxamento reflectida na representación anterior, existen varias cuestións que facemos explícitas en tanto que condicionan a interpretación dos mapas de calor:

- Os xeodestinos con maior capacidade de aloxamento ven condicionada a representación no conxunto do mesmo pola moi alta densidade que atopamos nalgúns puntos; así sucede con Ría de Arousa e Salnés (onde o peso do litoral de Sanxenxo e O Grove son condicionantes clave, existindo unha elevada oferta na contorna inmediata destes concellos) e Terras de Santiago (coa acumulación na propia cidade de Santiago de Compostela).


- Os xeodestinos que abranguen algunha das 7 grandes cidades, en maior medida (A Coruña e As Mariñas) ou menor (Ferrolterra, onde gaña peso o litoral, ou Lugo e Terra Chá, pola intensidade da oferta asociada ao Camiño, destacando localidades como Sarria) acumulan unha importante intensidade da oferta na contorna máis urbana.

- De xeito especialmente relevante na Costa da Morte, na Ría de Muros e Noia e na Mariña Lucense, o reparto da aloxamento coincide coa liña de costa, malia que é este un factor de peso común en calquera dos xeodestinos que lindan co mar.

- Existen xeodestinos cunha oferta de aloxamento máis reducida onde a densidade representada no mapa é relativamente regular debido á ausencia de aloxamentos de elevada capacidade ou á acumulación nunha zona concreta (como acontece no centro das cidades). Sucedese así nas representacións dos xeodestinos conformados polos municipios da provincia de Ourense, coa excepción do que inclúe a capital (Terras de Ourense e Allariz). Outros exemplos son Deza-Tabeirós ou Ancares-Courel, neste último caso cunha intensidade relativa máis alta pero máis repartida ao longo do territorio que abrangue debido, fundamentalmente, ao paso dos camiños Primitivo e Francés, ao excursionismo e ao atractivo do turismo de montaña.


A Ilustración 11 que continúa evidencia o peso das grandes cidades galegas na concentración de establecementos con moitas prazas, especialmente os hoteis, que están á cabeza do índice de prazas por establecemento e que abranguen, no seu marco territorial, as dúas maiores cidades galegas, isto son Vigo e A Coruña, seguidas dos xeodestinos que inclúen as capitais de provincia en Ourense e Lugo.

Ilustración 11. Prazas por establecemento segundo xeodestino



O mapa de puntos que continúa resulta de utilidade para visualizar a cobertura territorial da oferta, que se estende pola meirande parte da extensión

Ilustración 12. Distribución de aloxamentos segundo xeodestino



Tendo en conta os datos de prazas dispoñibles en cada tipoloxía de establecemento segundo o xeodestino, podemos afondar máis no perfil de especialización nunha dobre perspectiva: a) por zonas, vendo en cada tipoloxía o/s xeodestino/s que destaca/n, que correspondería cunha lectura por columnas (celas con fondo branco); b) analizar en cada xeodestino a/s tipoloxía/s con máis peso, que se correspondería cunha lectura por filas (celas sombreadas en verde). Resaltamos os datos máis destacados deste enfoque:

Táboa 4. Prazas por xeodestino segundo a tipoloxía de establecemento turístico

	Albergue	Apartam.	Campam. turístico	Hotel	Pensión	Turismo rural	VUT	Vivenda turística	Xeod./ Galicia	Total xeod.
A Coruña e As Mariñas	0,7%	4,2%	23,4%	45,8%	12,0%	0,9%	12,5%	0,4%		100%
	0,8%	8,7%	10,1%	11,4%	7,8%	1,8%	5,7%	3,0%	8,2%	
Ancares - Courel	30,0%	5,9%	14,0%	8,1%	20,5%	17,9%	1,9%	1,6%		100%
	7,3%	2,8%	1,4%	0,5%	3,0%	7,9%	0,2%	3,0%	1,9%	
Celanova - Limia	11,6%	6,6%	20,7%	27,4%	10,1%	15,3%	6,0%	2,4%		100%
	1,7%	1,9%	1,2%	0,9%	0,9%	4,1%	0,4%	2,7%	1,1%	
Costa da Morte	9,9%	5,3%	20,6%	11,9%	13,1%	3,4%	33,0%	2,8%		100%
	8,7%	9,0%	7,2%	2,4%	6,9%	5,4%	12,3%	18,8%	6,7%	
Deza - Tabeirós	12,4%	0,7%	0,0%	30,4%	18,4%	27,0%	7,8%	3,2%		100%
	2,0%	0,2%	0,0%	1,2%	1,8%	8,0%	0,5%	4,0%	1,3%	
Ferrolterra	3,8%	1,5%	25,1%	28,8%	18,8%	4,7%	16,0%	1,3%		100%
	2,1%	1,5%	5,5%	3,7%	6,2%	4,6%	3,7%	5,5%	4,2%	
Lugo e a Terra Chá	28,3%	3,2%	6,0%	30,6%	20,6%	6,0%	4,6%	0,7%		100%
	19,2%	4,2%	1,6%	4,8%	8,4%	7,4%	1,3%	3,7%	5,2%	
Manzaneda - Trevinca	10,2%	9,6%	8,7%	25,1%	32,9%	12,3%	1,3%	0,0%		100%
	1,4%	2,5%	0,5%	0,8%	2,7%	3,0%	0,1%	0,0%	1,1%	
Mariña Lucense	3,1%	7,2%	19,9%	22,9%	12,5%	4,7%	29,2%	0,6%		100%
	2,4%	10,7%	6,2%	4,1%	5,8%	6,6%	9,6%	3,4%	5,9%	
O Ribeiro	5,3%	1,6%	4,0%	46,4%	18,5%	12,9%	9,4%	1,9%		100%
	0,8%	0,5%	0,3%	1,7%	1,7%	3,7%	0,6%	2,2%	1,2%	
Ría de Arousa e Salnés	0,4%	5,6%	26,6%	34,8%	5,9%	1,2%	25,1%	0,5%		100%
	1,1%	34,1%	33,5%	25,4%	11,2%	6,7%	33,6%	12,1%	24,2%	
Ría de Muros e Noia	0,0%	6,8%	40,5%	11,0%	16,9%	3,2%	20,0%	1,6%		100%
	0,0%	4,1%	5,1%	0,8%	3,2%	1,8%	2,6%	3,7%	2,4%	
Ría de Vigo e Baixo Miño	3,2%	1,3%	33,7%	39,0%	8,3%	2,9%	11,4%	0,3%		100%
	5,1%	4,2%	21,7%	14,6%	8,0%	8,4%	7,8%	3,8%	12,4%	
Ría e Terras de Pontevedra	3,2%	4,9%	8,6%	35,8%	9,2%	4,5%	31,5%	2,3%		100%
	2,8%	8,3%	3,0%	7,2%	4,8%	7,1%	11,6%	15,3%	6,7%	
Ribeira Sacra	24,1%	2,0%	6,2%	29,6%	14,7%	14,3%	6,6%	2,4%		100%
	8,0%	1,3%	0,8%	2,3%	2,9%	8,6%	0,9%	6,0%	2,5%	
Terras de Ourense e Allariz	4,0%	0,3%	6,1%	56,6%	18,2%	2,8%	11,5%	0,3%		100%
	1,1%	0,1%	0,6%	3,5%	2,9%	1,3%	1,3%	0,6%	2,0%	
Terras de Santiago	21,7%	1,9%	2,0%	37,5%	20,3%	4,5%	11,2%	0,9%		100%
	34,3%	5,8%	1,3%	13,8%	19,4%	12,9%	7,5%	11,2%	12,2%	
Verín - Viana	13,1%	1,2%	0,0%	37,8%	40,1%	4,4%	2,1%	1,3%		100%
	1,2%	0,2%	0,0%	0,8%	2,3%	0,7%	0,1%	0,9%	0,7%	
Galicia	7,7%	4,0%	19,2%	33,0%	12,7%	4,2%	18,1%	1,0%		100%
Total tipoloxía	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	


- En A Coruña e As Mariñas destacan hoteis e campamentos turísticos, que conxuntamente suman 7 de cada 10 prazas no xeodestino. Sobre o conxunto de Galicia, esta zona concentra o 11,4% das prazas hoteleiras e o 8,2% do total.
- Ancares-Courel manifesta un nivel de especialización relativa importante en albergues, pensións e turismo rural (suman aproximadamente 7 de cada 10 prazas), cun importante vencello, dunha parte, ao percorrido dos Camiños Primitivo e, especialmente, Francés; e doutra parte, ao turismo de montaña e/ou natureza. En termos absolutos, este xeodestino concentra o 7,3% das prazas en albergues existentes en Galicia e o 7,9% do turismo rural, destacando o seu nivel de especialización nestas tipoloxías moi por riba da media que representa o xeodestino sobre o total de prazas en Galicia (1,9%).
- En Celanova-Limia, hoteis, campamentos e turismo rural son as principais tipoloxías (63,4%) no xeodestino, e o turismo rural (4,1%) e as vivendas turísticas (2,7%) son as tipoloxías que máis claramente destacan sobre a media do xeodestino con respecto ao conxunto de prazas que concentra en Galicia (1,1%).
- A Costa da Morte está especializada en VUT, cuxa regulación supón un impacto importante na súa oferta, pois supoñen o 33% das prazas. Ao igual que na totalidade dos xeodestinos de carácter litoral, os campamentos turísticos aportan un número de prazas importante (20,6%). Con respecto ao seu aporte de prazas ao conxunto da Comunidade (6,7%), destaca na oferta de VUT (12,3%) e vivendas turísticas (18,8%, sendo o xeodestino no que esta tipoloxía ten maior peso. Aínda sendo reducido en termos absolutos).
- En Deza-Tabeirós os hoteis e o turismo rural resaltan con case 6 de cada 10 prazas no xeodestino. Sobre o conxunto de Galicia, sobresa o turismo rural, acumulando o 8% das prazas (moi por riba do 1,3% das existentes nesta área sobre o conxunto da oferta en Galicia).
- En Ferrolterra hoteis, campamentos e pensións son as categorías con máis peso (concentran 3 de cada 4 prazas). O peso máis significativo sobre o total de Galicia é para as pensións (6,2%), amosando unha proporción relativamente equilibrada na maioría de tipoloxías.
- Lugo e Terra Chá manifesta un importante nivel de especialización ligado ao Camiño de Santiago (Norte, Primitivo e Francés), destacando internamente hoteis, albergues e pensións (79,5%), aínda que os albergues gañan unha importancia destacada na capacidade de aloxamento relativa e definen un nivel de especialización claro, acumulando 1 de cada 5 prazas en albergues existentes na Comunidade, sendo o destino con maior intensidade despois de Terras de Santiago. Coincide co destino de interior con maior número de prazas - novamente, coa excepción de Terras de Santiago-.
- En Manzaneda-Trevinca, as pensións son a tipoloxía máis destacada e xunto cos hoteis acumulan 3 de cada 5 prazas. Neste xeodestino non existen vivendas turísticas. Cun peso reducido no conxunto da Comunidade que apenas supera o 1%, o turismo rural coincide coa

tipoloxía de meirande peso e que mellor orienta acerca do seu nivel de especialización (3,1% do conxunto de Galicia), con vencello no turismo de alta montaña coa referencia na estación de esquí de Manzaneda.

- Na Mariña Lucense existe unha situación relativamente similar á da Costa da Morte, destaca pola importancia que adquiren as VUT (29,2%), hoteis (22,9%) e campamentos (19,9%), aínda que en termos relativos destaca nos apartamentos turísticos (10,7% dos existentes en Galicia) e nas VUT (que cun 9,6% superan tamén con creces a media de prazas que o xeodestino concentra sobre o total galego, cun índice do 5,8%).
- En O Ribeiro a maior parte das prazas acumúlanse en hoteis (46,4%), aínda que en relación ao conxunto de Galicia, o turismo rural triplica a media do aporte que este xeodestino fai á oferta de prazas en Galicia, mostrando indicios de especialización (3,7% en turismo rural fronte ao 1,2% de prazas sobre o total da oferta na Comunidade).
- Ría de Arousa e Salnés é o xeodestino con maior capacidade de aloxamento, cun incremento notable da oferta nos últimos meses asociado á regulación das VUT. Coa excepción dos albergues turísticos e, máis difusa, do turismo rural, destaca en todas as tipoloxías de aloxamento, sumando 1 de cada 4 das prazas dispoñibles en Galicia. Lidera o ránking segundo xeodestinos en varias categorías, como evidencia a súa importancia na oferta de VUT, apartamentos turísticos e campamentos turísticos (acumulando 1 de cada 3 prazas en Galicia) e hoteis (1 de cada 4). É o xeodestino a observar en termos de saturación e prevención de posibles consecuencias negativas asociadas a unha elevada capacidade de atracción turística, especialmente tendo en conta criterios relativos de prazas respecto a poboación residente e superficie.

Ilustración 13. Resumo de datos relativos a residentes e superficie en Ría de Arousa e Salnés

O xeodestino oferta 40.577 prazas
(24,2% das existentes en Galicia)
distribuídas en 2.381 establecementos
(25,9%)




- Ría de Muros e Noia manifesta con claridade un perfil de especialización importante anexo ao seu carácter litoral, dado que os campamentos turísticos agrupan o 40,5% das prazas no xeodestino. Non dispón de albergues e con respecto ao total de Galicia, os campamentos sobresaen respecto ao peso do xeodestino na Comunidade (concentra o 5,1% das prazas en campamentos fronte ao 2,4% que aporta Ría de Muros e Noia ao conxunto da oferta galega).
- Ría de Vigo e Baixo Miño é unha zona especializada en hoteis (39%) e campamentos (33,7%), que acumulan aproximadamente 3 de cada 4 prazas no xeodestino. No global para Galicia, concentra 1 de cada 5 prazas en campamentos turísticos.
- No caso de Ría e Terras de Pontevedra, hoteis (35,8%) e VUT (31,5%) concentran 2 de cada 3 prazas. Sobre o total de Galicia, está notablemente por riba da media do xeodestino (6,5%) en vivendas turísticas (15,3%) e VUT (11,6%).
- Na Ribeira Sacra destacan hoteis (29,6%) e albergues (24,1%). Xunto co atractivo intrínseco do val, a súa oferta está fortemente condicionada polo vencello co Camiño de Santiago, que repercute en que os albergues (8%) e o turismo rural (8,6%) superen con creces o aporte do xeodestino ao conxunto de prazas da Comunidade (2,6%).
- En Terras de Ourense e Allariz o nivel de especialización turística vai fortemente ligado aos hoteis (56,6% do total a oferta no xeodestino) e en menor medida ás pensións (18,2%), sendo

a primeira a tipoloxía máis destacada tamén no peso relativo sobre as prazas que o xeodestino aporta á Comunidade (o peso dos hoteis alcanza o 3,5%, sensiblemente por riba do 2% de prazas que suma ao conxunto das existentes en Galicia).

- Terras de Santiago é o segundo xeodestino de referencia. A suma de hoteis (37,5%), albergues (21,7%) e pensións (20,3%) aproxímase ás 8 de cada 10 prazas no xeodestino. En termos relativos mantén uns niveis elevados en todas as tipoloxías de establecemento (coa excepción de apartamentos turísticos, campamentos turísticos e VUT), destacando sobre o total galego na acumulación de prazas en albergues, co 34,3% (sendo o xeodestino de referencia nesta categoría). Na concentración de prazas ten unha incidencia directa o Camiño de Santiago e, en estreita relación co mesmo, o patrimonio material que concentra, así como a capacidade de atracción de feiras e eventos, con especial incidencia dos ámbitos académico, administrativo e aeroportuario da Comunidade.
- Verín-Viana é o xeodestino de menor capacidade (0,7% das prazas sobre o total da Comunidade) e non dispón de campamentos turísticos. Pensións (40,1%) e hoteis (37,8%) suman o 77,9% das prazas. Con respecto á media no xeodestino, as pensións son o establecemento máis destacado (2,3% das prazas existentes en Galicia).

Doutra parte, se buscamos referencias que nos permitan estudar a importancia relativa que a oferta de prazas ten en cada xeodestino, poñémola en relación coa suma da poboación residente nos concellos que abrangue cada un, así como coas respectivas superficies. Esta información contribúe a concretar o grao de especialización de cada xeodestino e anticipar o impacto que o turismo pode supoñer sobre as poboacións residentes nas zonas con maior potencial de atracción no sector:


Ilustración 14. Prazas por cada 100 habitantes segundo xeodestino e tipoloxía



A gráfica anterior permite confirmar, en primeiro termo, a especialización turística -en xeral- de Ría de Arousa e Salnés, que lidera de xeito destacado a pesar dunha meirande concentración de poboación que outros xeodestinos. Doutra parte, observamos o incremento na importancia relativa da oferta daqueles destinos menos poboados: sucede así de maneira especialmente intensa en Ancares-Courel. A ponderación das prazas en relación á poboación residente é salientable tamén na Mariña Lucense e, xa a distancia, na Ría de Muros e Noia e na Costa da Morte. No polo oposto, Terras de Ourense e Allariz sobresaen como xeodestino con peor ratio, pois a pesares de sumar unha maior oferta que outros xeodestinos, a concentración da poboación na contorna máis urbana da provincia pondera á baixa este indicador.

A análise das prazas por km² aporta resultados interesantes sobre a intensidade turística existente en cada xeodestino. Ría de Arousa e Salnés, cunha acumulación de prazas por km² 11 veces superior á media galega, aparece moi destacado como área na que observar a presión turística, sen que existan máis zonas que, neste nivel de desagregación territorial, podan identificarse nesta tesitura.

Ilustración 15. Prazas por km² segundo xeodestino



No polo oposto a Ría de Arousa e Salnés, os xeodestinos de carácter máis rural, entre os que se sitúan a maioría dos de meirande superficie (Lugo e Terra Chá, Ribeira Sacra, Ancares-Courel, Celanova-Limia ou Verín-Viana), concentran menos prazas no territorio que abranguen.

Nos apartados seguintes, afondaremos no estudo dos xeodestinos coa análise específica de cada tipoloxía, concretando o nivel de especialización turística en cada área territorial.

2.1.1. Albergues turísticos nos xeodestinos


Como se indica na web de Turismo de Galicia, “*son albergues turísticos aqueles establecementos que ofrecen aloxamento por praza, maioritariamente en habitacións de capacidade múltiple, con ou sen servizos complementarios*”¹.

En Galicia, atopamos 12.905 prazas repartidas en 367 albergues. A distribución e concentración dos mesmos mantén unha relación estreita coas sendas do Camiño de Santiago, especialmente daquelas máis transitadas, entre as que destaca o Francés. Ademais, debemos diferenciar entre os albergues pertencentes á rede Xacobeo, situados nas proximidades das sendas dos Camiños de Santiago en todos os casos, que son 72 e acumulan 3.313 prazas, o 25,7% das prazas en albergues; de media ofertan unha cantidade de prazas máis alta que os pertencentes á rede privada de albergues de Galicia, que suman 295 establecementos e 9.592 prazas (o 74,3%).

O seguinte mapa de puntos localiza os albergues en Galicia e preséntase acompañado da densidade da oferta. Nel obsérvase a importancia específica de Terras de Santiago e Lugo e Terra Chá, tanto no número de concellos nos que existe cando menos un albergue como na concentración dos mesmos.

Ilustración 16. Distribución e concentración dos albergues segundo xeodestino e especialidade

¹ Para coñecer en detalle as características de cada tipoloxía de aloxamento ou resolver as posibles dúbidas en termos de diferenciación poden consultarse os enlaces recollidos na ligazón seguinte <http://www.turismo.gal/espazo-profesional/informacion-e-estadisticas>, que remite á web de Turismo de Galicia e recolle as principais características de todas as tipoloxías.



Ao respecto da rede de albergues, coherentemente coa importancia turística do Camiño, a especialización transcende o ámbito territorial dos xeodestinos para cingirse a inicios de etapa e demais características dos diversos percorridos. Coa excepción de Santiago de Compostela e Lugo e a Terra Chá, que ademais están por riba da media galega en prazas por establecemento e conxuntamente concentran o 53,5% das prazas en albergues e case a metade dos establecementos, sabendo que en Santiago de Compostela existe unha proporción superior a 1 de cada 3. En todo caso, existen outros destinos nos que se manifesta a presenza importante de albergues, como a Costa da Morte e Ancares-Courel. En todo caso, as sendas do Camiño de Santiago outorgan sentido á localización dos albergues e esta cuestión prima sobre calquera outra estratexia turística no territorio para esta tipoloxía.

A seguinte táboa recolle os principais datos dos albergues en Galicia, sen que exista ningún localizado no marco territorial da Ría de Muros e Noia:

Táboa 5. Establecementos e prazas en albergues segundo xeodestino


Xeodestino	Prazas por xeodestino	Prazas por xeodestino (%)	Establ. por xeodestino	Establ. por xeodestino (%)	Prazas por establ.
Terras de Santiago	4.432	34,3%	107	29,2%	41,4
Lugo e a Terra Chá	2.476	19,2%	69	18,8%	35,9

Costa da Morte	1.120	8,7%	42	11,4%	26,7
Ribeira Sacra	1.033	8,0%	33	9,0%	31,3
Ancares - Courel	940	7,3%	27	7,4%	34,8
Ría de Vigo e Baixo Miño	662	5,1%	25	6,8%	26,5
Ría e Terras de Pontevedra	355	2,8%	11	3,0%	32,3
Mariña Lucense	305	2,4%	7	1,9%	43,6
Ferrolterra	273	2,1%	8	2,2%	34,1
Deza - Tabeirós	261	2,0%	8	2,2%	32,6
Celanova - Limia	220	1,7%	7	1,9%	31,4
Manzaneda - Trevinca	180	1,4%	4	1,1%	45,0
Verín - Viana	158	1,2%	5	1,4%	31,6
Ría de Arousa	147	1,1%	3	0,8%	49,0
Terras de Ourense e Allariz	137	1,1%	4	1,1%	34,3
O Ribeiro	108	0,8%	3	0,8%	36,0
A Coruña e As Mariñas	98	0,8%	4	1,1%	24,5
Ría de Muros e Noia	-	0,0%	-	0,0%	-
Galicia	12.905	100,0%	367	100,0%	35,2

Nos xeodestinos polos que pasa unha senda menos transitada ou nos que non se atopan finais de etapa, o peso dos albergues é moi reducido, tanto en termos de prazas como de establecementos.


Para dar conta do impacto e a incidencia que este perfil de aloxamento turístico ten en cada xeodestino consideramos as prazas ofertadas por cada 100 habitantes residentes, malia que este recurso de aloxamento turístico está orientado a un perfil moi concreto –polas características da viaxe, o tempo de permanencia, as dinámicas de gasto, etc.-. A seguinte gráfica reafirma a importancia que os albergues teñen en Ancares-Courel e, con menor peso en termos absolutos, existe tamén un ratio elevado no xeodestino Ribeira Sacra. Terras de Santiago e Lugo e Terra Chá son outras zonas que destacan nesta tipoloxía aínda que, polo xeral, as zonas que abranguen as grandes cidades galegas -e polo tanto máis urbanas- teñen, proporcionalmente, un número moi inferior de prazas en albergues respecto á media da poboación residente en Galicia (0,4), coa excepción dos xeodestinos que inclúen as cidades de Lugo e Santiago de Compostela polas razóns xa expostas.

Ilustración 17. Prazas en albergues por cada 100 residentes segundo xeodestino



Relativizando os xeodestinos en función da súa extensión, comprobamos a importancia de Terras de Santiago, que dobra sobradamente aos seguintes xeodestinos ordenados segundo esta variable. Na comparación cos datos relativos á poboación, destinos destacados como Ribeira Sacra ou Ancares-Courel pasan a estar por debaixo da media galega, gañando peso outros con maior concentración das prazas nunha inferior superficie como os (sub-)xeodestinos das Rías Baixas (Ría de Vigo e Baixo Miño, Ría e Terras de Pontevedra ou Ría de Arousa).

Ilustración 18. Prazas en albergues por km² segundo xeodestino




2.1.2. Apartamentos turísticos nos xeodestinos

Os apartamentos turísticos refírense a “inmobles integrados en bloques de pisos ou en conxuntos de unidades aloxativas tales como chalés, bungalows e aquelas outras edificacións semellantes que estean destinados na súa totalidade ao aloxamento turístico, sen carácter de residencia permanente. Cada unidade aloxativa estará dotada de instalacións e servizos adecuados para a conservación, elaboración e consumo de alimentos e bebidas”

(<http://www.turismo.gal/espazo-profesional/informacion-e-estadisticas>).

Existen na Comunidade 241 apartamentos que ofertan 6.700 prazas. Agrupando as categorías de 2 e 3 chaves, os apartamentos non chegan ao 30%, namentres que os de 1 chave superan os 7 de cada 10; estas diferenzas redúcense atendendo á capacidade. Segundo a súa categoría, o 58,5% das prazas correspóndense con 1 chave (e o 72,6% de establecementos), o 24,4% con 2 (19,5% de apartamentos) e o 17,1% con 3 (7,9% de apartamentos). A representación dos datos permite comprobar a predominancia do litoral na súa localización e concentración, especialmente na contorna atlántica occidental (con especial incidencia nas Rías Baixas) e o Cantábrico lucense.

Ilustración 19. Distribución e concentración dos apartamentos segundo xeodestino e categoría



Máis aló da localización dos apartamentos turísticos, que xa amosa unha notable concentración no litoral da Comunidade, comprobamos que existe unha intensificación da oferta de aloxamento se poñemos o foco nas prazas, que remarcen a especialización territorial na costa. En concreto, os 8 xeodestinos que lindan co mar concentran máis do 80% das prazas dispoñibles en apartamentos turísticos.


En concreto, Ría de Arousa e Salnés destaca de xeito notable na oferta de prazas (1 de cada 3) e de establecementos (1 de cada 4). Os xeodestinos de carácter rural e interior, especialmente os localizados na provincia de Ourense, dispoñen dunha oferta escasa en apartamentos.

***Táboa 6.** Establecementos e prazas en apartamentos turísticos segundo xeodestino*

Xeodestino	Prazas	Prazas (%)	Establecementos	Establ. (%)	Prazas por establ.
Ría de Arousa	2.283	34,1%	64	26,6%	35,7
Mariña Lucense	717	10,7%	25	10,4%	28,7
Costa da Morte	604	9,0%	30	12,4%	20,1
A Coruña e As Mariñas	580	8,7%	11	4,6%	52,7
Ría e Terras de Pontevedra	554	8,3%	17	7,1%	32,6
Terras de Santiago	390	5,8%	28	11,6%	13,9
Lugo e a Terra Chá	280	4,2%	8	3,3%	35,0
Ría de Vigo e Baixo Miño	279	4,2%	7	2,9%	39,9
Ría de Muros e Noia	274	4,1%	11	4,6%	-
Ancares - Courel	186	2,8%	12	5,0%	15,5
Manzaneda - Trevinca	169	2,5%	3	1,2%	56,3
Celanova - Limia	125	1,9%	7	2,9%	17,9
Ferrolterra	103	1,5%	6	2,5%	17,2
Ribeira Sacra	86	1,3%	6	2,5%	14,3
O Ribeiro	32	0,5%	2	0,8%	16,0
Verín - Viana	14	0,2%	2	0,8%	7,0
Deza - Tabeirós	14	0,2%	1	0,4%	14,0
Terras de Ourense e Allariz	10	0,1%	1	0,4%	10,0
Galicia	6.700	100,0%	241	100,0%	27,8

Relacionar o peso –en prazas– dos apartamentos turísticos en cada xeodestino coa poboación residente, permítenos afondar no impacto do turismo sobre a poboación local.


***Ilustración 20.** Prazas en apartamentos turísticos por cada 100 residentes segundo xeodestino*



Novamente destaca o xeodestino Ría de Arousa e Salnés, seguido de Mariña Lucense, pero mudan as distribucións relativas, gañando peso Ancares–Courel, Ría de muros e Noia ou Manzaneda-Trevinca. A distribución amosa diferenzas baixas interrexionais, comparativamente co resto de tipoloxías estudadas.

Considerando os apartamentos turísticos en relación á superficie das áreas territoriais, comezamos a observar o enorme atractivo turístico de Ría de Arousa e Salnés. A significativa oferta existente dá conta da elevada demanda, que ademais podemos considerar un fenómeno crecente e actual, como evidencia o crecente incremento de prazas, cuestión que se evidenciará coas VUT.

Ilustración 21. Prazas en apartamentos por km² segundo xeodestino



2.1.3. Campamentos turísticos nos xeodestinos


O perfil dos campamentos turísticos correspóndese con aquel establecemento “*destinado a facilitar a estadia temporal en tendas de campaña, caravanas, autocaravanas ou calquera elemento semellante facilmente transportable, así como doutras instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal que sexan explotadas polo mesmo titular do campamento*”

(<http://www.turismo.gal/espazo-profesional/informacion-e-estadisticas>).

As prazas en campamentos turísticos en Galicia alcanzan as 32.196, distribuídas en 114 establecementos. De entre as tipoloxías turísticas, os campamentos concentran o maior número de prazas por establecemento (282,4) e podemos diferenciar entre campamentos turísticos de 1ª categoría (que concentran o 39,7% das prazas) ou 2ª (co 60,3%).

A contorna de Ría de Arousa e Salnés (que destaca sobre todo pola disposición de moitos establecementos cunha media relativamente baixa) e Ría de Vigo e Baixo Miño (con menos establecementos pero un ratio elevado de prazas ofertadas en cada un), ambos no litoral da provincia de Pontevedra, destacan claramente na Comunidade. A Coruña e As Mariñas, na costa da provincia coruñesa, é o 3º destino en prazas e o segundo en establecementos, destacando a concentración na contorna da cidade de A Coruña.

Ilustración 22. Distribución e concentración dos campamentos segundo xeodestino e categoría



Como evidencia a seguinte táboa, existen 8 xeodestinos que conxuntamente suman 14 campamentos turísticos e o 7,4% das prazas; ademais, existen outros dous sen campamentos (Verín-Viana e Deza-Tabeirós). No senso oposto, Ría de Arousa e Salnés, Ría de Vigo e Baixo Miño e A Coruña e As Mariñas acumulan o 65,3% das prazas e o 53,4% dos campamentos, supoñendo unha parte importante da oferta en Galicia. Novamente, sobresaíe Ría de Arousa e Salnés que contén un terzo das prazas, superando as 10.000 nesta tipoloxía. Nesta tipoloxía, a suma das prazas acumuladas en 9 concellos do litoral de Pontevedra supera o 45% das existentes en Galicia: Sanxenxo, O Grove, Baiona, Nigrán, A Guarda, Oia, Vilanova de Arousa, Cangas e A Illa de Arousa (pertencentes aos xeodestinos de Ría de Arousa e Salnés, Ría e Terras de Pontevedra e Ría de Vigo e Baixo Miño).

Táboa 7. Establecementos e prazas en campamentos turísticos segundo xeodestino


Xeodestino	Prazas	Prazas (%)	Establ.	Establ. (%)	Prazas por establ.
Ría de Arousa e Salnés	10.778	33,5	33	28,9	326,6
Ría de Vigo e Baixo Miño	6.996	21,7	11	9,6	636
A Coruña e As Mariñas	3.237	10,1	17	14,9	190,4
Costa da Morte	2.329	7,2	8	7	291,1
Mariña Lucense	1.991	6,2	7	6,1	284,4
Ferrolterra	1.784	5,5	10	8,8	178,4

Ría de Muros e Noia	1.629	5,1	7	6,1	232,7
Ría e Terras de Pontevedra	963	3	7	6,1	137,6
Lugo e a Terra Chá	527	1,6	3	2,6	175,7
Ancares - Courel	439	1,4	3	2,6	146,3
Terras de Santiago	419	1,3	1	0,9	419
Celanova - Limia	394	1,2	2	1,8	197
Ribeira Sacra	267	0,8	2	1,8	133,5
Terras de Ourense e Allariz	209	0,6	1	0,9	209
Manzaneda - Trevinca	153	0,5	1	0,9	153
O Ribeiro	81	0,3	1	0,9	81
Deza - Tabeirós	0	0	0	0	0
Verín - Viana	0	0	0	0	0
Galicia	32.196	100	114	100	282,4

De maneira aínda máis pronunciada que nos apartamentos turísticos, comprobamos a ligazón dos campamentos con destinos de costa, evidenciado en que mesmo un xeodestino de gran potencial turístico en todas as tipoloxías como Terras de Santiago -o 2º no número total de prazas e establecementos na clasificación dos 18, tamén coa 2ª media de prazas por establecemento máis elevada, sendo 419- ten un peso relativamente baixo. Ría de Vigo e Baixo Miño destaca no número de prazas (case alcanza as 7.000) e no reparto por establecemento (o máis elevado con 636); nesa mesma tendencia, A Coruña e As Mariñas dispón de menor intensidade en prazas pero elevada en establecementos (con 17, sendo o 2º xeodestino neste parámetro).

Respecto á poboación, existe unha ampla oferta de prazas en Ría de Arousa, seguida de Ría de Muros. No polo oposto, á marxe de Deza-Tabeirós e Verín-Viana onde non existen campamentos, Terras de Ourense e Allariz, Terras de Santiago, O Ribeiro, Lugo e Terra Chá, Ría e Terras de Pontevedra, Ribeira Sacra e Manzaneda-Trevinca non alcanzan a metade da media galega (1,2).


Ilustración 23. Prazas en campamentos turísticos por cada 100 residentes segundo xeodestino



A estreita relación da localización dos campamentos na marxe litoral dos xeodestinos, ligada ao atractivo turístico de cada un, fai que sexa esta unha das tipoloxías onde máis destaca Ría de

Arousa e Salnés (cun índice de 17 prazas por km² sitúase 15 veces por riba da media galega), tanto na acumulación de aloxamentos e prazas como na diferenza con respecto a outros xeodestinos. Tamén cun indicador elevado de prazas por km² atopamos Ría de Vigo e Baixo Miño, Ría de Muros e Noia e A Coruña e As Mariñas. No outro extremo, entre os 10 establecementos que dispoñen dun ratio inferior a 0,4 prazas por km² están os 10 de interior, 8 dos 9 que abranguen superficie relativa ás provincias de Lugo (só coa excepción da Mariña Lucense) e Ourense, aos que se suman Deza-Tabeirós e Terras de Santiago, que son os únicos xeodestinos de interior de Pontevedra e A Coruña, respectivamente, nos que non se localizan campamentos. Esta análise da ausencia reafirma a vinculación entre o litoral e os campamentos turísticos.

Ilustración 24. Prazas en campamentos turísticos por km² segundo xeodestino



2.1.4. Hoteis nos xeodestinos

Falamos de hoteis para referirmos a aqueles establecementos turísticos de aloxamento turístico “con ou sen comedor e outros servizos complementarios, que ocupen a totalidade dun ou de varios edificios, ou unha parte independizada deles, cuxas dependencias constitúan unha explotación homoxénea, con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo, e que reúnan os requisitos técnicos mínimos en función da súa categoría, que se determinarán regulamentariamente”.

Cun total de 55.444 prazas e unha media de 62,3 prazas por establecemento, son a primeira tipoloxía de aloxamento turístico oferente de prazas e a segunda con maior oferta de prazas por establecemento. Os 890 hoteis que figuran no REAT preséntanse segundo a categoría de cada un, que vai de 1 a 5 estrelas: os de 1 estrela agrupan o 19,9% das prazas, os de 2 estrelas o 27,9%, os de 3 estrelas o 21,1%, os de 4 estrelas o 28,2%, e os 8 hoteis de 5 estrelas suman o 2,9% das prazas. En


todo caso, cabe indicar a inexistencia de hoteis de 5 estrelas nas provincias de Lugo e Ourense e a súa reducida presenza no conxunto da Comunidade, sendo en total 5 na provincia da Coruña e 3 na de Pontevedra.

Ría de Arousa e Salnés destaca tamén nos hoteis concentrando 1 de cada 4 prazas, malia a estar presentes ao longo de toda a xeografía galega -cando menos atoparemos unha decena no xeodestino con inferior intensidade-. Existe unha acumulación de prazas nas contornas máis urbanas (7 grandes cidades), de maneira moi clara no conxunto das Rías Baixas e de xeito destacado no contexto de proximidade a Vigo e Pontevedra, diminuindo a intensidade progresivamente a medida que focalizamos en Santiago e A Coruña e a súa zona metropolitana, quedando con menor intensidade, aínda que perceptibles, as cidades de Lugo, Ourense e Ferrol. Coa excepción de Ría de Muros e Noia, Manzaneda-Trevinca, Costa da Morte e Ancares-Courel, os hoteis coinciden coa tipoloxía de aloxamento turístico que máis prazas oferta en todos os xeodestinos.

Na representación da localización dos hoteis, agrupamos os de 4 e 5 estrelas fronte aos de 1, 2 ou 3 para acadar representatividade, nitidez gráfica e manter certas pautas de agrupación aconselladas polas características das categorías. A característica común que máis prima ten que ver coa urbanidade, destacando os xeodestinos que agrupan ás cidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, que ademais reúnen unha proporción maioritaria de establecementos de 4 e 5 estrelas (como vimos dicindo, todos os de máxima categoría se localizan nalgunha destas cidades). En todo caso, a categoría con máis peso é a de 2 estrelas (27,9%) e os establecementos de 1, 2 ou 3 acumulan o 68,9% do total de prazas, existindo certa relación entre o tamaño do hotel e o da poboación residente no xeodestino.


Como dicíamos, o xeodestino Ría de Arousa e Salnés, que combina a proximidade a zonas urbanas -especialmente Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela- cun atractivo turístico propio, mantense á cabeza dos xeodestinos en prazas e establecementos, aínda que ten un ratio de prazas por establecemento inferior ás zonas máis urbanas. Tamén resalta o mapa de calor a importancia de urbes que, como Lugo e Ourense, teñen unha maior intensidade de hoteis concentrados na capital de provincia que outras tipoloxías.

Ilustración 25. Distribución e concentración dos hoteis segundo xeodestino e categoría



Dada a concentración urbana da oferta hoteleira, existe un nivel intermedio entre xeodestino e concello nalgúns áreas de influencia. Mentres que en Lugo, Ourense ou Santiago de Compostela a concentración urbana dos hoteis vén marcada pola posición das respectivas capitais de provincia e galega, existen casos onde a influencia se estende a outros concellos comprendidos no xeodestino e próximos ás cidades: no caso de Ferrolterra, son os municipios de Ferrol e Narón os que concentran a oferta; en A Coruña e As Mariñas, ademais da cidade, acadan importancia municipios próximos como Oleiros ou Sada; en Ría e Terras de Pontevedra, Poio supón un referente; e na Ría de Vigo e Baixo Miño, destinos como Nigrán e Baiona suman establecementos hoteleiros na contorna da cidade máis poboada de Galicia.

Ilustración 26. Hoteis nos xeodestinos que abranguen as 7 cidades e a súa contorna próxima



Como vén acontecendo cos apartamentos e os campamentos turísticos, Ría de Arousa e Salnés concentra unha proporción destacada de prazas e establecementos hoteleiros (1 de cada 4 en Galicia sitúase na superficie que abarca este xeodestino). Os xeodestinos máis urbanos acumulan a meirande proporción de prazas por establecemento, especialmente A Coruña e As Mariñas, pero tamén Ría de Vigo e Baixo Miño e Terras de Santiago ofertan máis prazas do que lles correspondería en base aos establecementos. Nos hoteis, os xeodestinos cun carácter máis eminentemente rural posúen unha relación reducida de establecementos e inferior proporción de prazas.


Táboa 8. Establecementos e prazas hoteleiras segundo xeodestino

	Prazas	Prazas (%)	Establ.	Establ. (%)	Prazas por establ.
Ría de Arousa e Salnés	14.102	25,4%	223	25,1%	63,2
Ría de Vigo e Baixo Miño	8.097	14,6%	112	12,6%	72,3
Terras de Santiago	7.661	13,8%	107	12,0%	71,6
A Coruña e As Mariñas	6.332	11,4%	64	7,2%	98,9

Ría e Terras de Pontevedra	4.012	7,2%	70	7,9%	57,3
Lugo e a Terra Chá	2.677	4,8%	39	4,4%	68,6
Mariña Lucense	2.285	4,1%	50	5,6%	45,7
Ferrolterra	2.042	3,7%	34	3,8%	60,1
Terras de Ourense e Allariz	1.928	3,5%	34	3,8%	56,7
Costa da Morte	1.342	2,4%	39	4,4%	34,4
Ribeira Sacra	1.267	2,3%	29	3,3%	43,7
O Ribeiro	939	1,7%	15	1,7%	62,6
Deza - Taboairós	642	1,2%	13	1,5%	49,4
Celanova - Limia	522	0,9%	10	1,1%	52,2
Verín - Viana	455	0,8%	13	1,5%	35,0
Manzaneda - Trevinca	444	0,8%	12	1,4%	37,0
Ría de Muros e Noia	443	0,8%	13	1,5%	34,1
Ancares - Courel	254	0,5%	13	1,5%	19,5
Galicia	55.444	100,0%	890	100,0%	62,3


En relación coa poboación residente, as prazas dispoñibles en hoteis evidencian o carácter eminentemente turístico do xeodestino Ría de Arousa e Salnés, que dispón dunha proporción superior ás 7 prazas por cada 100 habitantes, moi por riba da media galega (2). En todo caso, mesmo nos xeodestinos con menor incidencia do turismo, existe certa regularidade nas prazas dispoñibles, pois aproxímanse a 1 por cada 100 habitantes, estando 14 dos 18 xeodestinos cunha oferta de entre 1 e 2.

Ilustración 27. Prazas en hoteis por cada 100 residentes segundo xeodestino



A superficie dos xeodestinos incrementa o peso da oferta en proporción inversa á extensión, como acontece en Ría de Arousa e Salnés (10 veces superior á media galega). En todo caso, destacan os xeodestinos máis urbanos, dato de interese tendo en conta a extensión ampla dalgúns como Ría de Vigo e Baixo Miño, Terras de Santiago ou, co meirande tamaño, Lugo e Terra Chá. Á inversa e coa excepción de Ría de Arousa e Salnés, os xeodestinos que non inclúen un dos 7 municipios máis poboados arrojan un índice inferior á media galega.

Ilustración 28. Prazas en hoteis por km² segundo xeodestino




2.1.5. Pensións nos xeodestinos

Esta categoría remite a “establecementos que ofrezan aloxamento con ou sen comedor e outros servizos complementarios e teñan unha estrutura e unhas características que lles impidan acadar os requisitos e as condicións esixidas para os hoteis”.

As pensións conforman a segunda categoría con maior número de establecementos de aloxamento turístico (1.184, só superadas polas VUT) e a terceira en número de prazas (21.377). Existen tres categorías, sendo os de 1 estrela (co 44,5% das prazas) e os de 2 (co 42,9%) a absoluta maioría, e os de 3 estrelas os menos frecuentes (12,5%). Ao igual que os hoteis, a distribución das pensións amosa unha regularidade ao longo do territorio galego e unha maior concentración nas cidades (sobresaínte en Santiago de Compostela) e no seu entorno de proximidade, existindo ademais outros ámbitos de influencia específicos, como a máis intensa localización no percorrido dos Camiños de Santiago. Ademais, estes aloxamentos constitúen unha tipoloxía moi versátil que se adapta ben ás características do entorno, cubrindo en ocasións necesidades de aloxamento que, noutros contextos - máis urbanos, máis poboados, por cuestións administrativas, etc.-, irían ligadas a hoteis, albergues ou establecementos de turismo rural.

As pensións concentran o 12,7% das prazas orientadas ao turismo en Galicia. Teñen un peso importante nos xeodestinos da provincia da Coruña, que conxuntamente suman case a metade das prazas e cuxo peso relativo se incrementa progresivamente a medida que a categoría da pensión vai de 1 a 3 estrelas. É a tipoloxía con maior oferta de prazas en Manzaneda-Trevinca e, despois dos hoteis, mantén unha oferta importante en xeodestinos de carácter rural e cunha menor especialización turística tales como Ferrolterra, O Ribeiro, Terras de Ourense e Allariz e Verín-Viana. En Ría de Muros e Noia tamén son a segunda tipoloxía en importancia, por detrás das prazas en campamentos turísticos.

29. Distribución e concentración das pensións segundo xeodestino e categoría



A oferta de prazas incrementase coa categoría, dado que as pensións de 1 estrela superan o 50% de establecementos e o 44% das prazas, mentres que as de 3 estrelas suman o 12,5% de prazas superando lixeiramente o 10% de establecementos.

Terras de Santiago destaca sobre o resto de xeodestinos, concentrando case 1 de cada 5 prazas do total da Comunidade e unha proporción similar de establecementos, e a continuación está Ría de Arousa e Salnés, xa 8 puntos porcentuais por debaixo. As zonas comprendidas en xeodestinos montañosos do interior, especialmente da provincia de Ourense, amosan un inferior peso das pensións, aínda que as diferenzas territoriais de prazas ou establecementos non son tan amplas como noutras tipoloxías, sendo un recurso turístico que podemos considerar regularmente distribuído polo territorio.


Táboa 9. Establecementos e prazas en pensións segundo xeodestino

	Prazas	Prazas (%)	Establ.	Establ. (%)	Prazas por establ.
Terras de Santiago	4.141	19,4%	230	19,4%	18,0
Ría de Arousa	2.384	11,2%	126	10,6%	18,9

Lugo e a Terra Chá	1.801	8,4%	103	8,7%	17,5
Ría de Vigo e Baixo Miño	1.719	8,0%	96	8,1%	17,9
A Coruña e As Mariñas	1.657	7,8%	84	7,1%	19,7
Costa da Morte	1.479	6,9%	90	7,6%	16,4
Ferrolterra	1.332	6,2%	68	5,7%	19,6
Mariña Lucense	1.243	5,8%	63	5,3%	19,7
Ría e Terras de Pontevedra	1.030	4,8%	61	5,2%	16,9
Ría de Muros e Noia	679	3,2%	32	2,7%	21,2
Ancares - Courel	643	3,0%	49	4,1%	13,1
Ribeira Sacra	628	2,9%	40	3,4%	15,7
Terras de Ourense e Allariz	621	2,9%	28	2,4%	22,2
Manzaneda - Trevinca	582	2,7%	29	2,4%	20,1
Verín - Viana	483	2,3%	24	2,0%	20,1
Deza - Tabeirós	389	1,8%	25	2,1%	15,6
O Ribeiro	374	1,7%	24	2,0%	15,6
Celanova - Limia	192	0,9%	12	1,0%	16,0
Galicia	21.377	100,0%	1.184	100,0%	18,1


Se a relacionamos coa poboación residente, esta tipoloxía de establecemento turístico ten un meirande peso en destinos nos que a oferta total de prazas é inferior en termos absolutos, pero onde as pensións pondéranse positivamente respecto á poboación residente, como sucede en Ancares-Courel, Manzaneda-Trevinca ou Verín-Viana. A menor entidade poboacional dos núcleos que conforman os xeodestinos anteriores (os 3 que concentran menor poboación) así como a súa localización no sureste e interior da Comunidade son atributos comúns. Nun senso oposto, as contornas máis urbanas teñen un peso máis baixo, exceptuando Terras de Santiago (cun importante peso do municipio de Santiago de Compostela, que acumula aproximadamente o 55% do xeodestino), onde as pensións se adaptan ben á demanda turística, entre outras causas pola relación entre esta tipoloxía e o Camiño.

Ilustración 30. Prazas en pensións por cada 100 residentes segundo xeodestino



As prazas por km² reflicten novamente a capacidade de aloxamento turístico existente en Ría de Arousa e Salnés, destacando como destino a pesar da dispersión das pensións, que reflicte unha distancia baixa -sensiblemente inferior á doutros establecementos-. Outros xeodestinos a resaltar, onde o factor determinante se relaciona máis cunha inferior superficie que cunha especialización, son Ría de Muros e Noia ou A Coruña e As Mariñas.

Ilustración 31. Prazas en pensións por km² segundo xeodestino



2.1.6. Turismo rural nos xeodestinos


O turismo rural refírese a “edificacións situadas no medio rural que, polas súas especiais características de construción, localización e singularidade ou antigüidade, prestan servizos de aloxamento turístico. Sen prexuízo do establecido na normativa urbanística, estes establecementos poderán estar situados en solo de núcleo rural, en asentamentos tradicionais de menos de 500 habitantes cuxo solo estea clasificado como solo urbano ou en solo rústico”.

En Galicia o turismo rural oferta 7.123 prazas distribuídas en 576 establecementos. Repartidos en cada categoría, a correspondente ao Grupo b acumula o 68,5% das prazas, namentres que Grupo a suma o 19,6%, sendo as categorías Grupo c e Grupo d moi reducidas, respectivamente co 9,5% e o 2,4%.

A configuración dos asentamentos de poboación en Galicia, caracterizados pola dispersión e un elevado índice de ruralidade, motiva a existencia de áreas rurais mesmo nos termos municipais das sete grandes cidades, existindo establecementos de turismo rural distribuídos por todo o territorio. É por iso que existen xeodestinos como Terras de Santiago ou Ría de Vigo e Baixo Miño que acumulan unha parte importante dos mesmos sen que a inclusión das cidades contribúa a diminuír esa tendencia. Coa excepción dos xeodestinos de A Coruña e As Mariñas e Terras de Ourense e Allariz, un maior grao de urbanidade non implica unha menor oferta de prazas en

establecementos de turismo rural. Advertir que, en relación a outros mapas de densidade ponderados por prazas, a intensidade elevada e distribuída por toda Galicia que se observa no seguinte débese fundamentalmente a dúas condicións: dunha parte, a área de máxima densidade vén dada polo punto máximo e, posto que os establecementos de turismo rural ofertan un menor e menos variable número de prazas que outras categorías, tanto en valores medios como máximos, existen inferiores diferenzas interrexionais, de aí que a coloración da densidade sexa máis constante no xeodestino; doutra parte, ao igual que acontece coas pensións ou os hoteis e malia dispoñer dunha oferta inferior en prazas e establecementos que estas tipoloxías, a distribución tamén é bastante regular no territorio, sen que se detecten acumulacións importantes.

Ilustración 32. Distribución e concentración dos establecementos de turismo rural segundo xeodestino e categoría



Segundo a modalidade, atopamos unha distribución equilibrada de establecementos compartidos (305) e non compartidos (271).

A media de prazas por establecemento é relativamente estable con independencia da localización, estando en todos os xeodestinos entre 10,6 (Verín-Viana) e 14,2 (Mariña Lucense). Comprobamos que o carácter máis ou menos rural que puideramos atribuír a cada xeodestino non


implica necesariamente unha maior proporción desta tipoloxía, como referimos coas contornas urbanas, pero tamén sucede á inversa, en casos nos que previsiblemente podería existir unha especialización turística nesta liña e, sen embargo, non están en disposición dunha oferta importante, como sucede con Verín-Viana ou Manzaneda-Trevinca.

Táboa 10. *Establecementos e prazas en establecementos de turismo rural segundo xeodestino*

	Prazas	Prazas (%)	Establ.	Establ. (%)	Prazas por establ.
Terras de Santiago	916	12,9%	78	13,6%	11,7
Ribeira Sacra	612	8,6%	45	7,8%	13,6
Ría de Vigo e Baixo Miño	595	8,4%	51	8,9%	11,7
Deza - Tabeirós	570	8,0%	49	8,5%	11,6
Ancares - Courel	560	7,9%	52	9,0%	10,8
Lugo e a Terra Chá	529	7,4%	39	6,8%	13,6
Ría e Terras de Pontevedra	506	7,1%	42	7,3%	12,0
Ría de Arousa e Salnés	478	6,7%	39	6,8%	12,3
Mariña Lucense	469	6,6%	33	5,7%	14,2
Costa da Morte	384	5,4%	30	5,2%	12,8
Ferrolterra	330	4,6%	26	4,5%	12,7
Celanova - Limia	291	4,1%	22	3,8%	13,2
O Ribeiro	261	3,7%	22	3,8%	11,9
Manzaneda - Trevinca	217	3,0%	16	2,8%	13,6
A Coruña e As Mariñas	129	1,8%	10	1,7%	12,9
Ría de Muros e Noia	127	1,8%	10	1,7%	12,7
Terras de Ourense e Allariz	96	1,3%	7	1,2%	13,7
Verín - Viana	53	0,7%	5	0,9%	10,6
Galicia	7.123	100,0%	576	100,0%	12,4


Os resultados derivados de relacionar a oferta de prazas coa poboación residente amosan o impacto real dos establecementos de turismo rural nas poboacións de destino, contribuíndo a coñecer o nivel de especialización turística dos xeodestinos. Dende este enfoque relativo comprobamos a existencia proporcional de máis prazas por cada 100 residentes nos xeodestinos cun carácter máis propiamente rural e unha inferior densidade de poboación, destacadamente o de Ancares-Courel, onde conflúe un importante atractivo natural co paso do Camiño Francés. Podemos considerar que este xeodestino é o máis especializado en turismo rural. Os xeodestinos máis urbanos (aqueles (7) que conteñen algunha das 7 grandes cidades) aos que sumamos Ría de Arousa e Salnés por adecuarse na súa configuración sociodemográfica a este perfil, están neste parámetro relativo á poboación residente no entorno da media galega ou por debaixo da mesma, deixando constancia de que os establecementos de turismo rural teñen un peso relativo superior na oferta dos xeodestinos máis rurais da Comunidade.

Ilustración 33. *Prazas en establecementos de turismo rural por cada 100 residentes segundo xeodestino*



O reparto territorial equilibrado do que vimos falando no conxunto de Galicia maniféstase con claridade na oferta segundo superficie. Nese senso, semella que Galicia (considerada no seu conxunto) pode ser un territorio con nivel importante de especialización nesta tipoloxía. En todo caso, Ría de Arousa e Salnés non deixa de ser o xeodestino con maior proporción de prazas por km², pero redúcense as diferenzas interrexionais máis que en ningunha outra tipoloxía de aloxamento.

Ilustración 34. Prazas en establecementos de turismo rural por km² segundo xeodestino



Retomamos o enfoque da temporalidade pois esta tipoloxía (ao igual que as VUT) manifesta diferenzas importantes co resto, dado que vimos falando de que os establecementos manteñen a oferta de prazas ao longo de todo o ano nunha proporción superior a 9 de cada 10 e, no caso do turismo rural, esta descende a 3 de cada 4. Se ben 8 de cada 10 establecementos comezan o 1 de xaneiro, e atopamos a mesma proporción entre os que finalizan o 31 de decembro, existe unha gran variabilidade e certas diferenzas con respecto a outras tipoloxías, dado que existen datos significativos (>5%) sobre aperturas o 1 de marzo, namentres que nos mesmos termos semella

dilucidarse unha extensión do período estival ate o 31 de outubro. Deste xeito, sabendo que a meirande parte dos establecementos manteñen a oferta todo o ano, considerando o conxunto da información sobre apertura detectamos unha tempada forte que vai do 1 de marzo ao 31 de outubro, e outra máis baixa (invernal) que se estende de novembro a febreiro.

2.1.7. VUT nos xeodestinos


Recentemente regradas, correspóndense con vivendas “*cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración, amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda. Constitúen estadías de curta duración aquelas nas que a cesión de uso é inferior a trinta días consecutivos*”.

As VUT son un dos principais focos de atención deste traballo. Pola novidade que implican na oferta de aloxamento regulado en Galicia, prestámoslles especial atención. O número de vivendas alcanza as 5.596 (sendo a categoría con máis peso, acadando o 60,8% do aloxamento turístico), que supoñen 30.365 prazas a 15 de maio de 2017 (REAT), aínda que polas súas características ofertan o número medio de prazas máis baixo por establecemento (5,4); é por iso que son superadas por hoteis e campamentos turísticos no número de prazas ofertadas, superando xa a capacidade do resto de tipoloxías pese á súa recente entrada en vigor. Non existen diferentes categorías, especialidades ou modalidades nesta tipoloxía de aloxamento.

Os datos evidencian que este recurso está a supoñer un importante impacto na oferta de aloxamento rexistrado en Galicia, sendo aínda un proceso en pleno desenvolvemento, como manifesta o seguinte exemplo: despois dos 6 primeiros meses de vixencia do Decreto 12/2017 –isto é, entre o 1 de xuño e o 1 de novembro do 2017- existían na Comunidade 4.294 VUT.

Fundir os mapas de densidade e puntos para as VUT amosa a presenza desta tipoloxía, que en menos dun ano é notablemente maioritaria no número de establecementos (suma máis que todas as demais conxuntamente). Na seguinte representación, a importante concentración existente en Ría de Arousa e Salnés dilúe a coloración da densidade noutras zonas, malia a cal comprobamos o importante peso do litoral e dos xeodestinos que lindan co mar, sendo 9 dos xeodestinos interiores (coa excepción de Terras de Santiago) os que dispoñen de menos establecementos e prazas.

Ilustración 35. Distribución e concentración das VUT segundo xeodestino



Tamén neste caso Ría de Arousa e Salnés sobresaí sobre o resto de xeodestinos, acumulando 2 de cada 5 prazas e 1 de cada 3 VUT. Xa a unha distancia considerable, existen outros xeodestinos destacados como Costa da Morte, Ría e Terras de Pontevedra ou Mariña Lucense. No polo oposto, apenas atopamos este recurso nos xeodestinos máis rurais do interior da Comunidade, onde ningún supera o 1% das prazas nin alcanza o 1% dos establecementos (Ribeira Sacra, O Ribeiro, Deza-Tabeirós, Celanova-Limia, Ancares-Courel, Manzaneda-Trevinca e Verín-Viana).


Táboa 11. Establecementos e prazas en VUT segundo xeodestino

	Prazas	Prazas (%)	Establ.	Establ. (%)	Prazas por establ.
Ría de Arousa	10.199	33,6%	1.866	33,3%	5,5
Costa da Morte	3.727	12,3%	675	12,1%	5,5
Ría e Terras de Pontevedra	3.537	11,6%	634	11,3%	5,6
Mariña Lucense	2.913	9,6%	589	10,5%	4,9
Ría de Vigo e Baixo Miño	2.364	7,8%	456	8,1%	5,2
Terras de Santiago	2.284	7,5%	447	8,0%	5,1
A Coruña e As Mariñas	1.731	5,7%	318	5,7%	5,4
Ferrolterra	1.136	3,7%	201	3,6%	5,7
Ría de Muros e Noia	804	2,6%	140	2,5%	5,7
Lugo e a Terra Chá	405	1,3%	71	1,3%	5,7
Terras de Ourense e Allariz	392	1,3%	66	1,2%	5,9

Ribeira Sacra	284	0,9%	49	0,9%	5,8
O Ribeiro	191	0,6%	30	0,5%	6,4
Deza - Tabeirós	165	0,5%	20	0,4%	8,3
Celanova - Limia	115	0,4%	16	0,3%	7,2
Ancares - Courel	61	0,2%	11	0,2%	5,5
Manzaneda - Trevinca	31	0,1%	4	0,1%	5,8
Verín - Viana	25	0,1%	3	0,1%	8,3
Galicia	30.365	100,0%	5.596	100,0%	5,4

Supoñen un recurso de gran impacto e resultará de interese, unha vez se establece a alta de novas VUT, complementar un enfoque estático como o que se presenta neste informe cunha ollada lonxitudinal que permite observar a evolución, concentración e demais características que dean conta do impacto real deste recurso para o aloxamento turístico, especialmente para avaliar a incidencia manifesta sobre a poboación local:

Ilustración 36. Prazas en VUT por cada 100 residentes segundo xeodestino




Con respecto á poboación residente, como vimos dicindo, existen tres xeodestinos cun peso importante deste perfil de aloxamento, amplamente por riba da media galega e sobre os que debemos manter a observación para concretar o seu grao de especialización:

- Dunha parte, Ría de Arousa e Salnés mantén un peso importante nesta tipoloxía en consonancia co gran atractivo turístico deste xeodestino e coas propias características das VUT, que conflúen na necesidade de asimilar a demanda de aloxamento.
- Doutra, a Mariña Lucense destaca por ser o xeodestino cun nivel de especialización en VUT máis claramente diferenciada, aspecto condicionado pola inferior densidade de poboación.
- A Costa da Morte tamén amosa unha tendencia que indica un nivel elevado de especialización en VUT, cunha tendencia semellante á da Mariña Lucense.

Estando aínda nunha etapa inicial, Ría de Muros e Noia e Ría e Terras de Pontevedra amosan uns índices que deben continuar observándose para confirmar a tendencia crecente nestes xeodestinos.

Como vimos repetindo, existe un vencello significativo entre os xeodestinos costeiros ou de interior coa existencia de VUT, cunha acumulación superior a 8 de cada 10 prazas nos primeiros. Cando ademais a condición marítima coincide con xeodestinos menos extensos e/ou cunha capacidade importante de atracción turística, os índices con respecto á superficie pondéranse significativamente. Acontece especialmente en Ría de Arousa e Salnés, cunha oferta de prazas en VUT 16 veces superior á media galega:

Ilustración 37. Prazas en VUT por km² segundo xeodestino



No caso das VUT, ademais de Ría de Arousa e Salnés, Ría e Terras de Pontevedra, Costa da Morte ou Mariña Lucense tamén amosan unha oferta chegada dende este perfil de establecemento turístico que dobra a media galega. Igualmente, Ría de Muros e Noia ou A Coruña e As Mariñas son outros xeodestinos sobre os que poñer o foco para observar o grao de concentración de VUT.

Ao igual que acontecía co turismo rural e aínda que a oferta é maioritariamente continuada, as VUT son a tipoloxía de establecemento que máis heteroxeneamente se distribúe ao longo do ano, superando a proporción de 7 de cada 10 establecementos cunha oferta permanente. Respecto ao inicio, concentran no 1 de xaneiro unha proporción superior ao 70%, existindo máis dun 12% que inician a oferta o 31 de maio e superando o 5% as que o fan o 30 de xuño. Doutra parte, 3 de cada 4 acumulan as datas de finalización no 31 de decembro, quedando os restantes irregularmente distribuídos no calendario, aínda que existe máis de 1 de cada 10 que cesan a oferta o 30 de setembro. Aínda que as VUT manteñen uns parámetros similares ao resto (como dicíamos, cunha proporción aproximada de 3 de cada 4 vivendas cunha oferta permanente ao longo do ano), coinciden coa tipoloxía que amosa unha meirande variabilidade, explicada pola progresiva asimilación ás temporalidades do período estival, observando indicios parciais dunha especialización

no verán sobre a que, aínda sen ser polo momento maioritaria, debemos seguir a evolución. En todo caso, deberá manterse esta liña de estudo para constatar a evolución, dada a adaptación a unha regulación aínda incipiente.

2.1.8. Vivendas turísticas nos xeodestinos

Noméanse así “os establecementos unifamiliares illados nos que se preste servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a dez e que dispoñen, por estrutura e servizos, das instalacións e do mobiliario axeitado para a súa utilización inmediata, así como para a conservación, elaboración e consumo de alimentos dentro do establecemento”.


Apenas representan 1 de cada 100 prazas en establecementos de aloxamento turístico (2,6% de establecementos), sendo a tipoloxía de inferior peso na Comunidade cunha oferta total de 1.696 prazas e 237 vivendas (REAT). Non existen diferentes categorías nesta tipoloxía de aloxamento.

Teñen un carácter residual no marco do aloxamento turístico, especialmente pola especial afectación derivada da regulación das VUT, das que son competidores directos en materia turística. Comparativamente, non chegan apenas ao 6% das VUT no que atinxe ao número de establecementos e roldan o 10% respecto ás prazas, a pesar de que as VUT entraron en vigor no 2017 mentres que as vivendas turísticas xa levan reguladas dende 2011.

A súa distribución é relativamente equilibrada no territorio e no peso con respecto á poboación residente. Ao igual que acontecía cos establecementos de turismo rural esta cuestión se debe, dunha parte, ao número reducido de prazas ofertadas por establecemento (cunha media de 7,2) e, doutra, ao escaso peso deste recurso, que na Comunidade apenas implica a existencia de 6 vivendas por cada 10.000 habitantes.

O seguinte mapa permite observar a concentración nos xeodestinos do litoral Atlántico que van dende a Costa da Morte ata Ría e Terras de Pontevedra, aínda que tamén unha presenza igualmente importante no interior da Comunidade:

Ilustración 38. Distribución e concentración das vivendas turísticas segundo xeodestino e categoría



En termos brutos, observamos o peso que esta tipoloxía acada na Costa da Morte, que concentra unha parte importante dos aloxamentos desta orde (aproximándose a 1 de cada 5) o que, a pesar do escaso número de establecementos rexistrados, amosa indicios dun nivel de especialización específico na zona. Ría e Terras de Pontevedra, Ría de Arousa e Salnés e Terras de Santiago son outros xeodestinos que acumulan unha proporción significativa nesta tipoloxía (sumando a porcentaxe de prazas que aglutinan os catro xeodestinos citados, os que dispoñen de máis oferta, obtemos o 57,4%). Cabe mencionar que ningunha vivenda turística se localiza en Manzaneda-Trevinca, detectando só unha en Terras de Ourense e Allariz e 3 en Verín-Viana.


Táboa 12. Prazas en vivendas turísticas por cada 100 residentes segundo xeodestino

	Prazas	Prazas (%)	Establecementos	Establ. (%)	Prazas por establ.
Costa da Morte	319	18,8	44	18,6	7,3
Ría e Terras de Pontevedra	259	15,3	37	15,6	7,0
Ría de Arousa e Salnés	206	12,1	27	11,4	7,6
Terras de Santiago	190	11,2	27	11,4	7,0
Ribeira Sacra	101	6,0	14	5,9	7,2
Ferrolterra	94	5,5	12	5,1	7,8
Deza - Tabeirós	68	4,0	9	3,8	7,6

Ría de Vigo e Baixo Miño	65	3,8	9	3,8	7,2
Lugo e a Terra Chá	63	3,7	10	4,2	6,3
Ría de Muros e Noia	63	3,7	8	3,4	7,9
Mariña Lucense	57	3,4	9	3,8	6,3
A Coruña e As Mariñas	51	3,0	7	3,0	7,3
Ancares - Courel	51	3,0	8	3,4	6,4
Celanova - Limia	45	2,7	6	2,5	7,5
O Ribeiro	38	2,2	6	2,5	6,3
Verín - Viana	16	0,9	3	1,3	5,3
Terras de Ourense e Allariz	10	0,6	1	0,4	10,0
Manzaneda - Trevinca	0	-	0	-	-
Galicia	1.696	100	237	100	7,2

Coa intención de afondar no grao de especialización, relacionamos as prazas existentes coa poboación residente, comprobando que Costa da Morte está máis de catro veces por riba da media galega, a pesar das escasas diferenzas entre xeodestinos na oferta bruta de prazas, en contraste con outras tipoloxías. Ancares-Courel tamén destaca dentro da reducida oferta, aínda que considerando esta información con cautela pois neste xeodestino a tipoloxía suma só 8 vivendas que ofertan 51 prazas. A distancia pero dobrando a media galega están xeodestinos menos poboados como Ribeira Sacra, Ría de Muros e Noia, Deza-Tabeirós ou Celanova-Limia, cunhas connotacións similares a Ancares-Courel pola limitada oferta en termos absolutos. En todo caso, a escasa proporción de prazas existentes en relación á poboación de orixe, en calquera dos destinos, sitúanos ante a tipoloxía con menor incidencia no panorama da oferta de aloxamento turístico en Galicia.


Ilustración 39. Prazas en vivendas turísticas por cada 100 residentes segundo xeodestino



A escasa oferta de prazas nas vivendas turísticas motiva tamén a existencia de poucas diferenzas entre xeodestinos, malia confirmar moitas similitudes na acumulación territorial entre vivendas turísticas e VUT. Como vimos dicindo na análise previa desta tipoloxía, debemos atender especificamente á evolución deste aloxamento turístico para comprobar as repercusións da

regulación e rexistro das VUT, que poden condicionar nun corto prazo o sentido e mesmo a existencia deste tipo de aloxamento nuns parámetros significativos.

Ilustración 40. Prazas en vivendas turísticas por km² segundo xeodestino



2.2. Análise por Concellos

Neste epígrafe avanzamos un nivel máis na desagregación territorial para achegarnos ao coñecemento máis específico da oferta de aloxamento turístico que nos permiten os datos dispoñibles no REAT, o municipal. Ao efecto, presentaremos os datos dos concellos que máis destacan nas diversas tipoloxías coa finalidade de captar o seu grao de especialización, así como, tecnicamente, facilitar a presentación a través dun ránking selectivo que permita ofrecer táboas e representacións operativas e manexables -que non o serían de incluír os 313 concellos galegos-.

A análise municipal evidencia o atractivo turístico dalgúns concellos galegos, cunha especialización en materia turística que incide directamente no funcionamento e a dinamización da economía e a vida social locais. Con independencia das tipoloxías que priman en cada municipio, existen algúns que destacan pola súa eminente orientación turística e devandita condición maniféstase na oferta de prazas de aloxamento turístico:

- Considerando o número bruto de prazas dispoñibles e en orde descendente, podemos destacar os seguintes: Sanxenxo, Santiago de Compostela, O Grove, Vigo, A Coruña, Baiona, Nigrán, Poio, Barreiros, Lugo, Cangas, Sarria, A Guarda ou Foz, todos con máis de 2.000 prazas destinadas ao aloxamento turístico e que conxuntamente superan as 75.000, de xeito que máis do 45% do total de prazas dos 313 concellos está concentrado en 13 municipios.

- Segundo o número de establecementos de aloxamento turístico, sobresaen Sanxenxo, xa a distancia Santiago de Compostela e, bastante por debaixo, están O Grove, Vigo, A Coruña, Barreiros, Poio, Foz, Cangas, Fisterra, Carnota, Bueu, Pontevedra, Baiona ou Ribadeo, en todos os casos con máis de 100 establecementos.

- Valorando as prazas por establecemento, que se relacionan directamente coa tipoloxía e a capacidade dos aloxamentos, atopamos a Mondariz-Balneario, Cabanas, Bergondo, Rábade, Baños de Molgas, Taboadela, Oia ou A Guarda (superando as 50). O parámetro está condicionado en boa medida pola escasa existencia de establecementos e/ou un elevado nivel de especialización en establecementos cunha elevada capacidade (como por exemplo un ratio importante de campamentos, como acontece en Oia ou Bergondo).

- Prestando atención ás prazas por cada 100 persoas residentes, atopamos novamente a Sanxenxo encabezando a listaxe, seguido de Barreiros, Mondariz-Balneario, Portomarín, O Grove, Triacastela, Parada de Sil, Oia, Pedrafita do Cebreiro, Folgoso do Courel, Palas de Rei, A Pobra de Trives, Fisterra ou Muxía (todos con máis de 30 prazas por cada 100 residentes).

- Respecto á superficie municipal, Sanxenxo e O Grove destacan con moita diferenza sobre o resto; outros a resaltar son Mondariz-Balneario, A Coruña, A Illa de Arousa, A Guarda, Baiona, Nigrán ou Poio (dispoñen de 75 ou máis prazas por km²).

Na seguinte táboa, recollemos os datos de prazas e establecementos nos concellos cun peso específico igual ou superior ao 1% das prazas existentes en Galicia acumuladas no municipio. Sendo

unha análise moi superficial, permite obter unha panorámica bastante axustada sobre os concellos con meirande capacidade de atracción e a consecuente dispoñibilidade de aloxamento turístico:

Táboa 13. Prazas e establecementos turísticos segundo concello

Concello	Prazas	Prazas (%)	Establ.	Establ. (%)	Prazas por establ.
Sanxenxo	21.565	12,85	1.487	16,2	14,5
Santiago de Compostela	11.841	7,06	570	6,2	20,8
O Grove	7.554	4,50	284	3,1	26,6
Vigo	6.209	3,70	260	2,8	23,9
A Coruña	6.186	3,69	248	2,7	24,9
Baiona	3.292	1,96	107	1,2	30,8
Nigrán	2.630	1,57	85	0,9	30,9
Poio	2.542	1,51	203	2,2	12,5
Barreiros	2.470	1,47	217	2,4	11,4
Lugo	2.305	1,37	85	0,9	27,1
Cangas	2.157	1,29	195	2,1	11,1
Sarria	2.156	1,28	78	0,8	27,6
A Guarda	2.114	1,26	42	0,5	50,3
Foz	2.008	1,20	200	2,2	10,0
Ribeira	1.954	1,16	90	1,0	21,7
Vilanova de Arousa	1.888	1,13	66	0,7	28,6
Pontevedra	1.874	1,12	108	1,17	17,4
Bergondo	1.751	1,04	24	0,26	73,0
Viveiro	1.697	1,01	87	0,95	19,5

Sanxenxo e Santiago de Compostela evidencian un destacado peso sobre o total de prazas de Galicia (conxuntamente suman o 19,9%, o que implica unha proporción aproximada de 1 de cada 5 prazas existentes en Galicia), que se incrementa cando atendemos aos establecementos turísticos (22,4% ente ámbolos dous concellos).

Nunha análise por áreas segundo criterios de proximidade, Sanxenxo destaca particularmente a nivel municipal, cun elevado grao de especialización turística, e O Grove amosa unha tendencia similar, existindo unha oferta de aloxamento moi importante nesa zona orientada a satisfacer unha crecente demanda, que se estende a concellos como Vilanova de Arousa ou Ribeira (entre os 4 citados concellos, localizados na contorna da Ría de Arousa e Salnés, acumulan 1 de cada 5 prazas existentes en Galicia e practicamente a mesma proporción de establecementos). Se ademais consideramos os establecementos en concellos que lindan coa costa de Pontevedra como Poio, Baiona, Nigrán, Cangas, Pontevedra ou Bueu, localizamos con claridade nas Rías Baixas a principal zona turística de Galicia.


Santiago amosa unhas características particulares que dotan á cidade dun atractivo turístico múltiple -capital de Galicia, localización intermedia no Eixo Atlántico, concentración de patrimonio, foco de atracción da Universidade, centro estratéxico aeroportuario, etc.-, pero sen restarlle valor ás decisivas implicacións que o Camiño ten sobre a situación turística compostelá e a oferta de

alojamento existente na cidade, manifestas expresamente na capacidade de alojamento aportada polos albergues.

Cunha incidencia menor pero importante, atopamos Vigo e A Coruña (con escasas diferenzas entre si como segunda cidade máis poboada), a incidencia do paso do Camiño de Santiago (Lugo ou Sarria) e o atractivo do litoral, que de por si xa supón un elemento rechamante para o turismo (como evidencian na Mariña municipios como Barreiros, Foz ou Viveiro, ou a elevada concentración de campamentos en Bergondo).


As áreas de proximidade a estes concellos con maior potencial de atracción turística, en congruencia, concentran o maior número de prazas de alojamento turístico e a densidade da oferta representámola no seguinte mapa:

Ilustración 41. Concentración de prazas segundo concellos



Na ilustración que se presenta de seguido podemos ver as zonas de maior concentración de establecementos nos 5 municipios turísticos que acumulan máis prazas:


Ilustración 42. Localización dos establecementos nos municipios con maior oferta de prazas



Na representación anterior constatamos o vencello entre o litoral galego e a oferta de aloxamento turístico, así como a importancia de Santiago de Compostela, que concentra os establecementos especialmente no centro da cidade (no casco histórico e a súas proximidades).

O mapa seguinte identifica nunha escala de azuis, con variacións de intensidade, o conxunto de municipios galegos segundo o número de prazas dispoñibles nos aloxamentos turísticos situados nos limiares de cada termo municipal:

Ilustración 43. Agrupación de concellos segundo número de prazas



Vinculando o apartado anterior co presente, isto é, plasmar a relación entre xeodestinos e concellos, a continuación presentaremos os concellos máis destacados en cada xeodestino segundo o número de prazas que acumulan:

Táboa 14. Concellos segundo prazas e xeodestino

Xeodestino	Concellos	Prazas
A Coruña e As Mariñas	A Coruña	6.186
	Bergondo	1.751
	Oleiros	1.640
	Miño	1.246
Ancares – Courel	Pedrafita do Cebreiro	511
	A Fonsagrada	503
	Triacastela	428
	Folgosos do Courel	425
Celanova – Limia	Muínos	436
	Lobios	432
Costa da Morte	Fisterra	1.652
	Muxía	1.592
	Cee	1.498
	Carballo	1.164
	Malpica de Bergantiños	1.008
Deza – Tabeirós	Silleda	720
	A Estrada	476
	Lalín	438
Ferrolterra	Ferrol	1.398
	Valdoviño	876
	Pontedeume	750
	Narón	704
Lugo e a Terra Chá	Lugo	2.305
	Sarria	2.156
	Palas de Rei	1.372
Manzaneda – Trevinca	A Pobra de Trives	760
	O Barco de Valdeorras	341
Mariña Lucense	Barreiros	2.470
	Foz	2.008
	Viveiro	1.697
	Ribadeo	1.622
O Ribeiro	O Carballiño	734
Ría de Arousa e Salnés	Sanxenxo	21.565
	O Grove	7.554
	Ribeira	1.954
	Vilanova de Arousa	1.888
	Vilagarcía de Arousa	1.198
	A Pobra do Caramiñal	1.164
	Cambados	1.131

Ría de Muros e Noia	Muros	1.565
	Porto do Son	1.457
Ría de Vigo e Baixo Miño	Vigo	6.209
	Baiona	3.292
	Nigrán	2.630
	A Guarda	2.114
	Oia	1.515
Ría e Terras de Pontevedra	Poio	2.542
	Cangas	2.157
	Pontevedra	1.874
	Bueu	1.102
Ribeira Sacra	Portomarín	1.122
	Monforte de Lemos	584
Terras de Ourense e Allariz	Ourense	1.583
	Allariz	528
Terras de Santiago	Santiago de Compostela	11.841
	Arzúa	1.563
	O Pino	1.384
	Teo	1.008
Verín – Viana	Verín	364

Segundo a tipoloxía de referencia e as prazas ofertadas, podemos observar o nivel de especialización dos concellos que concentran máis oferta e que representan aos destinos galegos de maior demanda turística en cada tipoloxía de establecemento. Neste senso, o nivel de especialización é maior canto máis pequeno é o concello e maior o impacto dunha tipoloxía de establecemento, especialmente naqueles concellos que destacan nunha soa tipoloxía; doutra parte, detectamos municipios cunha presenza importante na maioría das tipoloxías de xeito que o nivel de especialización é máis difuso pola elevada capacidade de atracción turística da que dispoñen e/ou pola entidade municipal -especialmente nas 7 grandes cidades-:


Táboa 15. Concellos con maior oferta de prazas segundo tipoloxía de establecemento turístico

Albergues turísticos		Apartamentos turísticos		Campamentos turísticos		Hoteis	
Santiago	1.593	Sanxenxo	1.720	Sanxenxo	4.139	Sanxenxo	8.013
Sarria	1.094	Poio	293	O Grove	2.714	Santiago	5.619
Palas de Rei	814	Santiago	278	Baiona	1.913	Vigo	4.228
Arzúa	785	Ribadeo	274	Nigrán	1.581	A Coruña	4.169
O Pino	696	A Coruña	273	Bergondo	1.455	O Grove	3.018
Portomarín	683	O Grove	255	A Guarda	1.443	Lugo	1.403
Pensións		Turismo rural		VUT		Vivenda turística	
Santiago	2.272	A Estrada	251	Sanxenxo	6.690	Rianxo	75
A Coruña	946	Arzúa	217	Santiago	1.527	Cabana de B.	62
Sanxenxo	933	Folgoso do Caurel	132	O Grove	1.151	Muxía	51

Vigo	675	Pantón	129	Barreiros	929	Sober	49
Lugo	424	Cambados	124	Poio	921	Cangas	47
O Pino	422	A Pobra de Trives	105	Foz	854	Carnota	46

Ao igual que sucedía cos xeodestinos, os concellos con menor entidade de poboación - especialmente cando conteñen establecementos dos que concentran máis prazas como hoteis, albergues ou campamentos- ven-se favorecidos no ratio de prazas respecto a residentes. Cando ademais dunha poboación relativamente reducida existen elementos que fan do destino un lugar de referencia para o turismo, a taxa dispárase, tal e como acontece en Sanxenxo ou outros concellos altamente turísticos como Barreiros, O Grove ou Baiona. Tamén existen outros cun nivel de especialización importante, como Mondariz-Balneario co turismo termal, A Pobra de Trives co turismo de montaña, Bergondo pola especialización en turismo de praia e a concentración de campamentos turísticos, ou Portomarín, Triacastela, Pedrafita do Cebreiro, Folgoso do Courel, Palas de Rei, O Pino ou Arzúa, que ligan o ratio de prazas por residentes ao paso do Camiño de Santiago, coa presenza de albergues asociada, sendo establecementos de gran capacidade sobre os que, nalgúns casos, tamén inflúe na oferta a localización en paraxes montañosas rechamantes para o turismo de natureza (por exemplo, en Pedrafita do Cebreiro ou Folgoso do Courel). Causas similares explican a situación de Fisterra e Muxía, co atractivo engadido do litoral; por Oia pasa o Camiño Portugués, dispoñendo ademais de moita costa que favorece a existencia de campamentos turísticos e hoteis; en Parada de Sil e Muíños, a existencia dun campamento turístico con un elevado número de prazas representa un factor que, combinado co despoboamento, motiva un ratio elevado de prazas en relación á poboación residente.

Ilustración 44. Prazas por cada 100 habitantes segundo concellos



Para afondar máis na oferta de prazas en relación á poboación residente, presentamos de maneira sintética os concellos máis destacados, cos respectivos índices, en cada tipoloxía de establecemento turístico:

Táboa 16. Concellos con maior oferta de prazas segundo tipoloxía de establecemento turístico por cada 100 persoas residentes

Albergues turísticos		Apartamentos turísticos		Campamentos		Hoteis	
Portomarín	45,3	Sanxenxo	10,1	Barreiros	37,9	Mondariz Balneario	80,1
Triacastela	43,3	Ribeira de Piquín	8,8	Parada de Sil	31,2	Sanxenxo	46,5
Palas de Rei	23,3	A Pobra de Trives	6,3	Oia	30,5	O Grove	28,1
Pedrafita do Cebreiro	23	Chandrexa de Queixa	4,3	O Grove	25,3	Lobios	17,3
O Pino	15	Lobios	3,8	Sanxenxo	24	Cenlle	16,7
Arzúa	12,8	San Xoán de Río	3,4	Bergondo	22	Oia	13,6
Pensións		Turismo rural		VUT		Vivendas turísticas	
Pedrafita do Cebreiro	16,4	Folgozo do Caurel	12,9	Sanxenxo	38,8	A Teixeira	3,2
Triacastela	9,6	Triacastela	10,6	Barreiros	31,5	Folgozo Caurel	2,8
O Pino	9,1	Negreira de Muñiz	8,2	Carnota	16	Sober	2,1
Portomarín	8,4	Pedrafita do Cebreiro	5,4	Fisterra	12,1	Alfoz	1,6
A Veiga	7,7	Parada de Sil	5,1	Laxe	11	Cabana de B.	1,4
Palas de Rei	7,7	Pantón	5	O Grove	10,7	Parada de Sil	1,2

Con carácter xeral, os datos presentados na táboa anterior outorgan unha especial visibilidade a concellos cunha entidade de poboación baixa, desaparecendo as grandes cidades das primeiras posicións da clasificación. Reflectimos algúns aspectos explicativos dos índices citados en cada tipoloxía:

- Para os albergues, o Camiño Francés supón un impacto importante para os concellos polos que transcorre, cun nivel de incidencia diferente en función de diversos factores -paso polo centro ou pola periferia dos concellos, tránsito por máis ou menos parroquias, tradicións asociadas a un concello (comer o polbo en Melide ou mercar un queixo en Arzúa, por exemplo), organización das etapas (inicio ou fin), etc.-. Pese a que abordaremos especificamente o impacto do Camiño sobre a oferta turística, o ratio acada o seu cénit en municipios como Portomarín, Triacastela, Palas de Rei, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Arzúa, Paradela, Sarria ou Melide.
- Coa excepción de Sanxenxo, na análise municipal dos apartamentos este índice relativo á poboación residente favorece a concellos nos que a baixa entidade poboacional pondera positivamente o ratio de prazas, malia o cal non podemos consideralos en todos os casos municipios altamente turísticos aínda que si especializados -turismo de alta montaña- dado que as prazas en apartamentos son a meirande parte das existentes no termo municipal, aínda sendo reducidas, en Ribeira de Piquín (49 prazas sobre 84 dispoñibles no concello), Chandrexa de Queixa (21 sobre 75) ou San Xoán de Río (19 de 19). A Pobra de Trives e

Lobios manteñen unha oferta ampla en relación á poboación residente, pero os apartamentos non destacan tan claramente como no resto de municipios citados.

- Concellos altamente turísticos e pouco poboados como Barreiros, Sanxenxo ou O Grove, destacan na oferta concentrada en campamentos respecto á poboación residente, malia non detectar un elevado grao de especialización nesta tipoloxía. Doutra parte, Oia e Bergondo manteñen unha especialización clara neste recurso, mentres que en Parada de Sil existe un establecemento cunha importante capacidade, o que sitúa ao municipio entre os máis importantes neste parámetro.

- Mondariz-Balneario sobresaí pola ampla oferta de prazas hoteleiras ligadas ao turismo termal, en contraste con un número reducido de habitantes. Sanxenxo, O Grove, Oia ou Lobios manteñen un peso importante de aloxamento en hoteis pola capacidade de atracción turística do litoral e da montaña -no último caso, con máis de 300 prazas nesta tipoloxía), mentres que en Cenlle un hotel con case 200 prazas explica o elevado ratio existente.

- As pensións manteñen unhas pautas similares aos albergues nos concellos con meirande índice de prazas –todos os recollidos na táboa coa excepción de A Veiga, ao complementar a oferta ligada aos Camiños- e pondéranse neste índice entre os máis pequenos cando as pensións foron a tipoloxía comunmente escollida para cubrir a demanda turística, sendo un recurso que se adapta ben a entidades de poboación pequenas ou medianas cun reclamo turístico medio ou baixo. É por iso que, dadas as condicións socio-demográficas e de dispersión da poboación en Galicia, existe unha distribución estendida no conxunto de municipios.

- Ao igual que sucede coas pensións, no turismo rural existe unha ampla dispersión territorial, con moitos concellos nuns parámetros próximos sobre os que destacan Folgoso do Caurel e Triacastela, onde a oferta se vincula á proximidade ao Camiño Francés e á alta montaña de Galicia.


- As VUT teñen un peso importante en concellos de alto potencial turístico (Sanxenxo, Barreiros, O Grove) así como noutras zonas nas que, como a Costa da Morte ou a Mariña Lucense –cuxa non aparición entre os máis destacados se debe máis a unha meirande poboación no litoral de Lugo que a un número inferior de capacidade de aloxamento-, as VUT emerxen con forza (así sucede en Fisterra, que tamén atesoura un potencial turístico importante, Carnota ou Laxe).

- O reducido impacto das vivendas turísticas non permite acadar unha explicación significativa dende o nivel municipal, existindo uns parámetros similares intermunicipais, sobresaíndo lixeiramente municipios de baixa entidade poboacional.

O ratio de prazas respecto á área que abrangue o municipio semella aproximarse máis á intensidade da oferta de aloxamento turístico. Existe un grupo de concellos, entre os que destaca

Sanxenxo, acompañado por O Grove, Mondariz-Balneario, Baiona, A Guarda, Nigrán, Poio, Bergondo, Oleiros, Miño, Barreiros, Cangas ou Fisterra, nos que a oferta de prazas de aloxamento turístico amosa unha intensidade moi alta no indicador de área e tamén no de poboación. Noutra orde, aparecen na seguinte ilustración grandes cidades como A Coruña, Vigo ou Santiago de Compostela que dispoñen dun importante volume de prazas en relación á extensión territorial, malia un tamaño importante nos casos de Santiago e Vigo. Tamén atopamos concellos como A Illa de Arousa, Burela ou Vilanova de Arousa onde a reducida poboación, combinada cunha oferta importante, motiva a súa aparición entre as primeiras posicións do ránking. En todo caso, existen niveis de intensidade dentro deste grupo de concellos de alta demanda turística, debendo observar posibles problemas asociados á saturación, principalmente, en Sanxenxo e O Grove e, cunha visión a medio prazo, nos concellos litorais das Rías Baixas, tendo en conta que as implicacións do turismo maniféstanse conxuntamente sobre eidos tan dispares como a rede de estradas, a xeración de lixo ou o acceso a servizos básicos como a auga ou as infraestruturas sanitarias, por citar algúns exemplos.

Ilustración 45. Prazas por km² segundo concello



Ao igual que con respecto á poboación, presentamos a seguinte táboa recollendo os municipios nos que o índice de prazas ten maior peso con respecto á superficie que abrangue o municipio:

Táboa 17. Concellos con maior oferta de prazas segundo tipoloxía por km ²							
Albergues turísticos		Apartamentos turísticos		Campamentos turísticos		Hoteis	
Fisterra	13,8	Sanxenxo	38,1	O Grove	123,9	Mondariz Balneario	218,3
Pontecesures	7,8	O Grove	11,6	Sanxenxo	91,8	Sanxenxo	177,7
Santiago de Compostela	7,2	Poio	8,6	A Illa de Arousa	79,4	O Grove	137,8
Portomarín	5,9	A Coruña	7,2	A Guarda	70,4	A Coruña	110,3

Sarria	5,9	Meaño	5,6	Baiona	55,4	Vigo	38,8
Triacastela	5,6	Cangas	4,6	Nigrán	45,4	Poio	32,9
Pensións		Turismo rural		VUT		Vivenda turística	
A Coruña	25	Cambados	5,3	Sanxenxo	148,3	Rianxo	1,3
Sanxenxo	20,7	Cangas	2,3	O Grove	52,6	Cangas	1,2
O Grove	18,8	A Arnoia	2,2	A Illa de Arousa	39,1	Poio	1,2
Burela	17,2	Ribadavia	1,8	Poio	27,2	Ribadumia	1,1
A Illa de Arousa	10,7	Catoira	1,6	A Coruña	21,1	Vilaboa	0,9
Santiago de Compostela	10,3	Sanxenxo	1,6	Bueu	20,2	Burela	0,8

Municipios altamente turísticos como O Grove, Sanxenxo, Poio, Cangas, Mondariz-Balneario, A Illa de Arousa, etc., que non abranguen unha superficie moi ampla, vén favorecidos os seus ratios por superficie dun xeito importante. Así mesmo, aparecen nos primeiros postos dalgunhas tipoloxías as grandes cidades galegas sitas no marco do Eixo Atlántico, pois dado o alto volume de prazas das que dispoñen, cando ademais atopamos unha reducida extensión territorial como en A Coruña, vense favorecidas neste enfoque. Tanto nas vivendas turísticas como no turismo rural, o baixo número de prazas unido á regular distribución territorial dos establecementos non permiten destacar ningún concello, coa excepción de Cambados en turismo rural.

A continuación presentamos a oferta en prazas segundo tipoloxía de establecemento e categoría de 20 concellos seleccionados polo seu potencial turístico. A selección produciuse en base aos seguintes criterios:

- As 7 grandes cidades galegas;
- os municipios cunha oferta superior ás 2.000 prazas orientadas ao aloxamento turístico;
- os 6 concellos con maior ratio respecto á poboación residente;
- e os 6 concellos con maior oferta en base á superficie que abranguen.

Sendo apenas o 6% dos concellos galegos (aínda que acumulando o 41,5% da poboación), estes 20 acumulan o 48,2% das prazas. Desgregados por categorías estratexicamente agrupadas ou unións de tipoloxías, suman máis da metade das prazas en hoteis de 1 a 3 estrelas e VUT, alcanzando o 75% nos hoteis de 4 e 5 estrelas. Nun segundo nivel pensións, apartamentos e vivendas turísticas, e campamentos concentran entre o 35% e o 48,5%. Na dirección oposta, albergues e, de xeito especialmente pronunciado, establecementos de turismo rural, amosan a dispersión que os caracteriza, cunha concentración reducida nesta selección de municipios de alta demanda turística.

Táboa 18. Comparativa da oferta (prazas) por tipoloxías desagregadas nos concellos máis turísticos

	Hoteis 1-3	Hoteis 4-5	Pensións 1-2	Pensións 3	Turismo Rural	Apartamentos e Vivendas turísticas	Albergues turísticos	VUT	Campamentos turísticos
Baiona	1,4%	1,4%	0,4%	1,0%	0,3%	0,8%	0,0%	1,4%	5,9%

Barreiros	0,4%	0,0%	0,7%	0,0%	0,8%	0,6%	0,2%	3,1%	3,5%
Cangas	0,8%	0,0%	0,6%	0,0%	1,2%	2,7%	0,3%	2,5%	1,9%
A Coruña	3,2%	17,1%	3,8%	9,0%	0,0%	3,3%	0,0%	2,6%	0,0%
Ferrol	1,0%	1,8%	1,3%	0,6%	0,0%	0,3%	0,8%	0,3%	0,7%
O Grove	5,1%	6,2%	1,9%	1,8%	0,0%	3,1%	0,0%	3,8%	8,4%
A Guarda	1,3%	0,0%	0,1%	0,0%	0,1%	0,2%	0,0%	0,4%	4,5%
A Illa de Arousa	0,1%	0,0%	0,4%	0,0%	0,0%	0,1%	0,0%	0,9%	1,7%
Lugo	1,6%	4,5%	2,0%	2,2%	0,4%	1,9%	0,7%	0,6%	0,0%
Mondariz-Balneario	0,3%	2,2%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Nigrán	0,9%	0,0%	1,3%	0,0%	0,3%	0,7%	0,0%	1,3%	4,9%
Ourense	1,1%	3,7%	1,0%	1,3%	0,0%	0,0%	0,6%	0,7%	0,0%
Poio	2,9%	0,0%	0,4%	0,3%	0,5%	4,0%	0,0%	3,0%	0,1%
Pontevedra	2,3%	1,5%	1,1%	0,0%	0,2%	0,0%	0,9%	1,4%	0,0%
Portomarín	0,5%	0,0%	0,7%	0,1%	0,1%	0,0%	5,3%	0,1%	0,3%
Santiago de Compostela	6,9%	17,3%	10,6%	11,0%	1,4%	3,7%	12,3%	5,0%	1,3%
Sanxenxo	18,2%	6,1%	4,6%	2,8%	1,0%	20,5%	0,0%	22,0%	12,9%
Sarria	0,4%	0,6%	1,3%	1,8%	0,7%	0,0%	8,5%	0,3%	1,1%
Triacastela	0,0%	0,0%	0,3%	0,0%	1,0%	0,0%	2,2%	0,0%	0,0%
Vigo	5,4%	12,5%	2,9%	4,9%	0,0%	1,0%	0,5%	2,4%	1,3%
Acumulado 20 concellos	54,0%	75,0%	35,4%	36,8%	7,8%	42,8%	32,4%	52,0%	48,5%


A mesma relación de municipios permítenos comparar o peso en cada un da oferta segundo categorías, comprobando a existencia dun nivel de especialización avanzado en casos como Poio ou Pontevedra (hoteis de categoría media-baixa e campamentos); Mondariz-Balneario –destacadamente- A Coruña e Ourense (hoteis de alta categoría); Triacastela, Portomarín ou Sarria (albergues); Barreiro, Poio, Cangas ou Sanxenxo (VUT); ou A Guarda, Nigrán, A Illa de Arousa ou Baiona (campamentos).

Táboa 19.Comparativa da oferta por tipoloxías desagregadas nos concellos máis turísticos

	Hoteis 1-3	Hoteis 4-5	Pensións 1-2	Pensións 3	Turismo Rural	Apartamentos e Vivendas turísticas	Albergues turísticos	VUT	Campamentos turísticos
Baiona	16,0%	7,4%	2,1%	0,9%	0,5%	2,1%	0,0%	12,8%	58,1%
Barreiros	6,8%	0,0%	5,3%	0,0%	2,2%	1,9%	0,9%	37,6%	45,2%
Cangas	14,4%	0,0%	5,4%	0,0%	4,0%	10,3%	1,5%	35,5%	28,8%
A Coruña	19,8%	47,6%	11,4%	3,9%	0,0%	4,4%	0,0%	12,9%	0,0%
Ferrol	28,0%	22,1%	16,7%	1,2%	0,0%	1,9%	7,8%	6,8%	15,4%
O Grove	25,8%	14,2%	4,8%	0,6%	0,0%	3,4%	0,0%	15,2%	35,9%
A Guarda	23,7%	0,0%	0,9%	0,0%	0,5%	0,9%	0,0%	5,7%	68,3%
A Illa de Arousa	4,5%	0,0%	7,9%	0,0%	0,0%	0,8%	0,0%	28,7%	58,2%
Lugo	27,0%	33,8%	15,8%	2,6%	1,1%	7,1%	4,1%	8,5%	0,0%
Mondariz-Balneario	22,7%	74,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	2,7%	0,0%
Nigrán	12,7%	0,0%	9,6%	0,0%	0,7%	2,1%	0,0%	14,8%	60,1%
Ourense	26,5%	40,1%	12,3%	2,2%	0,0%	0,0%	4,9%	13,9%	0,0%
Poio	43,9%	0,0%	3,2%	0,3%	1,4%	13,1%	0,0%	36,2%	1,8%
Pontevedra	46,5%	13,4%	10,8%	0,0%	0,6%	0,0%	6,5%	22,2%	0,0%
Portomarín	17,7%	0,0%	11,1%	0,2%	0,5%	0,0%	60,9%	2,3%	7,3%
Santiago de Compostela	22,2%	25,3%	16,7%	2,5%	0,8%	2,6%	13,5%	12,9%	3,5%
Sanxenxo	32,3%	4,9%	4,0%	0,3%	0,3%	8,0%	0,0%	31,0%	19,2%
Sarria	7,7%	5,0%	11,4%	2,2%	2,2%	0,0%	50,7%	4,7%	16,1%
Triacastela	0,0%	0,0%	14,7%	0,0%	16,4%	0,0%	66,6%	2,3%	0,0%
Vigo	33,3%	34,8%	8,7%	2,1%	0,0%	1,4%	1,1%	11,9%	6,7%

Santiago de Compostela amosa a proporción máis equilibrada entre tipoloxías, sendo o único concello que dispón de establecementos de todas as tipoloxías, ademais nunha porcentaxe significativa. Utilizando a cidade compostelán como exemplo dunha lóxica que se repite no nivel municipal, unha desagregación meirande amosaría a concentración dos establecementos no casco histórico e as súas proximidades, de xeito que unha análise da oferta segundo superficie que transcenda o nivel municipal para chegar ao parroquial -metodoloxía que se empregará no epígrafe seguinte para estudar os factores estratéxicos- ou ás zonas pretendidas -como neste caso acontece coa chamada “zona vella”, cuxa extensión se resalta coa liña vermella na seguinte ilustración-, reflicte a irregular distribución da oferta:

Ilustración 46. Concentración da oferta en Santiago de Compostela



Dado que a representación e presentación dos principais datos para concellos se recollen nas páxinas precedentes, non analizaremos especificamente os resultados segundo concellos para cada tipoloxía, tal e como se fixo cos xeodestinos. A razón é precisamente esa, dada as idénticas localización e concentración dos establecementos nos mapas, a única diferenza cos respectivos aos xeodestinos radica no fondo sobre o que se reflicten os resultados, que sería con base municipal en

vez de representar a unión de varios concellos como acontece cos xeodestinos. Ademais, outros enfoques cos que continúa o informe relacionados con información municipal -e mesmo parroquial- como a análise das grandes cidades ou as implicacións do paso dunha ou outra senda dos Camiños de Santiago contribuirán a perfilar con claridade o estado da cuestión actualizado da oferta de aloxamento en Galicia. É por iso que, para afondar máis no obxecto de estudo, nas seguintes páxinas abordaranse tres factores estruturais clave para coñecer a incidencia sobre o turismo derivada dos principais condicionantes da oferta turística en Galicia: grao de urbanidade; litoral-interior; e Camiños de Santiago.

2.3. Factores estratéxicos referentes para o aloxamento turístico en Galicia: grao de urbanización, litoral/interior e Camiño de Santiago

Máis aló dun enfoque do aloxamento turístico que atenda ás entidades territoriais administrativas de referencia, existen outras análises complementarias que redundan e explican as principais características do aloxamento no sector turístico e nos aproximan con exactitude á realidade galega. Neste epígrafe organizamos o coñecemento sobre a oferta entorno a tres liñas de estudo, fundamentadas en aspectos estruturais:


- a) O grao de urbanidade (en adiante GU) denota unhas determinadas condicións sociodemográficas que repercuten na oferta de aloxamento. Coa elaboración deste índice o IGE diferencia entre Zonas Densamente Poboadas (ZDP), Zonas Intermedias (ZIP, que á súa vez se dividen en alta ou baixa) e Zonas Pouco Poboadas (ZPP, que se subdividen en alta, media ou baixa). Empregamos este indicador, elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE, 2016), por constituír un índice de referencia para achegarnos con exactitude ao nivel de urbanidade do territorio galego, cuestión de gran complexidade pola dispersión territorial dos asentamentos de poboación característica de Galicia. Os resultados presentaranse, segundo sexa aconsellable, aos niveis municipal e parroquial. A nivel municipal, esta variable ofrece a posibilidade de obter datos das 7 cidades galegas (que coinciden cos concellos incluídos nas ZDP), as zonas máis rurais (ZPP), e aquelas zonas litorais e/ou próximos ás grandes cidades e/ou, puntualmente, aqueles que actúan como focos de atracción de poboación dentro dunha área xeográfica concreta do interior de Galicia (criterios aos que se axusta bastante ben a categoría ZIP). A análise parroquial permite dar conta da variación na densidade de poboación existente dentro dos propios municipios, que se corresponde cunha concentración do aloxamento turístico en determinados núcleos e zonas do territorio.
- b) A superficie de costa supón unha chamada ao turismo de sol e praia, reclamo que se intensifica en Galicia ao dispoñer dunha xeografía litoral diversa que ofrece múltiples opcións de lecer dende A Guarda ata Ribadeo, combinando as opcións de descanso e relax con prácticas deportivas acuáticas ou co crecente turismo de aventura. A localización na costa ou no interior da Comunidade constitúe polo tanto unha referencia moi relevante na capacidade de atracción turística e, conseguintemente, na oferta de aloxamento. Como vimos observando nas páxinas precedentes, o litoral manifesta un peso específico ao respecto da acumulación de prazas e establecementos turísticos, aínda con diferenzas sensíbles en relación á tipoloxía de establecemento e ás características propias da diversidade existente no territorio (costa Atlántica ou Cantábrica, Rías Altas ou Baixas, etc.). Na análise estúdase o aloxamento situado dentro das marxes do Plan de Ordenación Litoral (POL) e compárase co existente no resto da Comunidade.

- c) O Camiño de Santiago constitúe un elemento cun gran potencial para dinamizar as zonas sobre as que manifesta meirande influencia, de xeito destacado no Camiño Francés e, dentro deste, naqueles concellos nos que o impacto é máis grande, factor que debe medirse analizando múltiples dimensións interrelacionadas: por ser punto clásico de pernocta (e polo tanto de inicio ou fin de etapa); en función do grao de urbanidade municipal; pola baixa entidade de poboación; por tradicións ou costumes ligadas á peregrinación; pola incidencia reducida doutros focos de atracción rechamantes que podan achegar turismo; etc. Os resultados analizaranse en base ás prazas existentes no percorrido dos Camiños, tomando como referencia os establecementos localizados nunha marxe de 2 km (1 a cada lado das sendas respectivas), concretando un criterio de proximidade que se achegue á oferta realmente situada nas marxes das sendas e, polo tanto, de uso no tránsito a Santiago de Compostela.

A estes factores estratéxicos, no futuro e na medida en que o permita a información do REAT, sería de interese engadir outros para ampliar os limiares do estudo, medindo a incidencia específica do turismo termal, o de montaña, o enogastronómico ou o monumental, existindo indicios que contribúen a estabilizar unha oferta de aloxamento turístico potenciada pola regularización das VUT.

Neste senso, a seguinte representación gráfica considera as 3 categorías descritas, que se presentan conxuntamente coa localización dos establecementos sobre un mapa parroquial. O grao de urbanización clasifica as parroquias sombreando a súa área en tons azuis; o marco do POL define os territorios que lindan co mar identificándoos como os que se sitúan dentro da liña que delimita a proximidade á costa; as liñas verdes identifican o percorrido de cada variante do Camiño de Santiago, destacando en intensidade o Francés por acumular máis persoas en tránsito e, consecuentemente, maior incidencia sobre a localización do aloxamento; e as cores laranxas sitúan os establecementos no territorio:

Ilustración 47. Distribución dos establecementos segundo o grao de urbanización municipal, a demarcación costeira ou de interior e o paso dalgunha senda do Camiño



A cantidade de información concentrada no mapa anterior detallarase nos seguintes epígrafes para aportar información válida e útil sobre o peso destas tres variables, claves para comprender as densidades e as localizacións da oferta de aloxamento turístico en Galicia.

Antes de introducirmos no estudo de cada un dos factores estratéxicos, presentamos unha relación dos concellos con maior concentración da oferta de aloxamento turístico e atribuímoslles os factores con maior incidencia, reflexións con base nunha táboa que recolle o conxunto de concellos de Galicia e que pola súa extensión se recolle como [Anexo I](#). Na táboa inclúense medidas relativas ás prazas por cada 100 residentes e por superficie, estudando o peso dos citados factores estratéxicos nos concellos galegos. Ademais da clasificación, a relación ordenada dos municipios ten validez para

referir e explicar a escasa existencia de concellos, entre os de maior capacidade de aloxamento, que dispoñen dunha oferta de prazas importante sen que o GU, a localización costeira -segundo a pertenza ao POL, representada polos 84 municipios cos que se produce algunha intersección entre os limiares do POL e os de cada municipio- ou a presenza dalgún inicio ou fin de etapa do Camiño Francés² constitúan factores claramente incidentes ao respecto.

No seguinte parágrafo explícanse as principais interpretacións fundamentadas no [Anexo I](#), sabendo que Sanxenxo domina nos tres parámetros e que existen concellos como O Grove, Baiona, Barreiros, Bergondo, Fisterra, Miño ou Cee, por citar algúns exemplos, que se manteñen nas primeiras posicións con independencia de analizar as prazas ou a súa relación coa poboación residente ou a superficie municipal.

1. Municipios segundo o número de prazas dispoñibles. As tres variables consideradas estratéxicas e analizadas conxuntamente discriminan ben entre municipios. O GU máis elevado (ZDP) e, en boa medida, os municipios clasificados como ZIP alta (que conxuntamente superan a metade das prazas) relaciónanse cunha oferta importante, que se acentúa cando o municipio linda co litoral ou, en casos como os de Santiago de Compostela ou Sarria, debemos ter en conta o impacto do Camiño Francés, clave para avaliar a oferta dispoñible mesmo en concellos nos que incide só este factor estratéxico, pero de maneira moi intensa (como acontece en Arzúa, O Pino ou Melide). A primeira excepción está bastante afastada da cabeceira do ránking de municipios con máis prazas; é o concello de Caldas de Reis (na posición 46^a), onde a proximidade a Santiago de Compostela e ser ruta de paso do Camiño Portugués semellan aspectos explicativos da oferta. Outras excepcións son A Pobra de Trives (posición 52^a) ou A Fonsagrada (posición 71^a), onde a oferta está condicionada pola proximidade a focos de atracción turística relacionados coa alta montaña galega; Silleda (posición 56^a), Vilalba (58^a) ou Allariz (67^a) son concellos que, malia o seu contexto rural e cunha baixa densidade de poboación, constitúen unha importante referencia no territorio e acumulan prazas -e poboación- dos contextos de proximidade, un rol que coincide en ocasións co clasicamente asociado aos municipios cabeceira de comarca, malia que esa condición se flexibiliza nalgúns casos para axeitarse a dinámicas particulares de concentración de poboación, servizos ou oferta de aloxamento nas zonas rurais galegas. Ademais, no caso de Vilalba así como de xeito moi destacado en Mondariz-Balneario, o turismo termal constitúe unha referencia fundamental á hora de explicar a capacidade de aloxamento, cun grao elevado de especialización que caracteriza a concellos de menor entidade como Lobios, Cuntis ou Pantón.

2. Municipios segundo o número de prazas por cada 100 persoas residentes. Neste indicador relativo, a importancia que implica para o índice o peso da poboación residente é clave, pero non por iso debemos obviar o potencial discriminante dos factores estratéxicos considerados, existindo unha

² Con respecto ás diversas sendas do Camiño de Santiago, só consideramos os municipios que coinciden co inicio ou fin de etapa no percorrido do Camiño Francés, que exerce unha influencia clara na oferta de aloxamento nestas localizacións consideradas clave. Malia que o paso dalgunha senda do Camiño sempre supón un impacto no aloxamento, este é máis reducido se é zona de tránsito -e non de parada ou pernocta- e a medida que imos das rutas máis transitadas ás que concentran unha inferior demanda, existindo diferenzas moi importantes entre o Camiño Francés e calquera outro.

relación inversa ao GU, relacionada coa diminución no número de prazas dispoñibles nas zonas máis poboadas; ao tempo, existe un gran peso dos municipios rurais nos que finaliza ou comeza algunha etapa do Camiño Francés; e respecto ao litoral, dada a concentración de poboación residente na costa, a capacidade de aloxamento vese ponderada negativamente neste índice, cuestión que non impide observar a existencia dalgúns concellos espallados pola costa que coinciden nunha importante capacidade para captar a demanda turística no período estival, pero cuxa entidade de poboación é reducida o resto do ano. Á marxe do destacado peso de Sanxenxo, esta interpretación favorece a municipios pouco poboados e/ou cuxa oferta de prazas se pondera positivamente cando se pon en relación coa poboación local, existindo varios nas primeiras posicións do ranking sen que a mesma esté condicionada polos factores estratéxicos. Neste senso aparecen en posicións elevadas concellos con pouca densidade de poboación, que reúnen ademais outras características particulares como acontece con Mondariz-Balneario (3ª posición) co termalismo, Parada de Sil (7ª posición) ou Folgoso do Courel (10ª) co turismo de alta montaña, Oia (8ª posición) cos campamentos turísticos; e outros como Barreiros (2ª posición), O Grove (5ª), Fisterra (13ª), Muxía (14ª) ou Bergondo (18ª) ligán a súa relativamente reducida poboación á importante demanda turística, ligada ao seu carácter litoral; e cabe destacar especialmente a importancia do Camiño Francés que, no seu paso por municipios rurais pouco poboados, amosa a especialización en establecementos moi concretos -sobre todo albergues, pero tamén pensións e, en menor medida, turismo rural-, sucedendo así en todos os que son inicio ou fin de etapa do Camiño Francés, coa excepción de Santiago de Compostela: Portomarín (4ª posición), Triacastela (6ª), Pedrafita do Cebreiro (9ª), Palas de Rei (11ª), O Pino (15ª), Arzúa (19ª) ou Samos (22ª).

3. En terceiro lugar, nas prazas por km², o GU e a condición de litoral teñen un importante peso entre os concellos máis destacados, chegando a cifras moi elevadas cando se combinan ambos factores e, cun índice extremadamente alto, cando coincide en municipios con alta capacidade turística como Sanxenxo ou O Grove. Estas condicións son aplicables aos concellos que no [Anexo I](#) ocupan as primeiras 50 posicións, coas escasas excepcións de concellos de moi reducido tamaño como Mondariz-Balneario (3ª), que reúne unhas características propias moi definidas, como se dixo, ou Rábade (45ª). Outros concellos destacados son A Coruña ou os altamente turísticos situados nas Rías Baixas.

Á marxe das introdutorias reflexións anteriores centradas no nivel municipal, nos seguintes epígrafes deste apartado os cálculos realízanse sobre os establecementos e/ou parroquias, con base no emprego de Sistemas de Información Xeográfica (en adiante SIX) utilizando concretamente o programa QGIS, e coa intención de aproximarnos o máximo posible á realidade coa meirande desagregación que nos permiten os datos dispoñibles. É por iso que, para asegurar a correcta transmisión da información, os resultados analízanse con base na oferta correctamente xeolocalizada en cada caso (que supera o 90% das prazas e establecementos existentes no REAT en todas as dimensións analizadas).

2.3.1. Incidencia do grao de urbanidade no aloxamento turístico en Galicia

O grao de urbanización permite realizar unha aproximación estrutural á realidade galega, localizando as prazas de aloxamento turístico e relacionándoas coa densidade de poboación medida a nivel parroquial, unha análise de interese polas especiais características de dispersión da poboación en Galicia e pola súa significatividade para detectar diferenzas entre grandes grupos de concellos. Ademais, transcendemos a análise municipal para chegar ao estudo parroquial dada a dispoñibilidade de información a ese nivel

(https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201001002). Os datos de establecementos e prazas baséanse nos xeolocalizados correctamente nos respectivos subgraos de urbanización parroquiais, que na práctica correspóndense con 161.838 prazas e 8.417 establecementos. É por iso que, dado que a fonte de referencia é o –elevado- volume de establecementos correctamente localizados no nivel parroquial, tanto neste epígrafe como nos seguintes as cifras de referencia deben ser as relativas (%).

Táboa 20. Prazas e establecementos segundo GU

	Prazas	Prazas (%)	Establ.	Establ. (%)	Prazas por establ.	Prazas cada 100 residentes	Prazas por km ²
ZDP	27.408	16,9%	1.280	15,2%	21,4	2,8	78,9
ZIP	69.553	43,0%	3.810	45,3%	18,3	8,1	32,4
ZIP alta	44.209	27,3%	2.656	31,6%	16,6	7,6	181,3
ZIP baixa	25.344	15,7%	1.154	13,7%	22,0	9,1	13,3
ZPP	64.877	40,1%	3.327	39,5%	19,5	7,4	2,4
ZPP alta	13.563	8,4%	539	6,4%	25,2	5,7	22,1
ZPP media	11.009	6,8%	731	8,7%	15,1	10,0	51,7
ZPP baixa	40.305	24,9%	2.057	24,4%	19,6	7,6	1,5
Galicia	161.838	100,0%	8.417	100,0%	19,2	6,0	2,8

As parroquias máis densamente poboadas sitúanse nos limiares das 7 grandes cidades (ZDP), sumando algunha parroquia de concellos próximos (como acontece en Culleredo, Oleiros ou Poio). Concentran un número relativamente reducido de prazas (superando lixeiramente a proporción de 1 de cada 6 sobre o conxunto da oferta), especialmente se atendemos aos establecementos ou ás prazas por cada 100 residentes, pero aumenta de xeito sensible na oferta de prazas por establecemento e nas dispoñibles por km², en coherencia coa tendencia crecente de concentración da poboación nas urbes - tamén de determinados recursos e servizos de carácter turístico-. Analizando as parroquias das cidades que forman parte das ZDP, respectivamente ordenadas en relación ao número de prazas, atopamos a meirande oferta en Santiago de Compostela (superando as 9.000), Vigo (con máis de 5.700) e A Coruña (que supera lixeiramente as 5.000), de xeito que conxuntamente aproxímanse ao 80% das prazas existentes neste GU.

Os concellos incluídos en ZIP concentran practicamente a metade de prazas e unha similar proporción de establecementos, co maior ratio de prazas por cada 100 habitantes (8,1). Nesta

dimensión concéntranse a maioría dos municipios nos que se identifica un elevado nivel de especialización turística e que manifestan unha meirande capacidade de atracción relativa ás características municipais, como son Sanxenxo, O Grove, Baiona, Nigrán, A Guarda, Sarria, Poio, Cangas, Ribadeo, Vilanova de Arousa, Ribeira, Foz, Viveiro ou Oleiros. Comprobamos o importante peso neste grupo de concellos altamente turísticos localizados no litoral da provincia de Pontevedra.

As parroquias cun GU máis baixo (ZPP) representan o 81,8% da superficie galega fronte ao 32,3% da poboación, o 39,5% dos establecementos e o 40,1% das prazas, o que evidencia unha oferta baixa en relación á amplitude territorial que abranguen, denotando de xeito global unha inferior capacidade turística coherente coa realidade socio-demográfica. Pola súa dimensión reducida e aínda que non resposta a unha tónica xeral, atopamos un amplo número de municipios -aqueles onde se concentra máis oferta- nos que existe un nivel moi elevado de especialización turística, quedando a maioría de municipios restantes cunha dispoñibilidade de aloxamento escasa que os sitúa como destinos de baixa demanda. Entre os concellos con máis prazas destacan moitos de paso do Camiño de Santiago, nalgunha das súas rutas -especialmente o Camiño Francés e o Camiño de Fisterra e Muxía-, xunto a outros nos que a demanda se orienta máis por cuestións particulares, como o turismo de litoral en boa medida vencellado ás VUT en Barreiros, o de alta montaña nalgúns concellos próximos a Manzaneda, Ancares ou O Courel, ou os campamentos turísticos en concellos litorais próximos a grandes cidades. Así, ademais dos xa citados, acumulan un importante número de prazas municipios con unha ou varias das características citadas como Muxía, Oia, Muros, Arzúa, Bergondo, Fisterra, Palas de Rei, Porto do Son, O Pino, Miño ou Portomarín.

Por cada 100 residentes, as ZDP dispoñen da oferta máis baixa dada a importante acumulación de poboación, índice que non se ve condicionado á alta malia a importante acumulación da oferta nestes contextos urbanos da Comunidade analizados no seu conxunto (ZIP=8,1> ZPP=7,4> ZDP=2,8). As ZIP e as ZPP superan a media galega por razóns inversas, as primeiras a pesar de dispoñer dunha densidade medio-alta de poboación xa que agrupan moitos dos concellos con maior demanda turística (por exemplo, Sanxenxo e O Grove), mentres que nas parroquias menos poboadas o condicionante socio-demográfico pondera en positivo a oferta respecto ás persoas residentes.

O GU establece unha relación proporcional coa oferta de prazas por km² nos 3 grandes grupos, diminuindo a medida que o GU é máis baixo (ZDP=78,9> ZIP=32,4> ZPP=2,4). Sen embargo, observando o subgrao de urbanidade, as ZIP alta amosan o meirande índice, dado que nesta categoría cunha alta vinculación co litoral se sitúan as parroquias con maior demanda e tamén capacidade de atracción turística, incluíndo Sanxenxo ou O Grove, entre outras. No caso das ZPP media, o elevado índice por km² vén condicionado por unha superficie reducida e unha oferta de prazas que, aínda sendo baixa (a categoría que concentra a cantidade inferior), está moi concentrada (incluíndo o principal núcleo municipal e/ou parroquias cunha demanda turística importante; sucede así, por exemplo, en Porto do Son, Mondariz-Balneario, A Illa de Arousa, Silleda, Fisterra, Arzúa ou Cabana de Bergantiños).

Coa finalidade de evitar a redundancia nas representacións gráficas, omitimos neste epígrafe os mapas relativos a localización e concentración segundo o GU dado o solapamento que suporía coa información recollida na [páxina 89](#), de referencia visual neste subepígrafe.

Para afondar nos aportes derivados da análise do nivel de especialización segundo a tipoloxía de establecemento turístico, resulta de interese coñecer o peso respectivo de cada tipoloxía nas categorías do GU que clasifican as parroquias galegas. A seguinte táboa permite comprobar devandita cuestión, considerando a reparto das prazas segundo tipoloxías en cada nivel de urbanización, comprobando a concentración:

Táboa 21. Prazas ofertadas segundo tipoloxías de aloxamento turístico en cada GU

	Albergues turísticos	Apartamentos turísticos	Campamentos turísticos	Hoteis	Pensións	Turismo rural	VUT	Vivendas turísticas ³	Totais Galicia
ZDP	11,2%	10,1%	2,1%	30,0%	22,0%	0,2%	13,6%	1,6%	16,9%
ZIP	20,7%	58,1%	45,2%	47,0%	33,5%	11,6%	55,8%	22,3%	43,0%
ZIP alta	12,1%	37,1%	28,6%	27,8%	20,4%	5,1%	42,0%	11,1%	27,3%
ZIP baixa	8,6%	21,0%	16,6%	19,2%	13,1%	6,5%	13,8%	11,3%	15,7%
ZPP	68,1%	31,8%	52,7%	23,0%	44,5%	88,1%	30,5%	76,1%	40,1%
ZPP alta	5,8%	6,8%	17,7%	4,9%	6,9%	11,0%	5,9%	15,2%	8,4%
ZPP media	13,4%	3,1%	3,9%	5,3%	9,7%	5,6%	8,9%	15,7%	6,8%
ZPP baixa	48,8%	21,9%	31,2%	12,8%	27,9%	71,6%	15,8%	45,1%	24,9%

As porcentaxes reflicten o GU que predomina en cada tipoloxía. Os albergues localízanse nunha proporción superior a 2 de cada 3 nas ZPP e están 28 puntos por enriba da media da categoría (equivalente ao 40,1%).

Os apartamentos e as VUT amosan unha clara ligazón coas ZIP, que concentran algúns dos concellos que, á marxe das cidades, teñen unha meirande demanda turística e un carácter maioritariamente litoral. Existe unha diferenza importante entre as ZIP alta e as ZIP baixa, cunha acumulación notable en favor das primeiras que acumulan case o dobre de oferta, cunha oferta destacada en apartamentos, campamentos, hoteis, pensións e, sobre todo, VUT (onde as ZIP alta triplican as prazas existentes nas ZIP baixa).

Os campamentos distribúense entre as ZIP e as ZPP (en ámbolos casos, máis de 12 puntos por enriba das medias de prazas respectivas), quedando as ZDP moi por debaixo.

Os hoteis teñen un peso importante en todos os GU, aínda que destaca a proporción nas ZDP, moi superior á media desta categoría sobre o conxunto da oferta en Galicia, que é do 16,9%.


³ As vivendas turísticas, cunha reducida oferta, non se identifican claramente con características asociadas ao grao de urbanización. A súa distribución semella relacionarse máis con condicións locais de difusión de información ou promoción deste perfil de aloxamento turístico –que agrupa só 1 de cada 100 prazas na Comunidade–, localizadas nun 50% na provincia da Coruña e, especialmente, no litoral Atlántico sur da Comunidade.

As pensións amosan unha concentración, menos pronunciada que nos hoteis, nas ZDP, quedando por debaixo da media de establecementos nas ZIP pero con máis intensidade nas ZPP. En todo caso, existe unha presenza significativa en todas as categorías.

O turismo rural é o perfil de establecemento que vencella con máis claridade o GU (ZPP) cunha especialización turística, concentrando 9 de cada 10 prazas na Comunidade e, malia que existe unha proporción importante que se localizan nas proximidades a ZDP ou ZIP alta, o 71,6% dos establecementos de turismo rural sitúanse na categoría inferior (ZPP baixa). As vivendas turísticas manteñen unha tendencia similar (3 de cada 4 en ZPP), cunha proporción residual nas ZDP.

A continuación apoiámonos na representación gráfica para estudar a distribución do GU en cada tipoloxía:

Ilustración 48. Relación entre tipoloxías de establecemento e GU



Outro enfoque que podemos obter coa mesma información remite ao grao de especialización en cada nivel de urbanidade, observando en cada un a tipoloxía ou tipoloxías máis destacadas e a intensidade desta relación:


Táboa 22. Prazas ofertadas segundo GU en cada tipoloxía de aloxamento turístico

	Albergues turísticos	Apartamentos turísticos	Campamentos turísticos	Hoteis	Pensións	Turismo rural	VUT	Vivendas turísticas
ZDP	5,1%	2,3%	2,5%	60,1%	16,7%	0,1%	13,1%	0,1%
ZIP	3,8%	5,3%	21,1%	38,1%	10,2%	1,3%	19,7%	0,5%
ZIP alta	3,4%	5,3%	21,0%	34,5%	9,6%	0,8%	25,0%	0,4%
ZIP baixa	4,2%	5,3%	21,3%	41,7%	10,7%	1,8%	14,3%	0,6%
ZPP	11,8%	2,8%	26,3%	21,3%	14,5%	7,3%	14,3%	1,7%
ZPP alta	5,3%	3,2%	42,3%	19,9%	10,6%	5,8%	11,4%	1,6%
ZPP media	15,1%	1,8%	11,4%	26,5%	18,4%	3,6%	21,2%	2,0%

ZPP baixa	15,1%	3,5%	25,1%	17,5%	14,4%	12,6%	10,3%	1,6%
Media Galicia	7,7%	3,9%	20,1%	34,0%	12,9%	4,4%	16,2%	0,9%

Para axudar á interpretación de resultados e visualizar a proximidade ou distancia entre os distintos niveis na maioría das tipoloxías, presentamos a representación gráfica seguinte (grandes categorías), que evidencia as maiores distancias entre o GU en hoteis e campamentos:

Ilustración 49. Relación entre GU e tipoloxías de establecemento



Na análise relativa segundo GU, nas ZDP a distribución é moi desigual xa que acumulan o 60,1% das prazas en hoteis, o 16,7% en pensións e o 13,1% en VUT, de xeito que entre as tres categorías representan 9 de cada 10 prazas nas ZDP. En todo caso, a especialización neste nivel prodúcese ao respecto dos hoteis, que se concentran nas 7 grandes cidades galegas (sendo tamén de maior capacidade neste contexto urbano). O turismo rural e as vivendas turísticas son residuais na oferta de aloxamento das parroquias máis urbanas da Comunidade, e os campamentos, co 2,5% das prazas nas ZDP, están 8 veces por debaixo da media.

As ZIP amosan unha distribución bastante equilibrada entre tipoloxías, aínda existindo unha concentración lixeiramente máis intensa que a media da tipoloxía en apartamentos (5,3% en ZIP fronte ao 3,9% en Galicia), campamentos (21,1% por 20,1%), hoteis (38,1% fronte a 34%) e VUT (19,7% fronte a 16,2%). Con certa intensidade por debaixo da media galega están o turismo rural e os albergues.

As ZPP amosan un reparto equilibrado pero o meirande número de prazas concéntrase nos campamentos, que supoñen o 26,3% (6 puntos por enriba da media galega). Aínda considerando a importancia de campamentos, podemos vincular un grao de especialización importante en turismo rural, que se acumula de xeito destacado nas ZPP baixa, constituíndo un mecanismo de emprego e cunha clara ligazón ao territorio cun carácter rural máis intenso. En menor medida, tamén se detecta unha especialización en albergues –ligada ao Camiño- e en vivendas turísticas.


En resumo, identificamos o nivel de especialización das ZDP ligado claramente aos hoteis, a pesares da acumulación de establecementos de todas as tipoloxías e dispoñer das capacidades máis elevadas por establecemento. As ZIP e as ZPP manteñen unha distribución máis estable, malia o cal podemos visualizar a importancia das prazas ofertadas en ZIP en establecementos vencellados ao litoral como os campamentos turísticos, apartamentos e VUT, mentres que nas ZPP confirmamos que o turismo rural (claramente concentrado), e os albergues contribúen a definir o nivel de especialización en función da tipoloxía de establecementos turísticos. As pensións manteñen unha distribución relativamente equilibrada e as vivendas turísticas teñen un peso moi reducido para atribuír un nivel de especialización a un contexto determinado. De xeito esquemático, recóllense na seguinte táboa o nivel de especialización que podemos asociar ao niveis de urbanidade:

Táboa 23. Nivel de especialización segundo tipoloxía e GU

Grao urbanidade	Nivel de especialización segundo tipoloxías
ZDP	Hoteis
ZIP	Campamentos, apartamentos e VUT
ZPP	Albergues e turismo rural

Afondando máis nas implicacións do GU sobre a oferta de aloxamento turístico, comprobamos a desigual distribución -cunha tendencia inversa- no número de prazas con respecto á superficie da área que abrangue cada subgrao de urbanidade, existindo a máxima diferenza nas parroquias densamente poboadas debido, fundamentalmente, a unha meirande densidade de poboación.


Ilustración 50. Prazas por cada 100 residentes e por km² segundo subgrao de urbanidade



2.3.2. Localización en costa ou interior e capacidade da oferta


A concentración da poboación no litoral da Comunidade constitúe unha tendencia historicamente sostida que incrementou a intensidade nas últimas décadas, en contraste co despoboamento das zonas máis rurais do interior. Se ben esa tendencia se acentúa cada vez máis respecto á poboación residente, o incremento radicalízase en materia turística e, en consecuencia, atopamos tamén unha concentración da oferta de aloxamento turístico. Para ilustrar graficamente a acumulación de establecementos e prazas desagregamos o máximo posible a nivel territorial, transcendendo os niveis municipal e parroquial para referir a oferta de aloxamento (correctamente) localizada dentro das marxes do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL), que recolle os datos de 8.493 establecementos (dos que 4.921 están no POL) e 162.269 prazas (100.343 dentro do POL) .

Ilustración 51. Concentración e localización do aloxamento turístico en litoral e interior



Como complemento da representación anterior, centrándonos no POL, presentaremos as zonas con maior densidade no aloxamento turístico, ampliando así a visibilidade das áreas costeiras con meirande impacto:

Ilustración 52. Acumulación da capacidade de aloxamento turístico en zonas costeiras



Tomando como referencia os establecementos que abrangue o POL diferenciamos entre aloxamento costeiro ou de interior para elaborar a táboa de datos sobre a oferta de aloxamento, onde as áreas costeiras acumulan unha proporción superior a 3 de cada 5 prazas, que aumenta 3 puntos porcentuais no que atinxe aos establecementos:

Táboa 24. Oferta de aloxamento segundo localización dentro e fóra dos limiares do POL

	Prazas	Prazas (%)	Establecementos	Establ. (%)	Prazas por establ.	Prazas por km ²
Costa	100.343	61,8%	5.553	65,4%	18,1	46,5
Interior	61.925	38,2%	2.940	34,6%	21,1	2,3
Total	162.268	100,0%	8.493	100,0%	19,1	5,5

Para confirmar a importancia da acumulación no litoral centrámonos no nivel municipal para observar os concellos con maior oferta e clasificándoos segundo se teñen ou non saída ao mar. A continuación presentamos aqueles cunha oferta superior ás 1.000 prazas:

Táboa 25. Concellos con maior oferta segundo a localización en costa ou interior

Concello costeiro	Prazas por concello	Concello interior
Sanxenxo	21.565	

	11.841	<i>Santiago de Compostela</i>
<i>O Grove</i>	7.554	
<i>Vigo</i>	6.209	
<i>A Coruña</i>	6.186	
<i>Baiona</i>	3.292	
<i>Nigrán</i>	2.630	
<i>Poio</i>	2.542	
<i>Barreiros</i>	2.470	
	2.305	<i>Lugo</i>
<i>Cangas</i>	2.157	
	2.156	<i>Sarria</i>
<i>A Guarda</i>	2.114	
<i>Foz</i>	2.008	
<i>Ribeira</i>	1.954	
<i>Vilanova de Arousa</i>	1.888	
<i>Pontevedra</i>	1.874	
<i>Bergondo</i>	1.751	
<i>Viveiro</i>	1.697	
<i>Fisterra</i>	1.652	
<i>Oleiros</i>	1.640	
<i>Ribadeo</i>	1.622	
<i>Muxía</i>	1.592	
	1.583	<i>Ourense</i>
<i>Muros</i>	1.565	
	1.563	<i>Arzúa</i>
<i>Oia</i>	1.515	
<i>Cee</i>	1.498	
<i>Porto do Son</i>	1.457	
<i>Ferrol</i>	1.398	
	1.384	<i>O Pino</i>
	1.372	<i>Palas de Rei</i>
<i>Miño</i>	1.246	
<i>Vilagarcía de Arousa</i>	1.198	
<i>A Pobra do Caramiñal</i>	1.164	
<i>Carballo</i>	1.164	
<i>Cambados</i>	1.131	
	1.122	<i>Portomarín</i>
<i>Bueu</i>	1.102	
<i>Malpica de Bergantiños</i>	1.008	
<i>Teo</i>	1.008	

Mencionar que 20 dos 23 municipios con maior oferta de prazas se localizan no litoral, coa excepción de Santiago de Compostela (2º neste ránking). Se ben o 74% dos concellos galegos non teñen saída á costa, só concentran un terzo das prazas e dos establecementos.

Retomamos a información baseada no POL para concretar a distribución das prazas segundo tipoloxías e observamos que este factor estratéxico ligado ao litoral define un nivel de especialización importante segundo tipoloxías:


Táboa 26. Prazas en costa (POL) ou interior segundo tipoloxía

		Costa	Interior
Albergues	Nº	1.511	10.747
	%	12,3%	87,7%
Apartamentos	Nº	4.796	1.560
	%	75,5%	24,5%
Campamentos turísticos	Nº	28.308	3.888
	%	87,9%	12,1%
Hoteis	Nº	33.146	22.098
	%	60,0%	40,0%
Pensións	Nº	8.940	11.970
	%	42,8%	57,2%
Turismo rural	Nº	1.253	5.864
	%	17,6%	82,4%
VUT	Nº	21.755	5.029
	%	81,2%	18,8%
Vivendas turísticas	Nº	634	770
	%	45,2%	54,8%

A pesares de atopar no interior unha superior proporción de turismo rural e albergues turísticos, e non establecer grandes diferenzas na localización de hoteis, pensións e vivendas turísticas, existen outras tipoloxías que podemos situar claramente no litoral, nunha orde crecente: apartamentos, VUT e, de xeito destacado, campamentos. Estes últimos, ademais de localizar case 9 de cada 10 prazas nos limiares do POL, son os de maior capacidade, supoñendo un impacto específico relevante sobre as diferenzas co interior na dispoñibilidade de prazas.


Polo dito, resulta evidente a acumulación de prazas no litoral da Comunidade. Nese senso, analizaremos especificamente aqueles aloxamentos característicos da costa -competidores directos- nos municipios que lindan co litoral: hoteis, apartamentos, VUT e campamentos. En total, falamos de 88.005 prazas (o 87,7% das prazas situadas no POL), acumulando o resto un peso residual, tanto en prazas como en establecementos. Comparando só estas 4 tipoloxías e incluíndo unha 5ª co resto de tipoloxías sumadas, comprobamos o maior peso en prazas de hoteis e campamentos.

Ilustración 53. Aloxamento segundo tipoloxías concentradas no POL



A relación da oferta coa superficie que abrangue o municipio, pondera a acumulación do aloxamento turístico nas zonas litorais, 8 veces superior á media. No senso oposto, as prazas por establecemento son maiores no rural, cuestión que se explica fundamentalmente pola inferior proporción de VUT nestes últimos (tipo de aloxamento máis habitual e coa media máis baixa de prazas por establecemento) e a superior de albergues no interior (que despois de campamentos e hoteis son o establecemento de maior capacidade).

Ilustración 54. Prazas por cada 100 residentes e por km² en concellos litorais ou de interior




Neste epígrafe que atinxe ao contraste da oferta de aloxamento no litoral (POL) e no interior non presentamos datos relativos respecto á poboación residente dada a imposibilidade de estimar a poboación residente, pois o POL non coincide con límites administrativos definidos tales como municipios ou parroquias que nos permitan acceder a este dato.

2.3.3. Camiño(s) de Santiago

O Camiño de Santiago ten unha relación directa coa oferta de aloxamento en Galicia, en boa medida ligada á existencia de albergues, que se manifesta con máis intensidade nas áreas territoriais con menor entidade de poboación, pero que tamén incide sobre outros establecementos entre os que destacan as pensións. Debemos advertir que o peso é moi desproporcionado en función da senda que consideremos, destacando sobre todas o Camiño Francés e, dentro do mesmo, os lugares nos que se pernocta despois de cada etapa, que son aqueles que concentran unha proporción elevada da oferta de aloxamento.


Para comprobar a intensidade da relación entre Camiños e aloxamento, transcendemos novamente entidades territoriais como xeodestinos, municipios ou parroquias para estudar a oferta localizada nun radio non superior a 2 km do paso dalgunha senda do Camiño. Neste senso, para a elaboración deste apartado utilizarase a oferta xeolocalizada, que ascende a 8.522 establecementos e 162.380 prazas cuxas coordenadas son correctas, das cales atopamos dentro das marxes dos Camiños 68.507 prazas (que son 38.990 prazas sen computar os establecementos en grandes cidades e sen duplicar a oferta na que coinciden varios Camiños). A oferta localizada nos percorridos dos Camiños, coa distancia de 2 km establecida e o tamaño dos puntos que referencia os establecementos ponderado polo número de prazas, corresponderíase coa localizada dentro das marxes representadas na seguinte ilustración:

Ilustración 55. Marxes dos Camiños que delimitan os establecementos asociados a cada senda



A representación seguinte ilustra o conxunto do aloxamento en Galicia, reflectindo a coincidencia na súa localización co conxunto do percorrido (Camiño Francés) ou puntos concretos das diversas sendas do Camiño de Santiago, cunha acumulación en Santiago de Compostela e unha incidencia específica relevante en zonas cun baixo perfil turístico que ligan a súa capacidade de atracción, en boa medida, a este patrimonio. Cabe sinalar que, malia a elevada acumulación nalgúns puntos da costa ou nas cidades atlánticas, segue a ser perceptible nun mapa de densidade a importancia, especialmente do Camiño Francés, tanto na localización da oferta como na definición dun alto grao de especialización turística municipal e mesmo parroquial.

Ilustración 56. Percorrido dos Camiños de Santiago e concentración das prazas



O Camiño de Santiago destaca como atraínte turístico en todo o seu percorrido, aínda que a intensidade é moi voluble en función das sendas. Ademais, en termos turísticos, atesoura o valor de contribuír de maneira significativa a potenciar o turismo en concellos pouco poboados, en xeral cun

carácter rural e interior que, como acontece na provincia de Lugo co Camiño Francés, teñen neste recurso un elemento clave na dinamización turística e incide de xeito claro sobre dimensións básicas que permiten fixar poboación neses contextos rurais como o eido laboral. Noutras sendas, como exemplifica na súa máxima expresión o Camiño Portugués da Costa, debemos indagar en que medida a oferta de aloxamento turístico existente non debe atribuír a súa localización ao paso do Camiño, senón que existen outros factores de máis peso (como os anteriores factores estratéxicos citados). No xeodestino Rías Baixas obsérvase con claridade devandita cuestión.

Nunha primeira análise, presentamos os datos dos establecementos sobre os que os Camiños exercen unha influencia importante, en contraste coa oferta dispoñible no resto da Comunidade. Cabe advertir que, dado que os datos se derivan da localización dos establecementos nas marxes do Camiño -cálculo baseado en operacións con SIX-, non se presentan na seguinte táboa as prazas correspondentes a establecementos que non podemos localizar con exactitude. A efectos comparativos, inclúense os datos globais considerando ou non a oferta localizada nas 7 grandes cidades, entendendo que nas mesmas a incidencia do Camiño non está directamente relacionada, coa excepción de Santiago de Compostela pero, coincidindo co fin dos camiños, o aloxamento concentrado na cidade é común para as diversas sendas:

Táboa 27. Oferta de aloxamento turístico nun radio de 2 km dos Camiños

	Establ.	Establ. (%)	Establ. sen cidades (%)	Prazas	Prazas (%)	Prazas sen cidades (%)	Prazas por establ.
Camiños	2.934	34,4	19,4	68.507	42,2	24	23,3
Non Camiños	5.588	65,6	80,6	93.873	57,8	76	16,8
Total Galicia	8.522	100	100	162.380	100	100	19,1

As prazas en aloxamentos con vencello aos Camiños superan a proporción de 1 de cada 3 establecementos, acumulando máis do 42% das prazas, aínda que se excluimos as grandes cidades a oferta baixa ate o 24%. Cunha media de prazas por establecemento sensiblemente superior á galega, tendo en conta que os albergues son a tipoloxía máis destacada e teñen unha capacidade alta de aloxamento (despois de campamentos e hoteis, a máis elevada en Galicia).

A oferta resultante das prazas dispoñibles en cada Camiño consideradas por separado ascende a 80.588 prazas (50.076 sen grandes cidades) debido á suma dunha oferta que se duplica ou mesmo triplica pola coincidencia de determinados tramos de distintas sendas, especialmente significativa dende Arzúa –ou mesmo Melide- a Santiago pola coincidencia dos Camiños do Norte, Primitivo e Francés. Este feito tamén se repite cos camiños Portugués e Portugués da Costa a partir de Redondela ou co de Inverno e a Vía da Prata entre Lalín e Santiago de Compostela.

Ademais, para observar con claridade as diferenzas, deixaremos fóra da comparativa de cada Camiño a oferta concentrada nos limiares que abrangue o concello de Santiago -que se presentará por separado-, dado que a súa inclusión igualaría máis os Camiños pola concentración de prazas na

capital, que por engadido é un concello de alto potencial turístico (o 2º con máis prazas da nosa Comunidade).

Táboa 28. Oferta de aloxamento turístico en cada Camiño segundo diversos parámetros

	Establ. en cada Camiño	Establ. en cada Camiño (%)	Establ. sen ciudades (%)	% de albergues	Prazas en cada Camiño	Prazas en cada Camiño (%)	Prazas sen ciudades (%)	% prazas albergues	Prazas por establ.
Portugués da Costa	703	19,5%	18,5%	3,8%	20.257	24,5%	24,5%	4,5%	28,8
Santiago de Compostela	557	15,5%	-	4,7%	11.744	14,2%	-	13,6%	21,1
Inglés	424	11,8%	8,0%	2,4%	10.592	12,8%	7,4%	1,9%	25,0
Francés	395	11,0%	19,4%	35,9%	9.118	11,0%	17,8%	56,7%	23,1
Fisterra e Muxía	328	9,1%	16,1%	13,7%	4.957	6,0%	9,7%	25,7%	15,1
Norte	311	8,6%	15,3%	16,4%	5.791	7,0%	11,3%	33,9%	18,6
Portugués	290	8,1%	10,0%	11,7%	6.163	7,5%	8,7%	16,3%	21,3
Primitivo	261	7,3%	9,3%	25,3%	5.843	7,1%	8,0%	41,3%	22,4
Vía da Prata	200	5,6%	6,5%	8,5%	4.875	5,9%	6,5%	10,7%	24,4
Inverno	129	3,6%	6,3%	6,2%	3.177	3,9%	6,2%	1,5%	24,6

Sobre o total de prazas existentes no percorrido de cada Camiño, destaca o Portugués da Costa (24,5%), por transitar zonas turísticas -Rías Baixas- nas que existe unha oferta elevada, aínda que esta non se relaciona estreitamente co paso da senda. Outros Camiños que acumulan un volume importante de prazas, a parte da cidade de Santiago de Compostela (14,2%), son o Inglés (12,8%) ou o Francés (11%), malia que a porcentaxe se ve ponderada positivamente no 1º polo paso por dúas das 7 grandes cidades galegas (A Coruña e Ferrol) e a existencia dunha ampla oferta non vinculada directamente ao Camiño. No extremo oposto, o Camiño de Inverno, o de Fisterra e Muxía e a Vía da Prata son os que menos prazas acumulan, aínda que na meirande parte das mesmas, o paso da senda supón un aspecto relevante á hora de localizar os establecementos de aloxamento turístico.


Mellorando a percepción do impacto do paso dos Camiños, incluímos unha columna deixando fóra da análise as prazas acumuladas no tránsito polas grandes cidades galegas, dado que o aloxamento existente só se pode relacionar nunha baixa proporción. Nese senso, comprobamos esta información analizando a porcentaxe correspondente a cada Camiño sobre o conxunto da oferta nas marxes dos Camiños (sen duplicados, de aí que a suma supere o 100% pola existencia de establecementos que ofrecen servizo a diferentes sendas), observando a ponderación que este criterio implica para a ruta máis transitada, o Camiño Francés (17,8%). En todo caso, o tránsito por zonas moi turísticas segue a producir certa distorsión na oferta de prazas asociada ao Camiño, aínda sen contabilizar a acumulación nas cidades, feito que se manifesta especialmente no Portugués da Costa

(24,5%) onde a concentración non podemos asociala á peregrinación a Santiago senón ao potencial de atracción dalgúns destinos de costa nas Rías Baixas.

A táboa anterior evidencia tamén o vencello entre albergues e o Camiño, especialmente os pertencentes á rede pública, pois 69 dos 72 (95,8%) existentes con especialidade Xacobeo sitúanse nas marxes consideradas (2 km), quedando os outros 3 moi próximos ás mesmas. En todo caso, pódese afirmar igualmente o vencello entre albergues privados e Camiños, dado que 219 dos 257 (87,1%) se sitúan tamén dentro da marxe considerada. Dado o nivel de especialización do aloxamento turístico orientado ao Camiño nunha tipoloxía específica de características particulares como son os albergues, resulta de maior interese ofrecer o peso dos mesmos sobre o total da oferta de cada Camiño, que novamente evidencia a importancia do Francés (información coherente coa acumulación do 60% de peregrinacións, segundo as Compostelas recollidas no 2017; <https://oficinadelperegrino.com/estadisticas/>). Deste xeito, o Camiño Francés destaca sobre o resto, concentrando o 56,7% das prazas que se ofertan no seu percorrido en albergues. En segundo lugar, xa a distancia, o Primitivo co 41,3%, o do Norte co 33,9% e o de Fisterra-Muxía co 25,7%, concentran unha importante proporción de prazas en albergues, aínda que o seu peso en termos absolutos é reducido en comparanza co Francés (o que acentúa máis o liderado deste último). O Camiño Inglés e o de Inverno concentran unha porcentaxe practicamente residual de prazas en albergues mentres que o Portugués (o 2º máis transitado, que suma o 19,7% das persoas que recollen a Compostela) concentra en albergues 1 de cada 6 prazas.

Con respecto á especialidade, existe unha localización exacta no percorrido ou proximidade dos albergues da rede pública (especialidade Xacobeo) á senda dos Camiños. No caso dos privados, ademais de aproveitar este factor estratéxico na súa maioría, tamén observamos outras orientacións dos establecementos cara o turismo de montaña no norte da provincia de Ourense e no sur de Lugo, especialmente na área que comprende o xeodestino Manzaneda-Trevinca.

Ilustración 57. Localización de albergues nas sendas dos Camiños de Santiago




A repercusión a nivel xeodestino e a nivel municipal relaciónase estreitamente cos datos amosados nos epígrafes relativos a xeodestinos, na [táboa que resume a concentración de albergues](#), e a concellos, especificamente na [táboa clasificatoria dos concellos segundo prazas en albergues](#). Ao respecto, comprobamos como a incidencia sobre a oferta de aloxamento se concentran nos xeodestinos e nos concellos de tránsito do Camiño Francés, que a medida que se aproxima a Santiago de Compostela coincide tamén co último tramo doutras sendas, extremando esa intensidade. Ademais, Fisterra-Muxía amosa a crecente importancia da ruta nas conseguíntes repercusións sobre unha importante oferta localizada nas marxes deste Camiño, algo que, con menor incidencia, tamén se pode observar no Portugués.

Nunha análise-resumo de conxunto cabe sinalar que o Camiño Francés supón un impacto importante na oferta de aloxamento turístico para os concellos polos que transcorre, cun nivel de incidencia diferente en función de diversos factores –entidade do propio municipio, paso polo centro

ou pola periferia dos concellos, tránsito por máis ou menos parroquias, tradicións asociadas a un concello ou lugar concreto, organización das etapas (inicio ou fin), etc.-. Especialmente en concellos pequenos ou zonas máis despoboadas do interior, a incidencia dos albergues e o modelo turístico que sustentan ten unha repercusión destacada no desenvolvemento local. Noutra tesitura, e malia concentrar unha parte importante das prazas en albergues en termos absolutos (especialmente no caso de Santiago de Compostela), nos Camiños que pasan polos concellos máis poboados a proporción de prazas en albergues redúcese pola tamén elevada presenza doutras tipoloxías, que sen estar orientadas prioritariamente á peregrinación atenden moitas veces as necesidades asociadas.

Ilustración 58. Diferentes medidas da concentración de prazas en cada Camiño



Neste epígrafe e ao igual que acontecía no epígrafe anterior coa análise en base ao POL, dada a incidencia irregular dos Camiños e a fórmula empregada para o cálculo da oferta (2km de radio respecto a cada senda), non presentamos os datos relativos a poboación ou superficie dada a ausencia de datos fiables respecto á poboación residente.

3. A xeito de resumo: principais resultados

- Galicia ten **9.205 establecementos** rexistrados que concentran **167.806 prazas** de aloxamento turístico, cunha media de **18,2 prazas por establecemento**, **6,2 prazas por cada 100 persoas residentes** e **5,7 por km² de superficie**.

- **16 concellos, 0 aloxamentos**

En 297 concellos (o 94,9%) consta cando menos un aloxamento no REAT a 15 de maio de 2018. Deste xeito, malia a reducida entidade da meirande parte dos concellos galegos, só 1 de cada 20 non dispón de ningún aloxamento turístico rexistrado, correspondéndose con municipios rurais e interiores de baixa densidade de poboación residente. Por provincias, Lugo dispón de aloxamento turístico en todos os seus concellos coa excepción de Pol, namentres que en Pontevedra e A Coruña atopamos a ausencia de oferta de aloxamento en Dozón e Tordoia. Destaca neste senso a provincia de Ourense, dado que concentra 13 dos 16 concellos que non teñen rexistrada oferta de aloxamento turístico: Beade, Os Blancos, Cartelle, Castro de Miño, Cualedro, O Irixo, Larouco, Maside, Oímbra, Paderne de Allariz, Toén, Verea e Vilardevós. Aspectos característicos de Galicia como o despoboamento das zonas máis rurais e envellecidas, ligados na súa intensidade á ausencia de litoral e ao perfil de baixa atracción turística destes concellos, aínda sen desbotar o peso que en moitos deles ten a chegada de retornados na tempada estival, son aspectos que condicionan a oferta de aloxamento e que afectan de maneira pronunciada á provincia de Ourense.

- **Ría de Arousa e Salnés acumula 1 de cada 4 prazas, amosando o maior grao de especialización en termos tanto absolutos como relativos**

Destaca pola ampla oferta existente o xeodestino Rías Baixas. En particular o subxeodestino Ría de Arousa e Salnés despunta tanto en capacidade como en intensidade con máis de 40.000 prazas, concentrando 1 de cada 4 e similar proporción de establecementos no conxunto de Galicia. A nivel municipal, sobresaen Sanxenxo (21.565 prazas) e xa a distancia Santiago de Compostela (11.841), O Grove (7.554), Vigo (6.209) e A Coruña (6.186).

- Tamén hai **especialización relativa** en Ancares-Courel e Mariña Lucense na oferta por cada 100 residentes e en A Coruña e As Mariñas, Ría de Vigo e Baixo Miño ou Ría e Terras de Pontevedra, respecto á superficie do xeodestino. Por concellos é salientable tamén Mondariz-Balneario en ámbolos dous indicadores.

A análise da oferta respecto á poboación residente ou á superficie prioriza ás áreas pouco poboadas ou de menor tamaño, respectivamente, pero constitúen indicadores válidos do impacto sobre a poboación local, o atractivo turístico ou o grao de saturación. Partindo dunha media galega de 6,2 prazas por cada 100 residentes e 5,7 por km², destaca en ambos parámetros o xeodestino Ría de Arousa e Salnés, como xa pasaba considerando datos absolutos. Outros xeodestinos cun ratio elevado segundo poboación son Ancares-Courel ou Mariña Lucense. Con respecto á área que

abranguen, existe unha concentración importante de prazas dentro dos xeodestinos que integran os municipios urbanos do litoral Atlántico, como A Coruña e As Mariñas, Ría de Vigo e Baixo Miño ou Ría e Terras de Pontevedra.

No nivel **municipal**, salientar novamente Sanxenxo, que multiplica por 20 a media galega na oferta de prazas por cada 100 habitantes e por 84 a media galega por km². Nun segundo nivel atopamos concellos cun alto atractivo turístico e unha entidade de poboación comparativamente reducida como Mondariz-Balneario, Barreiros, Portomarín, O Grove ou Triacastela. Na mesma situación con respecto á capacidade por km² atopamos novamente a O Grove, Mondariz-Balneario, A Coruña, A Illa de Arousa ou A Guarda.

- As tipoloxías amosan **especializacións territoriais diferentes**:

a) A concentración dos **albergues** mantén unha estreita relación cos Camiños, en especial co Francés, que se traduce nunha distribución ao longo do mesmo e unha concentración na provincia de Lugo (destacada na Terra Chá) e no xeodestino Terras de Santiago, especialmente na proximidade e na propia cidade de Santiago de Compostela, pola confluencia e intersección dos tramos finais de varios dos Camiños. Destaca tamén a oferta en todos os concellos de fin ou inicio de etapa deste Camiño Francés (en termos absolutos, hai unha oferta importante en Sarria, que supera as 1.000 prazas en albergues, así como en Palas de Rei, Arzúa, O Pino ou Portomarín, con máis de 680).

b) Os **campamentos** dispoñen de máis de 32.000 prazas e os **apartamentos** suman 6.700. Xunto coas escasas **vivendas turísticas** (sen apenas incidencia, sabendo que no conxunto de Galicia non alcanzan as 1.700 prazas) e as numerosas **VUT** (con máis de 30.000 prazas dispoñibles), alcanzan o 42,3% das prazas, existindo unha ligazón clara coa localización destas tipoloxías no **contexto litoral** da Comunidade, podendo considerar estas 4 tipoloxías como competidoras próximas na oferta de aloxamento. Nestas tipoloxías localizadas maioritariamente en concellos litorais, sobresaí o xeodestino Ría de Arousa e Salnés; outros que destacan nesta oferta de establecementos con vencello na costa son Ría de Vigo e Baixo Miño, Ría e Terras de Pontevedra, A Coruña e As Mariñas, Costa da Morte e Mariña Lucense. A nivel municipal, Sanxenxo supera as 12.500 prazas (con elevado peso en apartamentos, campamentos e VUT); xa a distancia pero destacando en 2º lugar sobre o resto atopamos O Grove con máis de 4.000 (que tamén destaca nas tres tipoloxías de referencia, ao igual que Sanxenxo); nun terceiro grupo, dispoñendo de máis de 2.000 prazas e non máis de 2.405 están Baiona (cun elevado peso en campamentos), Santiago de Compostela (pola oferta das VUT), Barreiros (onde campamentos e VUT suman máis de 2.000 prazas) ou Nigrán (onde os campamentos outorgan ese carácter de especialización litoral da oferta).

c) As **pensións** e os establecementos de **turismo rural** amosan unha **distribución relativamente equilibrada** no territorio e compensan unha oferta concentrada nas marxes atlántica e, en menor medida, cantábrica, co aporte para a oferta no interior da Comunidade. En todo caso, ámbalas dúas tipoloxías supoñen un apoio á oferta de aloxamento nas zonas máis transitadas dos Camiños, así como en zonas rurais cun impacto turístico importante nas que, aínda con cifras absolutas afastadas

das propias de zonas con maior demanda turística, supoñen un pilar fundamental en Galicia para potenciar o turismo termal, o de alta montaña, así como determinadas prácticas deportivas ou de aventura na natureza. Por xeodestinos, en ámbalas dúas tipoloxías Terras de Santiago destaca sobre o resto con máis de 5.000 prazas, contribuíndo a tal situación en maior medida as pensións. A nivel municipal, nas pensións sobresaíe moito Santiago de Compostela, con máis de 2.200 prazas, sen que exista outro concello que supere as 1.000; pola contra, os establecementos de turismo rural están moi distribuídos polo interior da Comunidade, quedando concellos como A Estrada (251 prazas) e Arzúa (217) coas maiores acumulacións de prazas, sen que exista ningún cun peso acumulado que alcance o 4% do total da oferta.

d) Os **hoteis** conforman a tipoloxía que oferta **máis prazas** (55.398), concentradas en 888 establecementos que, como media, superan as 60 prazas. Existe unha **concentración** clara **nas contornas máis urbanas** (referímonos ás 7 grandes cidades, onde supoñen 6 de cada 10 prazas) e **litorais** -máis intensa a medida que conflúen ambas características-, pero tamén nas zonas cun grao de urbanidade medio-alto (as cualificadas como Zona Intermedia Alta -ZIP alta- polo IGE, 2016). Ría de Arousa e Salnés resalta como xeodestino, con máis de 14.000 prazas, quedando o seguinte, Terras de Vigo e o Baixo Miño con apenas 8.000. Por municipios, Sanxenxo supera as 8.000 prazas, seguido de Santiago con 5.619, Vigo con 4.228, A Coruña con 4.169, O Grove con 3.018 e, xa reducindo moito a oferta, está Lugo en 6º lugar con 1.403 prazas. Nesta tipoloxía comprobamos o peso de Sanxenxo e O Grove, especialmente o 1º, que destacan mesmo nunha tipoloxía cunha forte vinculación coas cidades.

- Dende un enfoque metodolóxico cabe indicar o **peso moi reducido das vivendas turísticas** (apenas chegan ao 1% das prazas), categoría sobre a que reflexionar pola súa proximidade conceptual coas VUT, que malia unha inferior capacidade media por vivenda, ofertan 15 prazas por cada unha das primeiras no conxunto da Comunidade. A recente regulación das VUT e a súa vertixinosa floración deixan en evidencia esta tipoloxía, confinada entre os Apartamentos Turísticos e as VUT, que parece non enganchar coa iniciativa da oferta galega.

- No relativo á **prevención da masificación** turística, debe poñerse o foco no xeodestino Ría de Arousa e Salnés e, concretamente, nos concellos de Sanxenxo -que destaca moito sobre calquera outro concello, con 125,1 prazas por cada 100 habitantes e 478,2 por km²- e O Grove -con 70,3 prazas por cada 100 habitantes e 344,9 por km²-. Ademais, a coincidencia dos fluxos turísticos coa tempada estival implican unha forte estacionalidade e supoñen un desafío para a xestión destes destinos. Malia que existen outros concellos con elevado ratio de prazas en ambos indicadores relativos (como Mondariz-Balneario, Fisterra, Bergondo ou Baiona), existen características particulares en cada caso que non amosan indicios de saturación.

- 3 factores estratéxicos explicativos da distribución e concentración da oferta de aloxamento turístico: **litoral, grao de urbanidade e Camiño de Santiago**

Afondando nos condicionantes da oferta, detectamos a existencia de tres factores estratéxicos clave que actúan como dimensións reguladoras tanto da localización do aloxamento como do grao de especialización turística. Cando conflúen dúas ou máis (por exemplo, nas zonas máis poboadas que lindan co mar ou nas cidades do interior que coinciden con inicio/fin de etapa na peregrinación), atopamos, sen excepción, unha oferta abundante:

- a) A existencia de costa (ligada no estudo ao territorio comprendido polo POL) ten unha importancia fundamental na acumulación de poboación en Galicia, que se manifesta de maneira máis radical aínda no aloxamento turístico: o 64,6% dos establecementos e o 61,6% das prazas sitúanse en territorios que comprendidos no POL, cunha media de 44,9 prazas por km², fronte ás 2,2 no interior e ás 5,5, que, como media, existen en Galicia.
- b) O grao e subgrao de urbanidade (en adiante GU) permite medir o nivel de concentración da poboación e a intensidade dos asentamentos nun nivel parroquial, aspectos que se relacionan directa e positivamente coa oferta de aloxamento turístico. O nivel máis elevado (Zonas Densamente Poboadas, en adiante ZDP) e a categoría superior do nivel intermedio (ZIP alta) relaciónanse cunha elevada oferta de aloxamento turístico, sumando entrámbalas dúas o 44,2% das prazas, o 46,3% dos establecementos e un ratio lixeiramente superior ás 118 prazas por km² (destacando nesta contribución as ZIP alta, con 176,7 prazas por km²).
- c) Os Camiños de Santiago, sumando a oferta concentrada nunha marxe de 2 km a cada lado do percorrido de cada senda, concentra o 42,2% das prazas existentes en Galicia, aínda que se eliminamos do cálculo a oferta existente nas grandes cidades diminúe ate o 24%. Especialmente nas variantes do **Camiño Francés**, o Camiño de Fisterra a Muxía e, pola tendencia crecente dos últimos anos, tamén o Camiño Portugués, o foco de atracción motivado pola peregrinación a Santiago supón un aporte turístico relevante que chega a condicionar –e case determinar– o modelo de desenvolvemento turístico nalgúns áreas rurais pouco poboadas, especialmente a que abrangue as marxes do Camiño Francés (cunha especialización en albergues, que concentran o 56,7% das prazas existentes) ate a súa chegada a Santiago de Compostela, destacando a oferta motivada en municipios que coinciden con fins de etapa como Arzúa, Melide, Palas de Rei, Portomarín, Sarria, Triacastela ou Pedrafita do Cebreiro. Malia que existen outros aspectos que potencian a oferta de Santiago de Compostela, o municipio ten un peso específico propio no aloxamento turístico ligado aos Camiños, como evidencian as 1.593 prazas en albergues.

- Existen ámbitos específicos como o turismo termal ou o de montaña cun peso importante na oferta de aloxamento.

Existen áreas como as citadas sobre as que os resultados do informe aconsellan contrastar a evolución por supoñer eidos de gran potencial presente e futuro en termos turísticos, cunha incidencia directa na oferta de aloxamento e, de xeito especialmente destacado, no grao de especialización de concellos, xeodestinos e mesmo áreas territoriais que transcenden estas e outras agrupacións administrativas. Localizadas en boa parte no contexto rural, constitúen un recurso


clave para a dinamización dalgunhas zonas cunha baixa densidade de poboación e condicións sociodemográficas desfavorables.

3.1. A regulación das VUT. Impacto na oferta de aloxamento turístico en Galicia

A entrada en vigor do Decreto 12/2017 de 26 de xaneiro, que regula as VUT en Galicia, está a supoñer unha mudanza importante na oferta de aloxamento turístico. Un proceso de regulación que ao longo do 2017 e na primeira metade de 2018 manifesta un incremento constante que, ademais de aumentar as prazas rexistradas, está definindo zonas cun nivel de especialización turística elevado neste recurso, ligado a destinos de costa.


As VUT suman o **meirande número de establecementos** (5.447 inscritos no REAT a 1 de maio de 2018), que se corresponden con 3 de cada 5 dos existentes na Comunidade, unha evolución rápida e intensa nos apenas 12 meses transcorridos dende o 1º no que se contabilizan (1 de maio de 2017) e se inclúen e publican no REAT (1 de xuño de 2017), en correspondencia coa súa entrada en vigor. Dada a baixa capacidade por vivenda, con 5,4 prazas de media, aproxímanse ao 18% da oferta de aloxamento turístico (cifra que alcanzan, como vimos ao longo do informe, a mediados do mes de maio de 2018, pero neste apartado traballamos con datos a día 1 de cada mes), que **supera as 30.000 prazas** no conxunto de Galicia. A súa evolución dende os datos de maio de 2017 (publicados o 1 de xuño dese ano) ata os de abril de 2018 (publicados o 1 de maio de 2018) podemos cuantificala tanto en prazas como en establecementos na seguinte representación:

Ilustración 59. Evolución de establecementos e prazas en VUT (datos absolutos)




Considerando o peso relativo das VUT sobre o conxunto do aloxamento turístico en Galicia, comprobamos a progresiva ganancia de peso na oferta destas vivendas:

Ilustración 60. Evolución de establecementos e prazas en VUT (cifras absolutas)



A seguinte representación evidencia o impacto das VUT na oferta de aloxamento. A efectos comparativos, preséntase un primeiro mapa no que aparece a oferta de aloxamento sen incluír as VUT e, no segundo, inclúese esta tipoloxía (coa cor dos puntos en vermello e dun radio reducido, coherente coa baixa capacidade destas vivendas). O resultado ilustra visualmente a incidencia da regulación das VUT e a concentración da oferta nas zonas costeiras e nas grandes cidades:

Ilustración 61. Incidencia das VUT na oferta de aloxamento en Galicia



Como dicíamos, en relación aos factores estratéxicos, esta tipoloxía manifesta **unha distribución irregular entre litoral e interior** da Comunidade, coa **proximidade ao litoral** como característica maioritaria (**máis de 4 de cada 5 prazas**) e, tanto en prazas como en establecementos,

supera sensiblemente a outras tipoloxías como os apartamentos ou as vivendas turísticas, identificadas como competidores directos neste senso, quedando só por detrás dos campamentos turísticos no grao de intensidade de vencello coa costa. Doutra parte, manifesta unha relación aparentemente inversa ao grao de urbanidade, dada a súa baixa concentración en ZDP, pero falamos de aparencia dado que os concellos considerados **ZIP alta son os que agrupan o maior número** de VUT (superior ao 40%), aínda que o seu peso é importante tamén nas Zonas Pouco Poboadas (en adiante ZPP). Por último, con respecto ao Camiño non se establece unha relación clara coas VUT, aínda que supoñen un apoio á oferta naqueles puntos onde é escasa –así como alternativas para a planificación das etapas en tempo e percorrido-, funcionalidade que pode supoñer un apoio importante en tempada estival nos tramos máis transitados.

En resumo, as VUT supoñen un recurso que, polas súas características, é susceptible dunha rápida posta en funcionamento, polo que suple de xeito dinámico e solvente carencias existentes na oferta de aloxamento turístico en Galicia. Previsiblemente, as VUT irán desenvolvendo un nivel de especialización importante asociado ao turismo de sol e praia, estacional e familiar, aínda que sendo un fenómeno emerxente de tan grande impacto na capacidade de hospedaxe en Galicia resultará de interese manter o foco activo neste recurso, pois as constantes altas mensuais –e as escasas baixas-, neste momento, amosan unha tendencia crecente que concretará, unha vez estabilizada, as súas características e como se conxugan no marco do conxunto da oferta de aloxamento turístico.

Para obter unha perspectiva máis aproximada da evolución deste recurso e a incidencia sobre o resto de tipoloxías de establecemento turístico, así como na oferta existente na Comunidade, debería manterse unha revisión periódica da súa evolución prestando atención a aspectos diversos tales como se a aparición das VUT incide á baixa na ocupación doutros establecementos; en que medida as vivendas turísticas poderían adaptarse a legalmente esta nova tipoloxía –dada a súa reducida presenza e á proximidade das características propias coas das VUT-; se inciden na saturación turística en zonas que dispoñen dunhas condicións favorecedoras para a concentración da oferta ou denotan un grao importante de especialización; a evolución das propias VUT e a taxa de ocupación; etc.

4. Metodoloxía

Este informe explota os rexistros incluídos no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT) a 15 de maio de 2018⁴. Existen unha serie de **aspectos que motivan e orientan o traballo** realizado na dimensión metodolóxica:

- Presentación de datos de aloxamento en prazas e establecementos existentes en Galicia, diferenciando por tipoloxías e con diferentes niveis de desagregación territorial.
- Estudar a aparición das VUT e a súa incidencia na oferta de aloxamento turístico.
- Revisión do grao de fiabilidade, validez e actualización do REAT.

Presentación de resultados

- Utilizáronse SIX para plasmar os datos en mapas, así como para realizar cálculos e concretar a oferta, con especial peso no epígrafe dedicado aos **factores estratéxicos**. En concreto, para esta operación empregouse o programa de software libre QGIS (na súa versión 2.14.19).
- Non se incluíu unha análise detallada por provincias no corpo do informe debido á distorsión que implican sobre o aloxamento turístico, pois as provincias semellan menos axeitadas aos efectos desta investigación que os desagregados por xeodestinos e concellos.
- O Anexo I incluímolo ao final do documento pola pouca operatividade da táboa que recolle a oferta absoluta, por poboación e por superficie para os 313 concellos galegos.
- No apartado 3.3, que analiza a incidencia de factores estratéxicos na localización e concentración da oferta de aloxamento turístico, os cálculos realízanse sobre as parroquias, coa intención de aproximarnos o máximo posible á realidade coa desagregación. Os factores estratéxicos analízanse con base na oferta correctamente xeolocalizada en cada un, que vai dos 8.493 establecementos e 162.269 prazas na análise da concentración litoral, ate os 8.522 e 162.380 nos Camiños, pasando por 8.417 establecementos e 161.838 prazas segundo o GU (en calquera caso, no entorno do 93%).

Depuración de erros e imputación de valores

A explotación resposta a unha finalidade estatística, con imputación de valores e depuración de erros. Ao respecto das tarefas de imputación e depuración mencionadas, indicar que os resultados amosan maior consistencia que no informe previo elaborado apenas 4 meses antes

<http://www.turgalicia.es/aei/portal/index.php?idm=163>).

⁴ A única excepción ao respecto refírese [á evolución das VUT](#) dado que está calculada cos datos brutos do REAT dispoñibles na Área de Estudos e Investigación o primeiro día lectivo de cada mes, de xeito que os últimos presentados teñen data do 1 de maio e atenden ás altas e baixas ao longo do mes de abril de 2018.

- Xeolocalizáronse un amplo número de establecementos, aproximándonos ao 93% nas análises por xeodestinos e concellos. Implementouse para isto un proceso iterativo sobre as fontes Open Street Map⁵ e Cartociudad⁶, complementando e corrixindo ás coordenadas que xa tiña rexistradas anos atrás a Área de Promoción de Turismo de Galicia (antes Turgalicia). Como resultado víronse optimizadas as opcións de representación, especialmente o estudo da concentración e de prazas e aloxamentos a través de mapas e, de xeito especialmente relevante, con respecto ás VUT, que na súa gran maioría non dispoñen de coordenadas. Supuxo esta tarefa unha mellora significativa dado o escaso número de establecementos dos que se dispuxo da devandita información no informe previo (menos da metade que no actual). Ademais, este procedemento permitiu abordar a explotación dos factores estratéxicos con un axeitado nivel de desagregación parroquial (GU) ou por áreas territoriais (POL e distancia aos Camiños), cálculos que non sustentaban directamente os datos do REAT.

- Permutouse o número de habitacións polo de prazas en 474 establecementos turísticos (o 5,1%), casos nos que se puido detectar que os valores respectivos de cada unha destas columnas correspondíanse coa outra, e viceversa.

- Imputouse a 191 establecementos (2,1%) o valor medio das prazas, considerando para todos eles a tipoloxía e, segundo o caso, a categoría e/ou a modalidade e/ou a especialidade, para afinar máis diferenciando segundo tamaño e características.

- Eliminouse un rexistro dos establecementos por non estar xa en funcionamento (aínda que cun impacto importante na mostra ao ser o campamento Monte do Gozo, que superaba as 1.200 prazas de capacidade).

- Localizouse a través de webs promocionais o número de prazas para varios establecementos que tiñan datos erróneos ou non dispoñían dos mesmos.

- Recategorizáronse os datos para os fusionados concellos de Cerdedo e Cotobade no resultante Cerdedo-Cotobade.

Limitacións do estudo

- A depuración estatística realizada atallou temporalmente numerosos problemas do REAT, pero para garantir a precisión e a comparabilidade futura será necesario avanzar moito na propia depuración do rexistro por vías administrativas.

- O REAT a día de hoxe non permite acadar uns mínimos de fiabilidade ao respecto da data de alta dalgúns establecementos, nos que non é posible distinguila da data da última modificación substancial de cada rexistro, de xeito que sería moi complexa e pouco precisa a análise lonxitudinal da oferta.

⁵ Open Street Map. © OpenStreetMap contributors.

⁶ CartoCiudad. © Instituto Geográfico Nacional de España.

- Entre os establecementos dos que non dispoñemos de coordenadas ou as existentes son erróneas, aproximadamente o 85% correspóndense con VUT e responden, polo tanto, a rexistros recentes. Isto leva aparelado certo nesgo que non puido ser corrixido en tanto que esa categoría recolle a maior parte dos establecementos sen coordenadas.

5. Referencias bibliográficas e web:

Axencia Turismo de Galicia (2017). Directorio de empresas e actividades turísticas. Aloxamentos turísticos. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web: <http://www.turismo.gal/espazo-profesional/informacion-e-estadisticas>

Axencia Turismo de Galicia (2017). Xeodestinos. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web: <http://www.turismo.gal/que-visitar/xeodestinos>

Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:

<https://www.turismo.gal/canle-institucional/normativa/decretos>

Decreto 144/2013, de 5 de setembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:

<https://www.turismo.gal/canle-institucional/normativa/decretos>

Decreto 191/2004, de 29 de xullo, de establecementos de turismo rural. Decreto 142/2006, de 27 de xullo, de modificación do anterior. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:

<https://www.turismo.gal/canle-institucional/normativa/decretos>

Decreto 48/2016, de 21 de abril, polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos.

Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web: <https://www.turismo.gal/canle-institucional/normativa/decretos>

Decreto 52/2011, de 24 de marzo, polo que se establece a ordenación de apartamentos e vivendas turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110401/AnuncioCF4E_gl.html

Decreto 57/2016, de 12 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web: <https://www.turismo.gal/canle-institucional/normativa/decretos>

Decreto 82/1987, de 26 de marzo, polo que se crea o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma Galega. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:

<https://www.turismo.gal/canle-institucional/normativa/decretos>

IGE (2016). Clasificación das parroquias e dos concellos galegos segundo o grao de urbanización (GU 2016). Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:

[http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8444&R=991\[all\]&C=0\[all\]&F=&S=](http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8444&R=991[all]&C=0[all]&F=&S=)

Instrución interpretativa 1/2017, de 9 de maio, para a aplicación do Decreto 12/2017, de 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170510/AnuncioG0256-090517-0004_gl.html

Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141230/AnuncioC3B0-261214-0003_es.html

Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia. Boletín Oficial do Estado núm. 291, de 3 de decembro de 2011, 128971-129014. Consulta realizada o 19/04/2018 no enderezo web:<http://www.turismo.gal/canle-institucional/normativa/detalle>

6. Anexo I

Relacións ordenadas de concellos segundo o número de prazas de aloxamento, prazas por cada 100 residentes e prazas por km², considerando os factores estratéxicos que aportan información sobre a oferta existente en cada municipio:

<u>Lenda</u>		
GU	**	ZDP
	*	ZIP alta
Litoral	*	Concello incluído no Plan de Ordenación Litoral (POL)
Camiño	*	Fin de etapa Camiño Francés

Concello	Prazas	GU	Litoral (POL)	Camión	Concello	Prazas cada 100 hab.	GU	Litoral (POL)	Camión	Concello	Prazas por km2	GU	Litoral (POL)	Camión
Sanxenxo	21.565	*	*		Sanxenxo	125,1	*	*		Sanxenxo	478,2	*	*	
Santiago de Compostela	11.841	**		*	Barreiros	83,8		*		Grove, O	344,9		*	
Grove, O	7.554		*		Mondariz-Balneario	82,3				Mondariz-Balneario	224,3			
Vigo	6.209	**	*		Portomarín	74,4			*	Coruña, A	163,7	**	*	
Coruña, A	6.186	**	*		Grove, O	70,3		*		Illa de Arousa, A	136,5		*	
Baiona	3.292	*	*		Triacastela	65,0			*	Guarda, A	103,1		*	
Nigrán	2.630	*	*		Parada de Sil	50,6				Baiona	95,4	*	*	
Poio	2.542	*	*		Oia	50,4		*		Nigrán	75,6	*	*	
Barreiros	2.470		*		Pedrafita do Cebreiro	47,8			*	Poio	75,0	*	*	
Lugo	2.305	**			Folgoso do Courel	41,5				Burela	66,9		*	
Cangas	2.157	*	*		Palas de Rei	39,3			*	Vigo	56,9	**	*	
Sarria	2.156	*		*	Pobra de Trives, A	35,3				Cangas	56,6	*	*	
Guarda, A	2.114		*		Fisterra	34,9		*		Vilanova de Arousa	56,2	*	*	
Foz	2.008		*		Muxía	32,8		*		Fisterra	56,2		*	
Ribeira	1.954	*	*		Pino, O	29,8			*	Santiago de Compostela	53,8	**		*
Vilanova de Arousa	1.888	*	*		Muíños	28,8				Bergondo	53,5		*	
Pontevedra	1.874	**	*		Baiona	27,1	*	*		Cambados	48,3	*	*	
Bergondo	1.751		*		Bergondo	26,4		*		Miño	37,8		*	
Viveiro	1.697	*	*		Arzúa	25,5			*	Oleiros	37,5	*	*	
Fisterra	1.652		*		Lobios	24,1				Pobra do Caramiñal, A	35,8		*	
Oleiros	1.640	*	*		Carnota	23,5		*		Bueu	35,8	*	*	
Ribadeo	1.622		*		Samos	22,1			*	Barreiros	34,1		*	
Muxía	1.592		*		Cenlle	21,7				Corcubión	33,4		*	
Ourense	1.583	**			Cervantes	21,6				Ares	31,7		*	
Muros	1.565		*		Miño	21,1		*		Sada	29,3		*	
Arzúa	1.563			*	Guarda, A	21,0		*		Ribeira	28,4	*	*	
Oia	1.515		*		Foz	20,2		*		Vilagarcía de Arousa	27,1	*	*	
Cee	1.498		*		Cee	19,9		*		Meaño	26,5		*	
Porto do Son	1.457		*		Veiga, A	19,0				Cee	26,1		*	
Ferrol	1.398	**	*		Illa de Arousa, A	19,0		*		Pontevedra	25,6		*	
Pino, O	1.384			*	Trabada	18,7		*		Muros	21,5		*	
Palas de Rei	1.372			*	Mezquita, A	18,7				Foz	20,0		*	
Miño	1.246		*		Malpica	18,3		*		Ourense	18,7	**		
Vilagarcía de Arousa	1.198	*	*		Vilanova de Arousa	18,2	*	*		Oia	18,2		*	
Carballo	1.164	*	*		Muros	17,8		*		Ferrol	16,9	**	*	
Pobra do Caramiñal, A	1.164		*		Entrimo	17,4				Malpica	16,5		*	
Cambados	1.131	*	*		Laxe	17,1		*		Padrón	16,0	*		
Portomarín	1.122			*	Mañón	16,8		*		Pontevedra	15,8	**	*	
Bueu	1.102	*	*		Teixeira, A	16,5				Viveiro	15,5	*	*	
Malpica	1.008		*		Ribadeo	16,3		*		Porto do Son	15,4		*	
Teo	1.008	*			Sarria	16,1	*		*	Ribadeo	14,9		*	

Carnota	953		*		Pantón	16,0				Cabanas	14,8		*	
Illa de Arousa, A	942		*		Porto do Son	15,7		*		Laxe	14,3		*	
Valdoviño	876		*		Arnoia, A	15,6				Ribadumia	14,3		*	
Melide	873			*	Gudiña, A	15,4				Rábade	13,8			
Caldas de Reis	858				Vicedo, O	15,3		*		Redondela	13,7	*	*	
Boiro	825	*	*		Chandreja de Queixa	15,2				Carballiño, O	13,6	*		
Sada	806		*		Ribeira de Piquín	15,2				Moaña	13,6	*	*	
Tui	798				Poio	15,1	*	*		Carnota	13,4		*	
Padrón	775	*			Nigrán	14,9	*	*		Camariñas	13,2		*	
Arteixo	770	*	*		Baños de Molgas	14,5				Muxía	13,1		*	
Pobra de Trives, A	760				Nogueira de Ramuín	14,0				Teo	12,7	*		
Pontedeume	750		*		Meaño	13,8		*		Marín	12,6	*	*	
Carballiño, O	740	*			Fonsagrada, A	13,7				Caldas de Reis	12,6			
Meaño	736		*		Corcubión	13,6		*		Noia	12,1	*	*	
Silleda	720				Cabanas	13,5		*		Tui	11,7			
Redondela	713	*	*		Valdoviño	13,3		*		Sarria	11,7	*		*
Vilalba	707				Cabana de Bergantiños	12,7		*		Pontecesures	11,2	*		
Narón	704	*	*		Camariñas	12,5		*		Vilaboa	10,8		*	
Camariñas	680		*		Pobra do Caramiñal, A	12,3		*		Narón	10,5	*	*	
Culleredo	638	*	*		Santiago de Compostela	12,3	**		*	Pino, O	10,5			*
Ortigueira	592		*		Melide	11,6			*	Ribadavia	10,5			
Monforte de Lemos	584	*			Taboadela	11,2				Culleredo	10,3	*	*	
Ares	580		*		Covelo	11,0				Arzúa	10,1			*
Cabana de Bergantiños	554		*		Viveiro	10,9	*	*		Valdoviño	9,9		*	
Laxe	528		*		Dumbría	10,6		*		Portomarín	9,7			*
Allariz	528				Ares	10,3		*		San Cibrao das Viñas	9,6			
Burela	522		*		Monfero	10,2				Boiro	9,5	*	*	
Mondariz-Balneario	516				Sobrado	10,2				Pobra de Trives, A	9,0			
Pedrafita do Cebreiro	511			*	Castro Caldelas	10,1				Soutomaior	8,9		*	
Fonsagrada, A	503				Ortigueira	9,9		*		Cenlle	8,8			
Outes	496		*		Quiroga	9,9				Melide	8,6			*
Negreira	490				Vilarmaior	9,5				Triacastela	8,4			*
Moaña	478	*	*		Pontedeume	9,4		*		Betanzos	8,3	*	*	
Estrada, A	476				Baleira	9,3				Arteixo	8,2	*	*	
Marín	462	*	*		Nogais, As	9,2				Arnoia, A	7,6			
Noia	450	*	*		Padrón	9,2	*			Rianxo	7,6		*	
Rianxo	448		*		Bueu	9,1	*	*		Porriño, O	7,2	*		
Cabanas	447		*		Cuntis	9,0				Lugo	7,0	**		
Guitiriz	446				Allariz	8,8				Meis	6,9			
Porriño, O	441	*			Caldas de Reis	8,7				Palas de Rei	6,9			*
Lalín	438	*			Capela, A	8,7				Taboadela	6,5			
Muíños	436				Lourenzá	8,5				Carballo	6,3	*	*	
Lobios	432				Mondoñedo	8,4				Allariz	6,1			
Cuntis	429				Silleda	8,3				Cabana de Bergantiños	5,5		*	

Triacastela	428			*	Negueira de Muñiz	8,2				Cariño	5,5		*	
Folgo do Courel	425				Cangas	8,1	*	*		Cuntis	5,4			
Pantón	411				Cambados	8,1	*	*		Catoira	5,1		*	
Cedeira	406		*		Guitiriz	8,1				Outes	5,0		*	
Vilaboa	399		*		Paradela	7,6				Valga	5,0	*	*	
San Cibrao das Viñas	381				Outes	7,6		*		Pedrafita do Cebreiro	4,9			*
Ponteareas	379	*			Meis	7,6				Parada de Sil	4,8			
Verín	364	*			Punxín	7,6				Cedeira	4,8		*	
Meis	364				Monterroso	7,5				Rúa, A	4,7			
Cañiza, A	346				San Cibrao das Viñas	7,3				Mos	4,6	*		
Ponteceso	343		*		Ribeira	7,2	*	*		Cambre	4,4	*	*	
Barco de Valdeorras, O	341	*			Vilariño de Conso	7,2				Vedra	4,4			
Ames	338	*			Negreira	7,1				Silleda	4,3			
Ordes	336				Leiro	7,1				Negreira	4,3			
Quiroga	328				Pontenova, A	6,8				Ames	4,2	*		
Dumbría	325		*		Vilaboa	6,6		*		Barco de Valdeorras, O	4,0	*		
Mondoñedo	311				Cervo	6,6		*		Muños	4,0			
Cervantes	307				Cañiza, A	6,6				Vilarmador	3,9			
Parada de Sil	300				Cariño	6,5		*		Verín	3,9	*		
Samos	297			*	Rairiz de Veiga	6,5				Ponteceso	3,7		*	
Nogueira de Ramuín	285				Bande	6,1				Cervo	3,6		*	
Cervo	283		*		Ponteceso	6,1		*		Vicedo, O	3,5		*	
Ribadumia	281		*		Vilamartín de Valdeorras	6,0				Baños de Molgas	3,5			
Monterroso	277				Sober	5,9				Fene	3,4	*	*	
Covelo	276				Cedeira	5,9		*		Barbadás	3,3	*		
Ponte Caldelas	274				Boimorto	5,8				Cañiza, A	3,3			
Outeiro de Rei	272				Manzaneda	5,7				Gondomar	3,2		*	
Chantada	271				Santiso	5,7				Punxín	3,2			
Vicedo, O	267		*		Ribadumia	5,5		*		Ponte Caldelas	3,1			
Vimianzo	265		*		Burela	5,5		*		Lourenzá	3,0			
Ribadavia	264				Teo	5,5	*			Ponteareas	3,0	*		
Cariño	259		*		Outeiro de Rei	5,4				Leiro	3,0			
Cenlle	255				Carballiño, O	5,3	*			Monforte de Lemos	2,9	*		
Vila de Cruces	251				Pobra do Brollón, A	5,3				Nogueira de Ramuín	2,9			
Cerdedo-Cotobade	247				Sada	5,3		*		Pantón	2,9			
Mos	247	*			San Amaro	5,2				Neda	2,9	*	*	
Gondomar	241		*		Ribadavia	5,2				Mañón	2,8		*	
Baños de Molgas	236				Baltar	5,1				Brión	2,8			
Mañón	233		*		Ribas de Sil	5,1				Dodro	2,8		*	
Vedra	231				Piñor	5,0				Ortigueira	2,8		*	
Soutomaior	223		*		Mazaricos	5,0				Arbo	2,8			
Corcubión	217		*		Becerreá	5,0				Oroso	2,7			
Brión	212				Forcarei	4,9				Barro	2,7			
Tomiño	210		*		Xermade	4,9				Dumbría	2,6		*	
Trabada	209		*		Ponte Caldelas	4,9				Paderne	2,6		*	

Gudiña, A	209				Viana do Bolo	4,9				Lobios	2,6			
Entrimo	206				Vilalba	4,9				Trabada	2,5	*		
Laracha, A	205		*		Begonte	4,8				Pereiro de Aguiar	2,5			
Monfero	203				Bóveda	4,8				Entrimo	2,4			
Betanzos	202	*	*		Abadín	4,8				Monterroso	2,4			
Mazaricos	201				Rábade	4,7				Folgo do Courel	2,2			
Valga	201	*	*		Tui	4,7				Mondoñedo	2,2			
Oroso	194				Oleiros	4,7	*	*		Samos	2,2		*	
Mezquita, A	193				Vila de Cruces	4,7				Covelo	2,2			
Lourenzá	190				Vedra	4,6				Ordes	2,1			
Xinzo de Limia	189				Cortegada	4,5				Portas	2,1			
Sobrado	188				Castrelo do Val	4,5				Moraña	2,1			
Cambre	179	*	*		Catoira	4,5		*		Rosal, O	2,1		*	
Forcarei	174				Arbo	4,4				Mugardos	2,0		*	
Veiga, A	172				Incio, O	4,4				Teixeira, A	2,0			
Rúa, A	170				Boiro	4,4	*	*		Outeiro de Rei	2,0			
Mondariz	163				Paderne	4,2		*		San Amaro	2,0			
Taboadela	163				Montederramo	4,2				Tomiño	2,0		*	
Pontenova, A	158				Xunqueira de Ambía	4,2				Coles	1,9			
Arnoia, A	158				Cerdedo-Cotobade	4,0				Mondariz	1,9			
Pereiro de Aguiar	153				Navia de Suarna	4,0				Capela, A	1,9			
Catoira	149		*		Rianxo	4,0		*		Cortegada	1,9			
Begonte	148				Monterrei	3,9				Vilalba	1,9			
Pontes de García Rodríguez, As	148				Bolo, O	3,8				Mezquita, A	1,9			
Viana do Bolo	146				San Cristovo de Cea	3,8				Pontedeva	1,7			
Becerreá	143				Rúa, A	3,8				Estrada, A	1,7			
Paradela	141				Carballo	3,7	*	*		Laracha, A	1,6		*	
Sober	139				Campo Lameiro	3,7				Vila de Cruces	1,6			
Friol	133				Ríós	3,7				Sobrado	1,6			
Castro Caldelas	131				Boborás	3,7				Chantada	1,5			
Santa Comba	128				Vimianzo	3,6		*		Carral	1,5			
Rois	125				Dodro	3,6		*		Guitiriz	1,5			
Saviñao, O	123				Lama, A	3,6				Castro Caldelas	1,5			
Arbo	120				Mondariz	3,6				Boimorto	1,4			
Baleira	120				Valadouro, O	3,5		*		Xinzo de Limia	1,4			
Boimorto	119				Irixoa	3,5				Vimianzo	1,4		*	
Vilarmador	119				Carballedo	3,5				Vilar de Santos	1,4			
Abadín	119				Friol	3,5				Santiso	1,4			
Leiro	113				Vilar de Santos	3,4				Celanova	1,4			
Cospeito	112				San Xoán de Río	3,4				Salceda de Caselas	1,4			
Capela, A	111				Valga	3,4	*	*		Rois	1,3			
Corgo, O	108				Laza	3,3				Lalín	1,3	*		
Vilamartín de Valdeorras	106				Sarreaus	3,3				Salvaterra de Miño	1,2			
Nogais, As	106				Alfoz	3,3				Gudiña, A	1,2			
Monterrei	103				Chantada	3,2				Vilamartín de Valdeorras	1,2			
Paderne	103		*		Castroverde	3,2				Rairiz de Veiga	1,2			
Dodro	102		*		Gomesende	3,2				Monfero	1,2			
Barbadás	101	*			Saviñao, O	3,2				Begonte	1,2			
Xove	101		*		Vilagarcía de Arousa	3,2	*	*		Paradela	1,2			

Barro	100				Xunqueira de Espadanedo	3,2				Pontenova, A	1,2			
Bande	99				Noia	3,1	*	*		Cerdedo-Cotobade	1,2			
Oza-Cesuras	93				Monforte de Lemos	3,1	*			Ribeira de Piquín	1,2			
Xermade	93				Vilar de Barrio	3,1				Fonsagrada, A	1,1			
Santiso	93				Soutomaior	3,1		*		Xove	1,1		*	
Celanova	92				Corgo, O	3,1				Piñor	1,1			
Rosal, O	91		*		Xove	3,0		*		Meira	1,1			
Pobra do Brollón, A	91				Sandiás	3,0				Cervantes	1,1			
Fene	90	*	*		Meira	3,0				Campo Lameiro	1,1			
Lama, A	89				Pontedeva	3,0				Mazaricos	1,1			
Boborás	87				Carballeda de Valdeorras	3,0				Sober	1,0			
Moraña	87				Trasmiras	2,9				Quiroga	1,0			
Castroverde	86				Brión	2,8				Forcarei	1,0			
San Cristovo de Cea	86				Barro	2,7				Bande	1,0			
Rairiz de Veiga	86				Rois	2,7				Xunqueira de Ambía	1,0			
Ribeira de Piquín	84				Ordes	2,7				Boborás	1,0			
Curtis	84				Guntín	2,6				Nogais, As	1,0			
Zas	79				Verín	2,6	*			San Cristovo de Cea	0,9			
Carballedo	79				Oroso	2,6				Gomesende	0,9			
Salvaterra de Miño	77				Quintela de Leirado	2,6				Crecente	0,9			
Chandrexa de Queixa	75				Toques	2,6				Xunqueira de Espadanedo	0,9			
Pontecesures	75	*			Coruña, A	2,5	**	*		Monterrei	0,9			
Coles	74				Barco de Valdeorras, O	2,5	*			Amoeiro	0,9			
Touro	74				Pontecesures	2,5	*			Becerreá	0,8			
Bóveda	73				Moaña	2,5	*	*		Bóveda	0,8			
Guntín	73				Pereiro de Aguiar	2,5				Lama, A	0,8			
Carral	73				Arteixo	2,4	*	*		Peroxa, A	0,8			
Incio, O	73				Redondela	2,4	*	*		Cospeito	0,8			
Rábade	72				Lobeira	2,4				Alfoz	0,7			
Valadouro, O	71		*		Coles	2,4				Ribas de Sil	0,7			
Neda	70	*	*		Crecente	2,4				Curtis	0,7			
Campo Lameiro	69				Cospeito	2,4				Sandiás	0,7			
Baña, A	67				Lugo	2,4	**			Baleira	0,7			
Maceda	64				Estrada, A	2,3				Irixoa	0,7			
Val do Dubra	62				Pontevedra	2,3	**	*		Abegondo	0,7			
Xunqueira de Ambía	60				Peroxa, A	2,3				Corgo, O	0,7			
Castro de Rei	59				Porriño, O	2,3	*			Baña, A	0,7			
Piñor	59				Beariz	2,2				Trasmiras	0,7			
Riós	59				Moeche	2,2				Boqueixón	0,7			
San Amaro	58				Maceda	2,2				Valadouro, O	0,6		*	
Alfoz	58				Lalín	2,2	*			Touro	0,6			
Abegondo	58				Culleredo	2,1	*	*		Santa Comba	0,6			
Teixeira, A	56				Vigo	2,1	**	*		Maceda	0,6			
Punxín	54				Curtis	2,1				Merca, A	0,6			
Meira	52				Ferrol	2,1	**	*		Saviñao, O	0,6			

Manzaneda	52				Moraña	2,0				Oza-Cesuras	0,6			
Cortegada	51				Touro	2,0				Abadín	0,6			
Crecente	50				Xinzo de Limia	1,9				Pontes de García Rodríguez, As	0,6			
Ribas de Sil	50				Mesía	1,9				Zas	0,6			
Pastoriza, A	50				Baña, A	1,9				Veiga, A	0,6			
Mesía	50				Fornelos de Montes	1,9				Val do Dubra	0,6			
Lousame	50	*			Marín	1,9	*	*		Carballedo	0,6			
Boqueixón	49				Laracha, A	1,8		*		Xermade	0,6			
Baltar	49				Oza-Cesuras	1,8				Moeche	0,6			
Salceda de Caselas	49				Narón	1,8	*	*		Viana do Bolo	0,5			
Irixoa	48				Calvos de Randín	1,7				Lousame	0,5	*		
Portas	48				Gondomar	1,7		*		Baltar	0,5			
Carballeda de Valdeorras	48				Zas	1,7				Sarreaus	0,5			
Trazo	47				Páramo, O	1,7				Riós	0,5			
Navia de Suarna	46				Celanova	1,7				Pobra do Brollón, A	0,5			
Castrelo do Val	46				Merca, A	1,7				Quintela de Leirado	0,5			
Laza	44				Ponteareas	1,7	*			Incio, O	0,5			
Peroxa, A	43				Mos	1,6	*			Vilamarín	0,5			
Taboada	42				Pastoriza, A	1,6				Castroverde	0,5			
Vilar de Barrio	42				Portas	1,6				Coirós	0,5			
Baralla	41				Val do Dubra	1,6				Guntín	0,5			
Sarreaus	40				Betanzos	1,6	*	*		Mesía	0,5			
Vilariño de Conso	40				Baralla	1,6				Trazo	0,5			
Coristanco	39				Tomiño	1,5		*		Neves, As	0,5			
Trasmiras	38				Amoeiro	1,5				Friol	0,5			
Cerceda	38				Ourense	1,5	**			Manzaneda	0,5			
Sandiás	38				Trazo	1,5				Chandrexa de Queixa	0,4			
Bolo, O	36				Taboada	1,5				Bola, A	0,4			
Amoeiro	34				Lousame	1,5		*		Bolo, O	0,4			
Montederramo	32				Vilamarín	1,4				Vilar de Barrio	0,4			
Fornelos de Montes	32				Rosal, O	1,4		*		Beariz	0,4			
Merca, A	32				Pontes de García Rodríguez, As	1,4				Toques	0,4			
Agolada	31				Somozas, As	1,4				Fornelos de Montes	0,4			
Toques	30				Neda	1,4	*	*		Castrelo do Val	0,4			
Neves, As	30				Santa Comba	1,4				Ramirás	0,3			
San Sadurniño	29				Porqueira	1,3				Cerceda	0,3			
Vilar de Santos	29				Agolada	1,3				Castro de Rei	0,3			
Vilamarín	28				Muras	1,2				Páramo, O	0,3			
Moeche	27				Castro de Rei	1,2				San Xoán de Río	0,3			
Mugardos	26	*			Carral	1,2				San Sadurniño	0,3			
Gomesende	25				Boqueixón	1,2				Baralla	0,3			
Páramo, O	24				Bola, A	1,1				Lobeira	0,3			
Xunqueira de Espadanedo	24				Ames	1,1	*			Taboada	0,3			
Beariz	22				Abegondo	1,1				Pastoriza, A	0,3			
Antas de Ulla	21				Antas de Ulla	1,0				Coristanco	0,3			

Frades	21				San Sadurniño	1,0				Petín	0,3			
Lobeira	20				Vilasantar	1,0				Pazos de Borbén	0,3			
Láncara	20				Barbadás	0,9	*			Frades	0,3			
Rodeiro	19				Ramirás	0,9				Porqueira	0,3			
San Xoán de Río	19				Coirós	0,9				Negueira de Muñiz	0,2			
Negueira de Muñiz	18				Petín	0,9				Padrenda	0,2			
Pontedeva	17				Frades	0,9				Montederramo	0,2			
Quintela de Leirado	16				Cerdido	0,9				Somozas, As	0,2			
Somozas, As	16				Avión	0,8				Carballeda de Valdeorras	0,2			
Coirós	16				Salvaterra de Miño	0,8				Agolada	0,2			
Avión	15				Padrenda	0,8				Laza	0,2			
Calvos de Randín	14				Cerceda	0,8				Antas de Ulla	0,2			
Bola, A	14				Neves, As	0,8				Vilasantar	0,2			
Ramirás	14				Láncara	0,7				Vilarinho de Conso	0,2			
Padrenda	14				Rodeiro	0,7				Cerdido	0,2			
Pazos de Borbén	13				Cambre	0,7	*	*		Navia de Suarna	0,2			
Vilasantar	12				Fene	0,7	*	*		Esgos	0,2			
Porqueira	11				Coristanco	0,6				Carballeda de Avia	0,2			
Cerdido	10				Esgos	0,6				Láncara	0,2			
Carballeda de Avia	8				Carballeda de Avia	0,6				Calvos de Randín	0,1			
Muras	8				Rubiá	0,5				Avión	0,1			
Rubiá	8				Salceda de Caselas	0,5				Rodeiro	0,1			
Petín	8				Mugardos	0,5		*		Rubiá	0,1			
Esgos	7				Pazos de Borbén	0,4				Riotorto	0,1			
Aranga	6				Ourol	0,4				Melón	0,1			
Ourol	4				Riotorto	0,3				Aranga	0,1			
Riotorto	4				Aranga	0,3				Muras	0,0			
Melón	3				Melón	0,2				Ourol	0,0			
Maside	0				Cualedro	0,0				Dozón	0,0			
Tordoia	0				Tordoia	0,0				Castrelo de Miño	0,0			
Irixo, O	0				Vilardevós	0,0				Paderne de Allariz	0,0			
Dozón	0				Dozón	0,0				Maside	0,0			
Larouco	0				Larouco	0,0				Blancos, Os	0,0			
Paderne de Allariz	0				Maside	0,0				Pol	0,0			
Verea	0				Oímbra	0,0				Toén	0,0			
Castrelo de Miño	0				Irixo, O	0,0				Irixo, O	0,0			
Toén	0				Beade	0,0				Cartelle	0,0			
Blancos, Os	0				Castrelo de Miño	0,0				Oímbra	0,0			
Vilardevós	0				Pol	0,0				Vilardevós	0,0			
Beade	0				Paderne de Allariz	0,0				Verea	0,0			
Cualedro	0				Verea	0,0				Larouco	0,0			
Pol	0				Cartelle	0,0				Cualedro	0,0			
Oímbra	0				Toén	0,0				Tordoia	0,0			
Cartelle	0				Blancos, Os	0,0				Beade	0,0			